Pese á relevancia de factores, como son a historia dos movementos sociais ou as características dos diferentes municipios, o personalismo que alcanza o goberno municipal en Galicia determinará que o talante das persoas que gobernan sexa tamén un factor decisivo á hora de poñer en marcha políticas de participación. Vimos como os principais partidos políticos presentes na comunidade mostran sensibilidades moi diferentes fronte á participación, que van desde os que fomentan o asociacionismo e crean estruturas de participación aos que carecen dese marco participativo e entenden a participación dunha forma máis relacional ou incluso persoal e clientelar. 

## Bibliografía

- ÁLVAREZ, X. (2003): *A rebelión municipal*. Vigo: Xerais.
- CERNADAS, A. (coord.) (2000): *Las Administraciones Públicas y sus nuevas técnicas de gestión. Especial referencia al ámbito local*. A Coruña: ENEGA.
- BLANCO, I. e GOMÀ, R. (coords.) (2002): *Gobiernos Locales y Redes Participativas*. Barcelona: Ariel.
- BOUZADA, X. (1995): «Galicia no país das asociacións», en *Cooperativismo e Economía Social*, nº 12, páx. 133-145.
- Concellaría de Participación Cidadá, Concello de Vigo (2001): *As Asociacións Cívicas e Comunitarias como potenciais xacementos de emprego na súa función de prestación de servizos á comunidade*.
- ELSTER, J. (2000): *La democracia deliberativa*. Barcelona: GEDISA
- FONT, J. (2001): *Ciudadanos y decisiones públicas*. Barcelona: Ariel
- GUTMANN, A. e THOMPSON, D. (1996): *Democracy and disagreement*. London
- GOMA, R. e SUBIRATS, J. (1998): *Políticas públicas en España*. Barcelona: Ariel.
- NAVARRO, C. (2002): *Democracia asociativa y oportunismo político*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- PATEMAN, C. (1970): *Participation and democratic theory*. Cambridge University.
- POSE, H. (1995): «Breve aproximación á problemática do asociacionismo non lucrativo», en *Cooperativismo e Economía Social*, nº 12, páx. 125-132.
- RIVERA, X. M. (coord.) (2003): *Os partidos políticos en Galicia*. Vigo: Xerais.
- SABUCEDO, X. M. et al. (1992): *Xuventude e política en Galicia*. Santiago: USC.
- SUBIRATS, J. et al. (2001): *Experències de participació ciutadana en els municipis catalans*. Barcelona. Generalitat de Catalunya.





NOTAS E

COMENTARIOS



# RESPONSABILIDADE E MORALIDADE NA XESTIÓN PÚBLICA

E. Kostka Fernández

Doutor en ciencia política e socioloxía  
pola Universidade Complutense de Madrid

Neste artigo analizamos dous valores frecuentemente mencionados entre a bibliografía norteamericana sobre a lexitimidade das organizacións públicas, aínda que escasamente mencionados pola doutrina continental: a responsabilidade e a moralidade. En primeiro termo referímonos á noción de responsabilidade e, a continuación, abordamos as diferenzas subliñadas pola literatura estadounidense entre a responsabilidade dos xestores públicos de carreira e a dos cargos públicos de designación política. En segundo lugar, referímonos ás vinculacións existentes entre moralidade e Administración pública. Especialmente detémonos na moralidade que se deriva das normas, en cómo a moralidade vincula os suxeitos da organización e nos argumentos que os autores estadounidenses sinalan para que as organizacións poidan chegar a converterse en axentes morais.

## 1. A responsabilidade na Administración Pública

En termos xerais, a noción de responsabilidade leva implícita a idea de que todo suxeito debe coñecer e aceptar as consecuencias que se derivan dun acto. Noutras palabras, a relación de causalidade que une o su-



xeito e o acto, e os efectos que del se derivan. Pero percibimos que tanto na práctica administrativa coma nas achegas teóricas sobre a Administración pública e o sector público, a determinación das responsabilidades que se derivan de actuacións públicas ou semipúblicas, non parecen ser facilmente atribuíbles.

Tradicionalmente a bibliografía continental sobre a responsabilidade das administracións públicas deulle maior relevo ao estudo da responsabilidade derivada dos actos administrativos ca a doutrina norteamericana. Normalmente estes traballos baseándose en fundamentos xurídicos, parten da diferenciación entre responsabilidade contractual e extracontractual ou entre responsabilidade civil e penal. En ambas correntes doutrinarias son escasos os estudos sobre a responsabilidade que asumen, ou deberan asumir, os xestores públicos de carreira e de designación política, polas decisións e accións que emprenden, en función das expectativas creadas e dos obxectivos conseguidos. Polo contrario, abundan as achegas teóricas sobre os mecanismos internos e externos de control das administracións públicas<sup>1</sup>. A finalidade destes mecanismos é asegurar o cumprimento dos obxectivos que se perseguen, así como das normas xerais de conduta e actuación.

Nas democracias occidentais a actividade controladora baséase no principio de submisión dos órganos administrativos á normativa xurídica, ben sexan normas constitucionais, lexislación parlamentaria ou decisións xudiciais. Tales mecanismos fundaméntanse no control da legalidade. Pero disto non podemos derivar que non existan outras actividades de control, xa que unha actuación respectuosa coa legalidade pode ser ao mesmo tempo incorrecta, ineficaz ou inoportuna, no dito caso a responsabilidade non se deriva da legalidade, senón do xuízo persoal de instancias xerárquicas superiores. De feito, na práctica, o control das actuacións administrativas atópase estreitamente vinculado ao principio da xerarquía. Deste derívase como orzamento básico o deber de obediencia e respecto ao órgano superior inmediato. En consecuencia, parece obvio, que sexa o superior xerárquico directo o que realice a actividade controladora e delimite as responsabilidades.

Así pois, existe pluralidade de controis sobre as actividades das administracións públicas, pero o normal é que o control dos cargos públicos de designación política, se realice en función dunha responsabilidade persoal ou política, pola xestión dos órganos administrativos que del dependen. Como a miúdo se sinala, «o control é particularmente intenso sobre

---

<sup>1</sup> Entre os mecanismos de control interno, adoitan diferenciarse os de carácter xeral: a inspección ou os derivados da xerarquía, e aqueles referidos a materias financeiras e contables. Os mecanismos de control externo, por excelencia, son o parlamentario e as institucións especializadas dentro da propia Administración.

os actos das autoridades nomeadas con criterios políticos»<sup>2</sup>, ao menos se se compara co exercido sobre os administradores públicos de carreira, ao non se encontrar sometidos a unha responsabilidade de tipo persoal.

### 1.1. Suxeito e natureza da responsabilidade

Calquera aproximación á responsabilidade das administracións públicas e do sector público require, en primeiro lugar, delimitar o suxeito ou obxecto de responsabilidade. Así, a responsabilidade pode facerse recaer sobre o administrador ou xestor público como suxeito, ou ben, sobre a Administración pública como organización e, polo tanto, como obxecto ou entidade xurídico-política. Neste ensaio centrámonos na responsabilidade do suxeito, isto é, na responsabilidade derivada das decisións e das accións dos xestores públicos. Como delimitamos ao inicio, distinguiremos entre a responsabilidade dos burócratas profesionais e a dos xestores públicos de designación política. Partimos da premisa de que se a orixe da lexitimidade que ambos os dous grupos de administradores sustentan é diferente, tamén pode selo, como así parece, o tipo de responsabilidade á que están suxeitos.

É preciso sinalar unha segunda delimitación á hora de referirse á responsabilidade das administracións, derivada da natureza da responsabilidade, xa que precisamos discernir entre responsabilidade de natureza xurídica, moral e política. A primeira, como parece obvio, non será obxecto de análise neste traballo<sup>3</sup>. Esta só pode ser analizada en función da normativa xurídica de cada nación e tal aproximación requiriría un estudo por si só. Referirémonos, pois, á responsabilidade moral e política.

A concepción moral da responsabilidade pode ofrecer un plan subxectivo e remitirnos á conciencia, así o fai Dostoievski ao afirmar que «todos somos culpables de todo», ou pode mostrar un plan obxectivo como é o caso de John Stuart Mill, ao sinalar, confundindo moral e política, que a responsabilidade moral pode ser obxectivada, xa que «un goberno pode ser xulgado pola súa acción sobre os homes, pola súa acción sobre as cousas [...], e pola bondade ou maldade da obra que realiza para eles e con eles»<sup>4</sup>.

<sup>2</sup> BAENA DEL ALCAZAR, Mariano: «Curso de Ciencia de la Administración» Tecnos, Madrid, 1985, páx. 343.

<sup>3</sup> A bibliografía norteamericana, ao igual que a continental, sobre responsabilidade xurídica dos funcionarios polos danos causados no exercicio das súas funcións, establece unha clara distinción entre responsabilidade civil e responsabilidade penal. Tales estudos parecen concordar en que un réxime de responsabilidade xurídica demasiado forte pode desalentar aos funcionarios ou incitalos á inacción.

<sup>4</sup> STUART MILL, John: *Considerations on Representative Government*, Liberal Arts, New York, (1ª edición 1861), 1958, páx. 28.

En canto á natureza política da responsabilidade, esta difire da moral en que permite ser xulgada a partir de resultados de actuación e non da intención implícita no acto. A formulación clásica de responsabilidade política débemosllas a Benjamin Constant, quen en 1815, no seu ensaio sobre a responsabilidade dos ministros, estableceu tres criterios a partir dos cales a responsabilidade política podía ser reclamada: fronte ao abuso de poder, fronte á censura dos ministros do monarca e fronte a aqueles funcionarios que obedecen ordes ilegais. En tales casos, sostén Constant, a responsabilidade política asóciase ao abandono do cargo. Nun sentido máis amplo e máis contemporáneo, a responsabilidade de natureza política supón responsabilidade fronte ao interese público e, teoricamente, ése responsable ante quen se recibiu o mandato, xa sexa fronte a un superior, se se trata dun administrador público de designación política ou fronte ao pobo soberano no caso das autoridades políticas.

Presumiblemente, só cabe falar de responsabilidade política se existe unha norma socialmente compartida e recoñecida, para avaliar a bondade das accións que lle afectan á comunidade sobre a que se dirixen: o principio da soberanía popular. Desta forma a responsabilidade política non só se xulga en función do interese público, senón que ademais é o propio público, en última instancia a través dunhas eleccións democráticas, o que avalía a responsabilidade.

### 1.2. A responsabilidade dos burócratas

A responsabilidade que aquí denominamos dos burócratas, tamén chamada responsabilidade administrativa, fai referencia á que se deriva de actos ou omisións imputables os funcionarios públicos de carreira, sen que se produza a intervención dos tribunais ordinarios. Tal responsabilidade ponse en práctica por medio de correccións disciplinarias, coma a suspensión de emprego e soldo, a privación do cargo, o traslado ou a perda de determinados dereitos adquiridos. A responsabilidade dos burócratas profesionais pode ser determinada a partir das funcións que acometen e, en xeral, considéraselles responsables só dunhas funcións claramente delimitadas. De feito, canto máis se baixa na xerarquía burocrática, máis fácil é coñecer os límites da responsabilidade e, pola contra, canto máis alto é o nivel no que queremos delimitar responsabilidades, máis difícil é a distinción entre execución lexislativa e exercicio da discrecionalidade.

Entre a bibliografía norteamericana parece existir consenso á hora de delimitar a responsabilidade dos administradores públicos de carreira como responsabilidade técnica<sup>5</sup>. Estes son responsables de cumprir as dis-

---

<sup>5</sup> Aínda que baixo diferentes denominacións, a idea de responsabilidade técnica atópase en autores como BURKE, *Bureaucratic Responsibility*, Johns Hopkins University

posicións constitucionais e lexislativas, de adoptar decisións de pouca importancia e de executar ordes emanadas de superiores. En tales casos o control que se exerce é interno e realízase a través da propia xerarquía burocrática e dos tribunais administrativos<sup>6</sup>. Carl Friedrich, iniciando en 1937 un camiño cheo de clasificacións entre a doutrina, describe cinco medios de control interno para delimitar as responsabilidades dos funcionarios públicos: medidas disciplinarias, medidas de promoción, medidas financeiras, medidas xudiciais e medidas do espírito do corpo, de claras connotacións relixiosas<sup>7</sup>. Herman Finer considera a responsabilidade administrativa un criterio obxectivo, ao apuntar que esta se atopa articulada nas constitucións, e que se enmarca no mandato dos representantes democraticamente elixidos, en sistemas de control xerárquicos. Emmette S. Redford referíndose á mesma idea pon de manifesto que as políticas son datos obxectivos e, polo tanto, a responsabilidade administrativa pódese avaliar obxectivamente. Nas súas propias palabras: «os servidores do público non están para decidir o seu propio curso; son responsables ante os representantes elixidos polo propio público»<sup>9</sup>.

Existe, pois, certo acordo en cualificar a responsabilidade dos burócratas como responsabilidade técnica, pero o consenso entre a doutrina americana non é tan claro á hora de determinar a causa da falta de responsabilidade entre os administradores públicos de carreira. Michael Har-

---

Press, Baltimore, 1986; John P.: GLENDON A. SCHUBERT, *The Public Interest: A Critique of the Theory of a Political Thought*, Free Press, Glencoe Ill., 1961; WALTER LIPPMANN, *Essays in the Public Philosophy*, Little, Boston, 1955.

<sup>6</sup> Ao igual que entre a doutrina continental, nas aproximacións bibliográficas norteamericanas, a responsabilidade da Administración pública vincúlase á idea de control e este, á súa vez, á noción de xerarquía. Este esquema vén describir o principio de que os superiores son responsables da corrección de funcionamento dos órganos inferiores. De forma especial, a bibliografía norteamericana centra os seus argumentos na capacidade de control, entendida como o ámbito da organización que pode ser controlado de maneira eficaz por un individuo. Existe tamén unha preocupación respecto a se os controis que se exercen sobre os funcionarios son os correctos ou non. De feito, é frecuente encontrar un capítulo dedicado aos posibles abusos dos funcionarios (falta de honestidade e ética, transgresión da lei, violación dos procedementos, etc.), seguido doutro capítulo no que se examinan os controis externos e internos. Tal é o caso, por exemplo, de Felix A. NIGRO e Lloyd G. NIGRO, *Administración Pública Moderna*, INAP, Madrid, 1981, caps. 21 e 22, páxs. 523570.

<sup>7</sup> FRIEDRICH, Carl J.: *Constitutional Government and Democracy: Theory and Practice in Europe and America*, Ed. Ginn, Boston, 1950, cáp. 19. Esta obra foi publicada por primeira vez en 1937 baixo o título de *Constitutional Government and Politics: Nature and development* e nela Friedrich realiza unha completa análise da responsabilidade política.

<sup>8</sup> FINER, Herman: «Administrative Responsibility in democratic government», en *Public Administration Review*, N° 1, páxs. 335350, 1941.

<sup>9</sup> REDFORD, Emmette S.: *Democracy in the Administrative State*, Oxford University Press, London, 1969, páx. 336.

mon apunta unha concepción de responsabilidade con claras connotacións de carácter xurídico: a responsabilidade «é unha noción legal que describe os premios e os castigos, asociados con obedecer ou desobedecer normas legais ou autorizadas»<sup>10</sup>. En realidade o que Harmon constrúe é un esquema xerárquico para o comportamento ético, que tomado como prescriptivo, subestima a importancia da aprendizaxe intersubxectiva. Ao igual que Max Weber, Harmon construíu un tipo ideal de acción, aínda que neste caso trátase dunha acción ética. Michael Harmon non explica a responsabilidade como a resposta que se lle debe dar a alguén como consecuencia dun acto, nin como o compromiso que un sente pola comunidade, o que o leva a xulgar as accións como coincidentes coas crenzas propias. Para Harmon, a responsabilidade pode determinarse por medio de principios xurídicos, pois os comportamentos e as accións emprendidas son avaliadas a partir de normas legais ou autorizadas<sup>11</sup>.

John Schaar describe aos administradores públicos de carreira como suxeitos desapaixonados e separados da fonte do coñecemento. Estes só teñen información relacionada coas funcións específicas da súa tarefa e esta concepción do coñecemento, convértese na visión da realidade que Schaar describe como banal e irresponsable. É irresponsable porque un coñecemento das partes implica falta do coñecemento do conxunto das razóns e consecuencias dos resultados da organización, polo tanto, os administradores públicos, conclúe Schaar, non son e non poden ser responsables<sup>12</sup>. Thomas Donaldson<sup>13</sup> fai recaer a causa da irresponsabilidade dos burócratas en factores organizativos, concretamente en problemas sistémicos na estrutura de adopción de decisións das organizacións públicas. A irresponsabilidade vén dada porque os procesos de adopción de decisións dependen de normas e non de persoas; segundo Donaldson a responsabilidade individual foi afastada das accións emprendidas. As recomendacións de Donaldson son claras: restaurar a responsabilidade individual, reinstituíndo a autoridade directa das relacións nas organizacións públicas e converter o proceso de adopción de decisións nun proceso persoal, humano e moralmente consciente<sup>14</sup>.

Boa parte da doutrina norteamericana, pública e privada, coincide en sinalar que a falta de responsabilidade das accións emprendidas polos

---

<sup>10</sup> HARMON, Michael M.: *Action Theory for Public Administration* Logman, New York, 1981, páx. 119.

<sup>11</sup> Idem, páx. 119.

<sup>12</sup> SCHAAR, John: *Legitimacy in the Modern State*, Transaction Books, New Brunswick NJ, 1980, páxs. 36-37.

<sup>13</sup> DONALDSON, Thomas, *Corporations and Morality*, Prentice-Hall, Englewood Cliffs NJ, 1982.

<sup>14</sup> Idem.

funcionarios encontra a súa orixe no marco cognoscitivo técnico-racional no que se encontran atrapados<sup>15</sup>. Pero isto non impide que naquelas «zonas» das organizacións públicas en que perviven modelos de comportamento administrativo weberiano, se manifeste unha responsabilidade baseada en criterios morais ou que se actúe de forma responsable no seo da comunidade; mais os administradores públicos que actúan de tal maneira, sostén a doutrina, fano estendendo as súas actuacións máis alá do que lles é requirido legalmente, de feito, o cumprimento destes orzamentos pode requirir certa vulneración de principios legais, ao establecer normas cognoscitivas individuais. Entendemos que o resultado desta actuación fóra do marco legal-racional xera dúas estruturas separadas, aínda que funcionando simultaneamente: unha, que se axusta ás expectativas legal-rationais e outra, paralela que cumpre os plans estratéxicos e os modelos de actuación establecidos pola autoridade. A reconciliación de ambas as dúas require, non só capacidade de xestión, senón tamén risco. Coñecida é a falta de incentivos nas organizacións públicas, ¿por que se van preocupar os administradores públicos pola existencia de dúas estruturas separadas de operación, cando isto no se atopa estipulado en ningún mandato? As consecuencias de tal situación son claras: a ambigüidade sobre a autoridade e a responsabilidade individual inhibe aos administradores públicos a adoptar decisións que impliquen risco ou a asumir un comportamento innovador na organización.

A predicción é, sen dúbida, unha das características intencionadas da autoridade legal-racional, as autoridades establecen normas e procedementos dentro dun modelo de comunicación que acentúa a impersonalidade e o empiricismo. Os administradores son elixidos sobre a base de criterios obxectivos de mérito e as súas posicións teñen competencias determinadas<sup>16</sup>. A responsabilidade da autoridade é compartida por un reducido grupo de participantes nos procesos de decisións, ou está «limitada a subministrar as máquinas con entrada de datos e materiais»<sup>17</sup>. Pero na práctica, as desviacións que se producen son controladas mediante a limitación da liberdade dos administradores, o que xira dentro dos límites do rutineiro. Os sentimentos e a visión predicible non entran en xogo na organización, os empregados creativos non teñen acceso aos centros de decisión, xeralmente formados por un grupo limitado de autoridades ás que é difícil acceder. O sistema prescribe a predicción e é

<sup>15</sup> Existe certa tendencia entre a doutrina, especialmente no sector privado, en identificar o modelo weberiano como imperante na organización pública. Os estudos da Administración pública entenden que a utilidade deste modelo é limitada.

<sup>16</sup> FREDRICH, Carl J.: 1963, op. cit., páx. 235.

<sup>17</sup> John SCHAAR, 1980, op. cit., páx. 34.

«glacialmente resistente a innovacións [...] impón as súas propias demandas e, sistematicamente, esconde información de todo tipo excepto de un: a relacionada coa supervivencia da organización»<sup>18</sup>.

Como acertadamente apunta Charles E. Lindblom, a racionalidade destes controis e a responsabilidade dos individuos usando a información é unha ilusión<sup>19</sup>, os individuos e os grupos ao ver limitada a súa capacidade de acceso a información, toman todas as decisións, ou indecisións, con información incompleta. Así pois, a doutrina norteamericana sinala dúas dificultades básicas coas que ten que facer fronte aos burócratas profesionais para actuar de forma responsable. Por un lado, as derivadas da ambigüidade entre a responsabilidade e a autoridade no exercicio das súas actividades e, polo outro, o marco cognoscitivo técnico-racional que preside unha parte das súas actividades. Pero a pesar destas dificultades, conclúe a doutrina, a determinación da responsabilidade dos burócratas dérívase facilmente das funcións que acometen, no seu caso claramente delimitadas, ao tratarse dunha responsabilidade técnica.

### 1.3. A responsabilidade dos xestores políticos

A bibliografía norteamericana aborda a responsabilidade dos que ocupan cargos de xestión pública de designación política, conxuntamente coa responsabilidade das autoridades electas, sen diferenciar entre políticos en sentido estricto, e cargos públicos de designación política. A responsabilidade, sostense, atópase expresamente establecida nas normas superiores<sup>20</sup>. A doutrina parece concordar en que a responsabilidade dos xestores públicos de designación política deriva das decisións e das accións en función das expectativas e dos obxectivos conseguidos. Fronte á responsabilidade técnica dos funcionarios, é unha responsabilidade de carácter persoal ou político.

Os argumentos expostos parecen confirmar que os cargos públicos de designación política están sometidos a unha responsabilidade que na práctica, á marxe da xurídica que puidera existir, non vai máis alá da po-

---

<sup>18</sup> Idem.

<sup>19</sup> LINDBLOM, Charles E.: *The Policy Making-Process*, Prentice-Hall, Englewood Cliffs NJ, (segunda edición), 1980; SIMON, Herbert A.: *Administrative Behavior: A study in Decision-Making Process in Administrative Organization*, The Free Press (terceira edición), New York, 1976; ARROW, Kenneth J.: *The Limits of Organization*, W.W. Norton and Company, New York, 1974.

<sup>20</sup> No caso norteamericano compételle ao Congreso a determinación de responsabilidades cando se trata de altos funcionarios de designación política. No sistema continental, pola contra, son os tribunais, xa sexan administrativos xa non os órganos competentes para delimitar as posibles responsabilidades personais, á marxe das políticas que poidan adoptar as cámaras.

lítica. Neste sentido, a responsabilidade das accións que acometen responde a criterios políticos e estes non teñen porque ser concordantes coa eficacia que se presupón deben acadar as organizacións. A súa responsabilidade consiste en render contas dos recursos que foron asignados aos programas. Trátase dunha responsabilidade derivada do exercicio de autoridade, que pretende asegurar o uso correcto dos recursos e da propia autoridade. Así pois, a función que cumpre a responsabilidade é a de «manter a actividade da organización dentro dos estándares previstos»<sup>21</sup>. Tal aproximación descobre dous problemas clásicos da Administración pública: o uso eficaz dos recursos e o abuso de poder.

Unha gran parte das discusións recentes sobre a responsabilidade dos cargos de designación política parten do dilema descrito. Algunhas propostas acúsanse de facer incompatibles as nocións de responsabilidade e eficacia<sup>22</sup>. Os atacados deféndense suxerindo que tal incompatibilidade se dilúe, se se entende a responsabilidade como constituída por dúas esferas: unha, preventiva-negativa e, outra, positiva-motivadora. Pero no que si parece existir acordo entre a doutrina é en que a responsabilidade e a eficacia poidan convivir como partes inherentes á xestión pública. A bibliografía parece concordar tamén en sinalar a debilidade dos mecanismos constitucionais de rendición de contas, o cal, entendemos, puido derivar en que este escepticismo sobre os instrumentos xurídico-políticos existentes se trasladara á lexitimidade destes. En xeral, os argumentos que se achegan achacan aos instrumentos xurídico-políticos de responsabilidade pola xestión, ao non atoparse fundamentados nas accións e decisións tomadas e nas consecuencias que se derivan destas, senón que os procesos de responsabilidade se limitan a garantir a legalidade das actuacións e o bo uso dos recursos financeiros.

As propostas de novos modelos de responsabilidade pola xestión deben facer fronte a unha dificultade que a miúdo as converte en simples operacións de maquillaxe política: a necesidade de que se adapten á normativa constitucional. Isto implica que as institucións de responsabilidade que se propoñen seguen sendo as mesmas, só se lles somete a cambios estruturais e funcionais, sen que teñan impacto sobre os comportamentos e sobre a súa responsabilidade. Pero estas dificultades acrécentanse polas peculiaridades intrínsecas das organizacións públicas: o seu tamaño, a súa diversidade e a súa complexidade. Para o cumprimento das súas funcións, este tipo de organizacións requiren frecuentemente a

<sup>21</sup> METCALFE, LES e RICHARDS, Sue: *La modernización de la gestión Pública*, INAP, Madrid, 1989, páx. 76.

<sup>22</sup> Esta será unha das críticas que se verterán contra o «management público» ao dar a entender que este e a responsabilidade na xestión pública son incompatibles.



interdependencia de distintos órganos administrativos, do mesmo e de distinto sector. É precisamente esta interdependencia e a complexidade estrutural, a que obstaculiza a delimitación das responsabilidades e a formulación de modelos de responsabilidade.

Ao inicio deste estudo definiamos a responsabilidade como a obrigada resposta que alguén lle ten que dar a un superior xerárquico e, no seu caso, á comunidade polos actos que realiza. Neste sentido, responsabilidade significa que aqueles que exercen o poder teñen que dar as razóns de por qué foron tomadas as decisións e de por qué se acometeron as accións. Entendemos que facer aos integrantes do proceso de adopción de decisións responsables é a xusta devolución da confianza que nós mostramos neles, ao outorgarlles a capacidade de autoridade. Pero, ao mesmo tempo, suxerimos un modelo de relacións de autoridade en que as accións sexan percibidas como eleccións, ao entender que este tipo de acción é máis defendible e que permite identificar a responsabilidade dos suxeitos. O recoñecemento do comportamento intencionado xera autorregulación porque require que un xustifique as decisións, ao menos para defender as eleccións fronte a outros. En definitiva, proxecta un desexo de asumir a responsabilidade polas decisións e polas accións.

Se os seres humanos tomamos decisións e facemos xuízos de valor das eleccións, se necesitamos xustificar as nosas vidas de acordo con algún criterio do ben, se a responsabilidade de un se estende á responsabilidade da comunidade parece lóxico esperar que os administradores públicos e os xestores públicos sexan responsables, non só para cumprir ou deixar de cumprir as normas, senón tamén do impacto das decisións que toman. Os dirixentes públicos necesitan certos dereitos para sentírense responsables da actuación da unidade que teñen ao seu cargo. Na actualidade, as políticas de persoal son tan prescritivas que operan como freo para a innovación e a toma de riscos por parte dos dirixentes públicos. A falta de capacidade para elixir ou rexeitar o persoal permítelles aos dirixentes administrativos evadir a responsabilidade pola actuación dos empregados. Os administradores públicos, ao igual que os executivos privados, necesitan autoridade para executar as súas tarefas; sen a autoridade, sería inxusto facelos responsables das súas decisións e, isto, representa un gran desafío para a práctica da Administración pública. As políticas internas átanlles as mans aos administradores públicos, ás teorías da Administración pública pídenselles milagres e espérase delas innovación, adherencia a modelos éticos e resposta ás demandas do público. Estas expectativas dos administradores públicos son ilusorias, por canto estes teñen pouco control sobre a actuación dos seus subordinados. Persoalmente, non desexariamos asumir a responsabilidade pública. Por exemplo, un instituto público de fomento de organizacións de axuda voluntaria; se non se nos permitira contratar, transferir ou despedir a quen sentiramos que non é

competente para as tarefas que se van desenvolver; se non se nos permitira formar e desenvolver aos empregados en formas que os beneficiarían a eles e á organización e, se non se nos permitira asignar tarefas e establecer parámetros de actuación cando o consideremos necesario. Se, e só se, estes dereitos nos foran estendidos, sentiríamnos responsables pola actuación e pola produtividade do ente público ao que prestamos os nosos servizos.

Entendemos que, en xeral, os sistemas de responsabilidade se atopan desacreditados e coincidimos con Les Metcalfe e Sue Richards en sinalar que «a man morta da responsabilidade ministerial é o exemplo máis importante de deterioro e obsolescencia»<sup>23</sup>. Interpretamos as deficiencias nos sistemas de responsabilidade derivadas do feito de que están encamiñados unilateralmente a asegurar o exercicio responsable e eficaz da autoridade pública e non das consecuencias, positivas e negativas, que se desprenden do exercicio desa autoridade. A responsabilidade pola xestión na práctica política e administrativa foi desvirtuada de tal forma que xa non proporciona parámetros a partir dos cales operar. O seu impacto real, tanto no ámbito administrativo coma político, parece quedar reducido a unha mera rendición de contas. Na actualidade, a responsabilidade non significa outra cousa que o acto formal de ter que xustificar e explicar as decisións e as actuacións, sen que disto se deriven consecuencias, xa sexan de carácter positivo xa negativo.

A responsabilidade pública pola xestión obviamente debe basearse na rendición de contas, pero isto non nos parece suficiente. Requírese, ademais, que as respostas que se vertan como xustificación das accións e decisións adoptadas poidan ser avaliadas en relación con estándares ou parámetros establecidos e en función das expectativas existentes. En adición, consideramos que o deseño de novas institucións de responsabilidade na Administración pública e no sector público debería, en primeiro lugar, reflectir a diversidade organizativa e, en segundo, facer fronte ao desafío de equilibrar os compoñentes positivos e negativos da responsabilidade.

## 2. Moralidade e Administración Pública

Calquera aproximación á moralidade, entendida como a ciencia que trata do ben, en xeral, e das accións humanas a partir da súa bondade cara a malicia, debe partir do recoñecemento de que se trata dun terreo do subxectivo, isto é, que non pertence ao campo dos sentidos senón ao do entendemento ou da conciencia. Tradicionalmente a idea moral derívase

<sup>23</sup> METCALFE, Les e Richards, SUE 1989, op. cit., páx. 82.

de principios filosóficos que se admiten como xustos; pero esta pode ser considerada en, dous aspectos distintos: como ciencia do costume o como ciencia dos deberes. Esta segunda acepción da moral é a que lle interesa de modo especial ao estudoso da ciencia da Administración<sup>24</sup>.

Os administradores e os xestores públicos, ao igual que o resto dos cidadáns, posúen ideas ou intuicións para discernir entre o ben e o mal que pode haber nas súas actuacións, pero tal capacidade non é aplicable á determinación da bondade ou maldade das consecuencias que se derivan das actuacións. Uniformidade nas normas e nas regulacións, autoridade impersoal, responsabilidade difusa e pensamento reducionista teñen profundas implicacións na calidade moral das decisións autorizadas. Epistemoloxicamente, non é posible conceptualizar sen avaliar e vulgar e, como sinala Hazel Barnes, todo xuízo implica un contido moral<sup>25</sup>, a propia cuestión ¿que deberíamos facer? recoñece a necesidade de xustificación, ao menos individual, e esta, alternativamente, terá maior ou menor valor. Negar a capacidade de valorar unha acción é negar a existencia de eleccións individuais, xa que nós ineludiblemente avaliamos en relación a elas. Hazel Barnes sinala claramente: «o home existe nunha situación, pero internaliza esa situación e outórgalle un particular significado e unha específica significación»<sup>26</sup>. A diferenciación e a integración de situacións acadan valor e significado co tempo; o momento non é a única dimensión significativa do tempo, os seres humanos son capaces de transcender o momento e imaxinar o futuro.<sup>27</sup>

---

<sup>24</sup> Diferentes autores recollen esta concepción da ética pública, entre outros: CHAPMAN, Richard A.: *Ethics in Public Service for the New Millenium*, Ashagate Publishing, Londres, 2000; COOPER, T. L.: *Handbook of Administrative Ethics*, New York, 2000. DENHARDT, Kathryn G. *The Ethics of Public Service: Resolving Moral Dilemas in Public Organizations*, Greenwood, New York, 1988; F. Thompson, DENNIS: *La Ética Política y el Ejercicio de Cargos Políticos*, Ed. Gedisa, 1999; RAZ, Joseph: *La Ética en el Cambio Público*, Ed. Gedisa, 2001; Rodríguez- Arana Muñoz, Jaime: *Principios de Ética Pública. Corrupción o Servicio*, Ed. Montecorvo, Madrid, 1993; González Pérez, Jesús: *La Ética en la Administración Pública*, Cívitas, Madrid, 1996; Izquierdo, Agustín: *Ética y Administración*, Ed. Alianza, Madrid, 1997. Do mesmo xeito, esta concepción estivo presente nas Xornadas sobre ética pública, que tiveron lugar en 1997 en Madrid organizadas polo Instituto Nacional de Administración Pública.

<sup>25</sup> Thomas Donaldson, 1982, op. cit.; Michael M. Harmon, 1981, op. cit.; Hezel E. Barnes, *An Existentialist Ethics*, Alfred A. Knopf, New York, 1967.

<sup>26</sup> BARNES, Hezel E., Op. cit., 1967, páx. 74.

<sup>27</sup> Non se trata dunha particular concepción existencial, Michael M. Harmon, 1981, op. cit.; BERGER, Peter L. e LUCKMAN, Thomas: *The Social Construction of Reality: A Treatise in the Sociology of Knowledge*, Anchor Books, Garden City, NY, 1967; MEAD, George. H.: *Mind, Self, and Society: From the Standpoint of Social Behaviourist*, Charles W. MORRIS (comp.), The University of Chicago Press, Chicago, 1974; Jaques, ELLIOTT: *A General Theory of Bureaucracy*, Hasted Press, New York, 1976.

De forma reiterada, a doutrina norteamericana utiliza a crise dos mísiles de Cuba como exemplo para demostrar a importancia dos valores morais que configuran a personalidade dos administradores públicos. Os autores aducen que na decisión final adoptada os argumentos morais foron combinados coas consideracións estratéxicas. Do mesmo xeito, entendemos que os administradores e os xestores públicos, e especialmente os de designación política, na marxe de discrecionalidade que posúen no exercicio das súas actuacións reflicten xuízos de valor morais, ou o que é o mesmo, a discrecionalidade permite que opten por determinadas preferencias en función de criterios morais.

### 2.1. A moralidade das normas

O seguir normas ditadas ou códigos para situacións dadas, ¿pode ser considerado un comportamento moral? ¿Son máis morais os modelos externos que as nosas decisións subxectivas? Sempre dependerá do grao de conciencia de por qué un segue as normas, incluso as normas éticas. Non seremos críticos cos movementos relixiosos, xa que as súas normas son presumiblemente a orde moral máis alta e, en calquera caso, en xeral establecen modelos de comportamento predicible. O comportamento ¿é un hábito ou é o curso preferido dunha acción? Se é meramente un hábito os seguidores só terán que aprender a seguir ao líder, non a xulgalonin a decidir se seguilo ou non, e a adhesión incondicional e inconsciente aos líderes é inmoral e probablemente imposible en condicións normais<sup>28</sup>.

Se tomamos a autoridade legal-racional como unha teoría normativa, esta ofrece unha descrición clara do contido dunha «decisión boa». De feito, prodúcese a institucionalización da conformidade do que constitúe «bondade», pero a pesar do seu carácter normativo, as estruturas de decisión que concordan coa normativa, resultan ser en realidade unha negociación complexa. Se as normas e as regulacións son percibidas como obxectos externos e alleos a un, se a responsabilidade das accións se percibe como un sistema de recompensa e castigo á marxe dun mesmo, sen dúbida, estamos falando dun tipo particular de racionalidade e de realidade obxectiva, determinada por «a todo comprensiva racionalidade» dos seres humanos. Non necesita proba de erro nin adicionais interpretacións Kenneth J. Arrow demostrou convincentemente que é imposible que as normas e as regulacións cubran todos e cada unha das situacións que poden xurdir ou todas as variables posibles dentro dunha situación que parece requirir a aplicación dunha norma. Polo

---

<sup>28</sup> O nacemento da reflexión ética aplicada á Administración pública atribúeselle a John Rorh en 1978, data da publicación do libro *Ethics for Bureaucrats*.

tanto, conclúe acertadamente, nunca nos podemos liberar do xuízo moral e crer que si o podemos facer, é mentirnos a nós, o que, por si mesmo, constitúe un acto inmoral<sup>29</sup>.

Tomar refuxio no mundo das convencións establecidas non significa un comportamento conscientemente inmoral, trátase do mero acto de busca de modelos fóra dun, como garantía de que se toma a decisión correcta. Con todo, é un acto de autoengano porque un ten que convencerse de que non existe decisión moral na decisión que toma. Un existencialista describiría isto como un paradoxo da vida: «todas as miñas accións implican eleccións. Incluso cando eu non escollo explicitamente como, de feito, non o fago na meirande parte dos casos as miñas accións son testemuños dunha implícita elección»<sup>30</sup>. O psicólogo Richard Farson desconcertaba aos seus estudantes ao comezo das clases afirmando que «todos os actos son un acto político» porque incluso a non elección, é a elección de non elixir.

Propúxose que os modelos de profesionalidade, os códigos éticos e a opinión popular, por exemplo a relixión, teñen outro criterio de comportamento moral, neste caso internalizado pola socialización. Tales modelos percíbese obxectivamente como racionais, no sentido que son guías de cómo se debe actuar pero unha vez máis a responsabilidade das accións derívase cara a outras esferas.

«A mellor forma de definir un código de ética é consideralo unha afirmación de criterios aceptables de comportamento para os funcionarios da Administración. Este código pode estar exposto nun estatuto ou, simplemente, en distintas regulamentacións dos departamentos, ou ben nunha resolución lexislativa. Sirve o propósito de establecer claramente para os funcionarios e para o público en xeral o que é un comportamento aceptable»<sup>31</sup>.

Con frecuencia argumentábase contra os códigos de ética que non é posible a lexislación da moralidade de forma contraria, os seus defensores argumentan que as sociedades organizadas sempre o fixeron así. Outra obxección existente contra os códigos de conduta fai referencia a que non se pode esperar que os principios morais dos funcionarios sexan maiores ca os do público en xeral. De feito, parece existir unha relación de carácter dobre entre os criterios de conduta respecto aos asuntos públicos e a aqueles que prevalecen na comunidade en xeral. Se a opinión pública non se sente excesivamente preocupada con consideracións de carácter ético,

<sup>29</sup> ARROW, Kenneth J.: 1974, op. cit.

<sup>30</sup> BARNES, Hezel E.: 1967, op cit. páx. 49.

<sup>31</sup> EISENBERG, Ralph: *Conflicts of Interest Situations and Remedies*, Rutgers Law Review, N° 4, 1959, páx. 672, citado por Nigro, L. G. e Nigro, F.A.: «Administración Pública Moderna», INAP, Madrid, 1981, páx. 540.

isto reflectiríase no comportamento de moitos funcionarios públicos. Pola contra, se estes últimos dan exemplo da alta integridade, presumiblemente, levará a que se eleven os niveis do público en xeral.

O dereito, a lei e as normas non son suficientes para regular as actuacións dos administradores públicos, especialmente cando é preciso integrar eficacia e legalidade na xestión. De aí a importancia de delimitar os ámbitos do dereito e da ética<sup>32</sup>, e a necesidade dunha ética pública positiva, baseada en principios socialmente aceptados, universalmente aceptados, que sirvan de guía para o exercicio da función pública, fronte a unha ética pública negativa baseada exclusivamente na enumeración negativa do que non hai que facer. Como sinala Jaime Rodríguez-Arana, «os principios éticos para la acción administrativa non deben ser contemplados como restricións para la actividade pública»<sup>33</sup>, senón como garantías dunha xestión máis responsable, máis transparente, máis eficaz e moralmente aceptable.

O marco ético e a opinión pública son datos obxectivos para avaliar, xunto coas normas e as regulacións, os principios xerais da acción. Se un invoca unha norma conscientemente, pode tratarse dun acto moral se coa norma invocada tratamos de corrixir unha acción ilexítima, pero as consecuencias potencialmente inmorais das normas fixadas maniféstanse na separación existente entre administradores e administrados. O principio de que todos os administrados deben ser tratados igualitariamente, asume que non son iguais, de forma que se forza a igualdade en individuos que non son iguais e que necesitan atención persoal ás súas idiosincrasias. Orion White era consciente disto cando sinalou que as normas e as regulacións son construídas predominantemente polas capas sociais medias e reflicten intrinsecamente os valores destas, polo que con frecuencia, non se corresponden cos valores dos individuos aos que, presumiblemente, terían que servir<sup>34</sup>. En adición, as prescricións universais e indiscriminatorias ao tratar a todos da mesma forma, omiten e destrúen as calidades peculiares e pluralistas de certas comunidades. O propio sentido de responsabilidade do funcionario é produto do seu historial, por isto resultan esenciais as prácticas selectivas para admitir persoal. Ningún código ético terá moito impacto sobre unha persoa que ao longo da súa vida, ou durante bastante tempo, estivo convencida de que o home intelixente non permite que a súa conciencia interfira cos métodos que utiliza para lograr os seus obxectivos.

<sup>32</sup> MEILÁN GIL, José Luis: «Ética Pública y formación de los funcionarios», *Revista Galega de Administración Pública*, 1994

<sup>33</sup> RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Jaime: *La Ética en la Administración Pública*, Ed. Dykinson, Madrid, 1996.

<sup>34</sup> WHITE, Orion F. Jr.: *The dialectical organization: An alternative to bureaucracy*, *Public Administration Review*, N° 1, 1969, páxs. 32-42.

## 2.2. As organizacións como axentes morais

Desde algunhas posicións doutrinais afirmase que as organizacións están pensadas para especializarse na produción, e que, polo tanto, atópase á marxe de temas políticos, sociais ou morais<sup>35</sup>. Deste modo, as organizacións só necesitan xustificar as súas accións en termos de eficiencia económica. A formulación é clara: as organizacións satisfan os desexos individuais e os individuos son moralmente autosuficientes. Coincidimos con John Schaar ao sinalar que tal concepción se corresponde cunha sociedade na que a moralidade do grupo se ve relegada pola exaltación do individual. Schaar deplora cómo as sociedades occidentais se converteron en pouco máis que o terreo no que os individuos desafían ou usan aos concidadáns para obter ganancia en que o Estado sucumbe aos intereses privados<sup>36</sup>. As organizacións son membros da comunidade local e da comunidade superior, pero o seu agrisado *status* como axentes morais, permítelles interpretar os requirimentos legais. A defensa de que as organizacións son ferramentas económicas, neutrais, eficientes e libres de valores, implica que as ditas organizacións non teñen que asumir, ou incluso respectar, os ideais colectivos.

Como ben apunta Thomas Donaldson, a xente espera que as organizacións sexan responsables polo seu comportamento inmoral e sostén que as organizacións privadas teñen o «deber de recoñecer modelos que transcenden as leis»<sup>37</sup> e achega un caso xurídico referido a unha industria xaponesa para apoiar as súas afirmacións:

«A compañía vertera mercurio no océano, sabendo que representaba un perigo para os residentes. O mercurio contaminou os peixes locais e máis tarde acumulouse nos corpos dos residentes locais que comeron o peixe contaminado. Moitos anos despois a acumulación desencadeou unha explosión de malformacións de nacemento. Chisso non vulnerara ningunha lei. Durante todo o proceso estivo convencida de que os niveis de emisión estaban dentro dos principios legais do goberno xaponés, aínda que se recoñeceu que tales principios eran inadecuados. Argüindo en nome das vítimas, os fiscais sostiveron que a pesar de facer honor das precisións legais, Chisso desatendera as súas obrigas morais. O tribunal estivo de acordo, e esforzouse a Chisso a pagar elevadas indemnizacións»<sup>38</sup>.

Thomas Donaldson leva a cabo a ambiciosa tarefa de establecer cómo e por qué as organizacións privadas chegan a ser axentes morais. As súas conclusións son relevantes para este ensaio porque os administradores

---

<sup>35</sup> Donaldson, Thomas 1982, op. cit. páx. 75.

<sup>36</sup> Schaar, John 1980, op. cit. páx. 31.

<sup>37</sup> Donaldson, Thomas 1982, op. cit., páx.1.

<sup>38</sup> Idem., páxs. 1-2.

públicos poderían ser axentes morais. Pero Thomas Donaldson sostén que «para ser considerado como axente moral, unha organización necesitaría encarnar un proceso moral de adopción de decisións»<sup>39</sup>. Tal proceso require, en primeiro lugar, a capacidade para usar razóns morais no proceso de adopción de decisións e, en segundo, a capacidade do proceso de adopción de decisións para controlar, non só os actos manifestos da organización, senón tamén a estrutura latente das políticas e das normas<sup>40</sup>. Donaldson pretende elevar as operacións das organizacións, «por riba do nivel de [...] simples máquinas»<sup>41</sup> os axentes morais deben estar capacitados para proporcionar razóns morais do que fan e non simplemente entender as causas de por qué o fan. Unha vez incorporados os criterios morais, segundo Donaldson, a propia estrutura interna permitiralles ás organizacións asumir a responsabilidade polos comportamentos<sup>42</sup>.

Entendemos que a conciencia de ser membro dunha comunidade é o precursor da noción de moralidade a civilización só é civil cando a xente entende a importancia dos costumes compartidos. As organizacións aínda que se consideren membros da comunidade, non toman decisións, tómanas os seus dirixentes, de aí que estes deban expandir as preocupacións dos procesos de decisións máis alá dos intereses monetaristas. Neste sentido, as organizacións teñen a obriga de defender, cumprir e promover as crenzas morais da súa comunidade. Jaime Rodríguez-Arana descríbeo con claridade:

Es precisamente en el seno de estas organizaciones humanas donde se hace necesaria la recuperación de los valores éticos como referentes de su actuación. Las estructuras económicas y políticas son instrumentos al servicio del hombre, como también la Administración Pública debe promover los derechos fundamentales y hacer posible un ambiente de calidad y eficacia en el marco de la legalidad y del servicio público. Cuando se pierde de vista el carácter instrumental de las instituciones y los únicos aspectos que sobresalen son los mercantiles, entonces la lucha por los derechos fundamentales del hombre no puede menos que experimentar un claro retroceso<sup>43</sup>.

De acordo co sinalado, as organizacións son, ou deberían ser, organizacións morais e isto faise máis patente nas institucións públicas, de aí a relevancia do estudo e a análise da «ética pública», posto que contribúe de forma efectiva a reforzar a lexitimidade e a promover a transparencia

<sup>39</sup> Idem., páx. 30.

<sup>40</sup> Idem.

<sup>41</sup> Idem. páx. 30.

<sup>42</sup> Idem.

<sup>43</sup> RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Jaime 1996, op. cit.




Coa finalidade de proporcionar –segundo se pretende en esencia ao formular a proposta de revisión da LDCG– determinadas solucións específicas aos problemas xurídicos propios da realidade social galega actual, ao noso xuízo, resulta imprescindible –como tamén tivemos oportunidade de sinalar noutra serie de escritos– proceder a realizar, en primeiro lugar e, como é lóxico, con carácter previo á concreción das mencionadas solucións un contraste entre as vellas necesidades específicas que se presentaron en Galicia e as que hoxe en día se manifestan, intentando contestar da forma máis rigorosa e veraz posible a unha serie de cuestións básicas, como son, por exemplo, as seguintes: ¿cales foron e cales son esas necesidades?; ¿que é o que cambiou e como cambiou?; ¿que é o que se mantivo e como se mantivo?

Para isto entendemos que nun sistema xurídico privado, como é o galego, no que o costume ocupa –e á que, polo menos de momento, aínda se lle está outorgando– un papel fundamental, resulta imprescindible –o que non parece terse feito– que participen no debate á parte de xuristas, como é evidente, tamén expertos noutras ramas do saber económico e social; especialmente antropólogos sociais que, mediante os seus coñecementos contrastados, a través dos seus estudos de campo poidan axudar a clarificar as cuestións formuladas, que posúen un carácter interdisciplinario que, sen lugar a dúbidas, resulta evidente.

Con carácter indicativo, os diversos problemas xurídicos típicos da realidade socioeconómica galega –aos que segundo algúns autores tería que darlle resposta o dereito civil propio de Galicia, concibido antes que como un conxunto asistemático de institucións, como proxección dun sistema institucional subxacente que pretende darlles resposta aos mencionados problemas–, poderían sistematizarse, en opinión dos mencio-

nados autores, de acordo cos seus propios principios informadores, nas tres categorías seguintes: a) Goce e aproveitamento do solo rústico: arrendamentos rústicos, rústicos históricos e parcerías; b) Cotitularidade de bens: montes veciñais en propiedade colectiva, agros/agras ou vilares e serventías; c) Conservación do patrimonio familiar, tanto en vida do seu titular coma na sucesión *mortis causa*, asentándose a súa regulación sobre a institución da casa e do petrucio: casos da compañía familiar galega, o usufruto universal do cónxuxe viúvo, a apartación, a mellora de labrar e posuír, a delegación da facultade de mellorar, o testamento conxunto, e o retracto de graciosa.

Tamén entre os mencionados problemas interesa resaltar especialmente un moi grave, que vén arrastrándose desde antigo nesta comunidade, para o que non xa os xuristas –que nas materias ás que o dito problema afecta intentaron buscar solucións, en moitas ocasións enxeñosas, coa finalidade de atenuar as súas graves consecuencias–, senón os propios políticos –aínda tratándose dunha cuestión de evidente política lexislativa– que non parecen terse molestado en intentar encontrar unha solución urgente.

Referímonos ao que, acertadamente, foi cualificado como o mal endémico do campo en Galicia, é dicir, o minifundio, cuxa capacidade para xerar multitude de preitos de variada natureza e notable importancia resulta evidente: por exemplo, preitos relativos a servidumes de paso; a cuestións atinentes a deslinde e amolloamento de fincas; sobre división e partición de herdanzas; aqueles nos que se cuestionan as distancias observables na plantación de árbores, etc.

#### 4. Observacións referidas ao contido das propostas de reforma actualmente formuladas

##### 4.1. Sobre a conservación das institucións e figuras xurídicas contidas na LDCG

Fronte á que parece presentarse como coincidencia en canto á forma en que, con carácter xeral, se entende que debe levarse a cabo a revisión da lei, con todo, maniféstanse algunhas diferenzas apreciáveis en determinadas cuestións puntuais moi concretas entre as propostas formuladas pola comisión superior e as discutidas no seo do Congreso de dereito galego.

O indicado pode constatare perfectamente, por exemplo, en referencia ás institucións que se considera deben ou non ser conservadas, cuestión esta que, polo demais, non resulta en absoluto novidosa e que aínda permanece aberta, como se pode apreciar perfectamente a través do estado –en ningún caso pacífico– en que o tema se atopa na doutrina.

Neste sentido, mentres que na proposta de revisión da lei, elaborada pola comisión superior, se opta, segundo sinalan os seus proponentes, por manter inalterado en todos os seus aspectos o contido da LDCG no relativo ás institucións e figuras xurídicas que contén, durante a realización do congreso formulouse algunha proposta de eliminación concreta, nalgún caso, non sen certas contradicións como, por exemplo, ocorreu entre as súas propias seccións (primeira e segunda, respectivamente) en relación á posible regulación da veciñanza civil.

Realmente significativa resulta a xustificación que en torno á concreta proposta sinalada aduce a comisión superior nas súas «*consideracións de índole xeral sobre a LDCG*».

Coa finalidade de defender a subsistencia de todas as institucións e figuras xurídicas contidas na lei, a citada comisión indica as seguintes razóns: «a necesidade de respectar a tradición xurídica propia»; a conveniencia de manter unha continuidade que eludise a falsa imaxe que está á busca dun dereito civil propio»; e, «ao feito de que, desde a promulgación da lei, os tribunais tiveron a oportunidade de resolver conflitos que afectan a boa parte do articulado da citada disposición legal», existindo nalgúns casos «sentenzas que resolvían conflitos referentes a figuras ou institucións sobre as cales se cuestionaba, en ocasións non sen certa ironía, a súa subsistencia e a oportunidade da súa regulación pola lei».

Polo que ás dúas primeiras razóns achegadas pola comisión se refire, cabe sinalar que da súa lectura parece traslucirse unha certa preocupación por xustificar –reafirmándoa– a existencia certa dun dereito civil propio de Galicia, constatable en opinión da comisión a partir dunhas determinadas institucións e figuras xurídicas que foron recollidas na lei e que, por isto, se pretenden manter nela.

A dita suposta preocupación tamén dá impresión de engadirse –precisamente a consecuencia dos termos nos que se formula a segunda das razóns e, especialmente, a partir da frase «que eludise a falsa imaxe dunha lexislación que está á busca dun dereito civil propio»– o que cualificaríamos, en expresión un tanto particular e en determinada medida como encuberto, pero, á vez, latente «sentido de inferioridade histórico-xurídico asumido» que se cadra poderíase atopar unha explicación na consciencia xa sinalada da situación histórico-xurídica certamente desoladora –aínda non totalmente clarificada ou en determinados aspectos, aínda pendente de clarificación– pola que, fronte aos dereitos propios doutras comunidades históricas do Estado español, veu atravesando o agora propiamente denominado dereito civil e Galicia.

A terceira das razóns indicadas –resolución de conflitos sobre institucións e figuras xurídicas galegas, cuestionadas ou non– tamén cremos que permite realizar diversas observacións.

A primeira delas, concrétese na confirmación da que en diversos escritos cualificabamos como importante labor xurisprudencial, realizado polos xuíces e tribunais que veñen operando nesta comunidade, un labor que, nalgúns ocasións, segundo tivemos a oportunidade de poñer de manifesto, foi moito máis alá da súa suposta función e chegou a traspasar a mera aplicación da lei.

Outra posible observación que tamén se pode realizar ao fío da intervención xurisdiccional refírese á dobre interpretación que cabe extraer do recoñecemento práctico –entendido como confirmación– de determinadas figuras ou institucións cunha posible existencia que resultou cuestionada por algún sector determinado da doutrina.

O recoñecemento xurisprudencial de tales figuras –non moi amplo en canto ao número de sentenzas ditadas polo que a algunhas das ditas figuras e institucións se refire– por unha parte, permitiría rebater as críticas que lle fixo á lei un sector da doutrina, considerándoa como norma que contén institucións de tipo fundamentalmente rural, desfasadas en relación ao momento actual, e supostamente extinguidas; por outra, induce a cuestionarse se tal recoñecemento xurisprudencial particularizado das ditas figuras –que, segundo os membros da comisión, confirmaría a súa plena vixencia– realmente identifícase en todos os casos, non só coa figura ou institución concreta de que se trata, senón tamén co seu espírito e coa función para a que teoricamente xurdiu; ou esta máis ben, en realidade, o único que fai é manter a súa denominación nominal, pero sen que se corresponda coa súa auténtica esencia, contido, espírito ou función.

Novamente nestes casos parece facerse necesaria a colaboración de historiadores e antropólogos sociais coa finalidade de poder determinar coa maior exactitude posible en qué e cómo tramitaron as ditas transformacións e cambios, se é que estes realmente se produciron.

Obsérvese que nos estamos referindo a transformacións substanciales (substantivas), introducidas por vía xurisprudencial ao realizar o recoñecemento ou a constatación (xurisprudencial) das figuras ou institucións de que se trate, o que é totalmente distinto de todos aqueles outros supostos nos que, partindo das figuras ou institucións xurídicas de que se trate, consideradas desde a súa auténtica esencia, contido e función realmente orixinarios, se pretende a súa modificación e desenvolvemento pola vía das canles legalmente establecidas (canles normais) e a partir de esquemas propiamente constitucionais coa finalidade de poder adaptar as ditas figuras e institucións, se isto resulta posible e conveniente, ás novas necesidades do momento presente.

Desde estas premisas, novamente se volven formular determinadas cuestións especialmente interesantes.

#### 4.2. Sobre a modificación das institucións e figuras xurídicas contidas na LDCG

Polo que á modificación se refire, os membros da tantas veces citada Comisión superior para o estudo e desenvolvemento do dereito civil de Galicia propuxeron con carácter xeral que, partindo da xa aludida conservación de todas as institucións e figuras xurídicas que contén a LDCG, se intente corrixir o que fora conveniente e resolver as dúbidas de interpretación que suscita o texto vixente, eludindo deste xeito, segundo se di, calquera conflictividade que puidera obedecer a unha deficiente regulación legal.

O termo modificación identifícase na proposta de reforma formulada polos membros da comisión, polo tanto con «eliminación ou supresión» –de determinados defectos, segundo se di, de redacción, de coordinación ou de incorrección técnico-xurídica de diversos preceptos da lei, perfectamente constatables e cumpridamente postos de manifesto pola doutrina– e tamén, nunha interpretación que cremos discutible, con «aclaración» de dúbidas suscitadas, segundo se indica, a consecuencia dalgúns erros ou omisións apreciables na lei, en relación con determinados aspectos esenciais desta-; pero non se identifica con «transformación», que, ao noso xuízo, habería que entender fundamentalmente en referencia aos cambios que se solicitaron introducir –sobre todo durante a recente realización do III Congreso de dereito galego– respecto a determinadas figuras xurídicas propias, como por exemplo ocorre, entre outros, nos casos da compañía familiar galega, das serventías ou do vitalicio, que agora se pretenden «revitalizar» e «reutilizar», ao adaptalas convenientemente ás novas necesidades e problemas que se presentan actualmente.

En relación a este último sentido –que, ao noso xuízo, propiamente cabería presentar como outro máis dos posibles nos que se pode concretar o termo xeral «modificación», sen prexuízo de que en determinados aspectos puntuais, determinadas transformacións tamén puidesen implicar en certa medida un «desenvolvemento»–, ao que, como se acaba de sinalar, non se alude na proposta de reforma da LDCG, elaborada pola comisión superior que a redactou, probablemente xiran as cuestións xurídicas máis interesantes.

O interese e a dificultade que ofrece o proceso de transformación que se está intentando operar en torno a determinadas institucións ou figuras antigas –que cualificamos de «revitalización» ou «recuperación»– coa finalidade de proceder a adaptalas para poder cubrir novas necesidades que se presentan na actualidade, resulta evidente para calquera xurista.

Tomando como posible referencia paradigmática unha figura enormemente controvertida, conflictiva e de complexa problemática, que durante moitos anos foi presentada por un sector da doutrina galega como

sinal de identidade do dereito foral galego, a denominada compañía familiar galega, pode observarse o agora indicado.

En atención á vixente regulación normativa desta institución –que cabería cualificar como ampla e minuciosa (arts.100 a 111 da LDCG), así como substancialmente semellante á contida na antiga Compilación de 1963 coa diferenza resaltable fronte a esta, que se concreta na introdución do principio de liberdade de forma en relación á súa constitución– os membros do relatorio da sección segunda do Congreso de dereito galego consideraron que esta se atopa desfasada, posto que nela se toma como referente, desde unha realidade eminentemente rural e agropecuaria, á tradicional familia agrícola galega, o que, na súa opinión, non se corresponde coa situación actual, en que o tipo predominante se identifica co esquema da familia urbana.

A partir destas consideracións, os membros do relatorio da sección propuxeron reformar o articulado da lei no referente á configuración da institución, das súas causas de modificación e extinción, así como tamén solicitar –en proposta presentada como voto particular, que foi aprobada non sen certa discusión e discrepancias internas entre os membros do relatorio da sección, e que posteriormente se acordou estendela tamén a todas aquelas institucións do dereito galego relativas ao matrimonio– a ampliación da compañía familiar galega en canto aos seus posibles integrantes, ademais de aos unidos por vínculo matrimonial, ás denominadas parellas de feito ou situacións asimilables ao matrimonio.

Tales propostas de modificación, sen lugar a dúbidas, translocen unha manifesta preocupación por intentar regular a que se entende como nova realidade social, pero estas presentan, tanto na figura xurídica que agora nos ocupa, así como noutras, un importante reto xurídico, que, en ningún caso, se atopa exento de notables dificultades.

Antes de asumir o dito reto probablemente fose necesario –e isto resultaría aplicable non só á compañía familiar galega, senón tamén a todas aquelas outras institucións ou figuras xurídicas antigas que se pretenden transformar– formularse dúas cuestións básicas, ás que resulta necesario contestar sincera e mesuradamente: ¿debe efectivamente, é dicir, resulta necesario –case se podería dicir que imprescindible– asumir o dito reto de transformación da institución de que se trata porque as novas necesidades sociais así o esixen?; e, no caso de que a resposta a dita pregunta fose afirmativa, ¿pode servir ou axudar a transformación da institución que se propón para solucionar realmente esas novas necesidades sociais presentadas?; ¿en que condicións se debe afrontar esa transformación para que se poida levar a cabo con suficiente rigor e garantías?

Todo isto porque, por unha parte, non se debe esquecer que o dereito, loxicamente, debe procurar regular as necesidades da realidade concreta á que serve, intentando resolver os problemas que nesta real-



mente se presenten, o que non debe implicar que este se deba de adiantar sen fundamento nin razón suficiente, certa e constatada, á dita realidade social –cando esta aínda non variará, nin nela se albisquen trazas suficientes de cambio–, condicionando e adaptando, no caso contrario, o natural desenvolvemento da dita realidade a determinados intereses meramente particulares ou de grupo.

Por outra parte, na nosa opinión, tampouco debe de esquecerse algo que se cadra por obvio adoita darse xeralmente por suposto, a necesidade dunha coherencia na citada reforma, no caso de que esta se estimase e constataste como conveniente, procurando determinar coa maior precisión xurídica posible –sempre polos xuristas, que é aos que, pola súa posición autorizada de coñecedores do dereito corresponde– os aspectos en que esta se debe concretar, xa que cando as propostas normativas se realizan dunha forma moi xeral –como, ao noso xuízo, ocorreu, por exemplo, coa proposta de ampliación da compañía familiar galega en canto aos seus posibles integrantes, ademais de aos unidos por vínculo matrimonial, ás denominadas parellas de feito ou en situación asimilable ao matrimonio–, sen matizar ou concretar determinados aspectos importantes que, nun determinado momento e contexto, resulta necesario precisar, pódese correr un grave risco e conducir a resultados desastrosos, xuridicamente falando, se é que non se ten o debido coidado.

Neste sentido, é de supoñer que tanto para levar a cabo a revisión con carácter xeral como para proceder á correspondente transformación, entendida como modificación, desenvolvemento ou ampliación de determinadas figuras xurídicas ou institucións tradicionais –se é que esta se entende como necesaria e conveniente, reiteramos unha vez máis– con carácter particular, sempre e en todo caso, deberán tomarse en consideración os denominados principios informadores do dereito galego e isto, simplemente, porque, como xa se indicou, o conxunto institucional que integra o dereito civil propio de Galicia non se debe concibir como un conxunto asistemático de institucións, senón como proxección dun sistema institucional peculiar e propio que pretende darlle resposta a problemas típicos da realidade socioeconómica galega de acordo cos ditos principios informadores.

Resulta, polo tanto, evidente que os citados principios informadores –neste caso, do dereito galego– desempeñan un papel primordial en relación á xa citada conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil de Galicia. Pero, ¿cales son os ditos principios informadores?

Na nosa opinión, é esta unha cuestión transcendental á que aínda non parece que se lle dera unha resposta totalmente clara e terminante na doutrina, aínda a pesar de resaltarse continuamente a súa importancia.

Tales principios que informan o dereito galego –que non se procedeu a especificar polo de agora dunha forma concreta– adoita dicirse, son os

que informan as institucións e normas xurídicas galegas vixentes, xa sexa a través de leis ou de costumes e, aínda que en principio unicamente se utilizarían en función interpretativa e integradora do dereito galego, agora –especialmente a partir do III Congreso de dereito galego– tamén se pretende destacar e potenciar a súa función como fonte do dereito civil galego.

Segundo un sector da doutrina, os ditos principios informadores ou xerais do dereito galego, obteríanse directamente por indución das normas positivas vixentes e –engadimos nós– tamén dos costumes ou, en termos da proposición formulada no seo da sección primeira do recentemente realizado III Congreso de dereito galego, «tamén estarían radicados nas conviccións populares de carácter xurídico e básico», o cal nos volve colocar ante outra serie de cuestións, ao noso entender, particularmente interesantes, que xa tivemos ocasión de avanzar noutros escritos en referencia á parte relativa ao dereito de persoas e familia no dereito civil de Galicia.

En relación á citada materia sinalabamos que, para os efectos interpretativos e para unha mellor comprensión das institucións que na dita materia se conteñen na vixente LDCG, resulta necesario ter en conta que estas son indubidablemente tributarias de toda unha serie de expedientes ou «peculiaridades xurídicas» –aparecidas tras a promulgación do Código civil, á marxe de certos usos e costumes xa existentes, mediante as que se pretendeu, segundo se di, atenuar o duro dogmatismo do Código civil, intentando resolver determinadas necesidades sentidas dentro da peculiar estrutura económico-social galega, e foran elaboradas para isto, fundamentalmente, pola práctica notarial galega de forma indirecta ou fraudulenta-, que se encontran dirixidas a conseguir a indivisión do patrimonio familiar –identificado no texto legal cun carácter esencialmente rural e agrario-, tendentes a lograr a unidade da «casa» ou «lugar» –dotados dun específico e acentuado contido persoal e patrimonial-, que aparecen configurados como conceptos angulares e definitorios do dereito civil galego.

A correspondente revisión da LDCG que agora se propón e a conseguinte «revitalización» ou «recuperación» de determinadas institucións, como por exemplo ocorre no caso da compañía familiar galega e doutras figuras xurídicas para as que o cambio ou a readaptación que actualmente se formula –en definitiva, reforma– coa finalidade última de poder resolver a través delas determinadas necesidades e problemas que se presentan na actualidade, realízase nuns termos cualitativos moi concretos e determinados que, en certa medida, as afastan da súa particular estrutura e finalidade orixinaria, necesariamente debe conducir a un cambio na propia estrutura das institucións, do sistema e, finalmente, dos seus propios principios informadores ou xerais.

Resultará por conseguinte necesario preguntarse, por exemplo, cáles son, tras a correspondente revisión da LDCG, no caso de que esta se consume, as características do novo sistema institucional –suposta e necesariamente coherente– do dereito civil propio de Galicia e cáles son os –tamén neste caso, novos– principios informadores do citado dereito galego.

#### 4.3. Sobre o desenvolvemento do dereito civil propio de Galicia

Finalmente, aínda que tamén o sexa de maneira sucinta, resulta necesario referirse ás propostas formuladas en materia de desenvolvemento do dereito civil de Galicia, entendido como «desenvolvemento do dereito propio preexistente á Constitución» coas demais precisións realizadas *supra*.

En torno á dita función, un sector importante da doutrina galega sostivo que, ata o momento presente, o desenvolvemento realizado polo lexislador galego do seu dereito propio –no exercicio das competencias asumidas por este con carácter exclusivo no art. 27.4 do Estatuto de autonomía de Galicia– foi parcial e reducido –a diferenza do ocorrido noutras comunidades autónomas históricas españolas, tamén dotadas desas mesmas competencias exclusivas– respecto das posibilidades permitidas polo art.149.1 da Constitución española de 1978 no ámbito civil autonómico, posto que a referida posibilidade lexislativa encontraría o seu límite nas normas de aplicación xeral e directa contidas no indicado precepto constitucional *in fine*, sen que isto implique necesariamente –apoiándose na interpretación realizada polo Tribunal Constitucional con ocasión da formulación de determinados recursos de inconstitucionalidade, nas súas sentenzas 121/1992, do 28 de setembro; 182/1992, do 16 de novembro; 88/1993, do 6 de maio– a obriga por parte dos parlamentos autonómicos de ter que cingirse, no exercicio da súa capacidade lexislativa civil recoñecida constitucionalmente, exclusivamente ás institucións históricas ou consuetudinarias recollidas nas súas antigas compilacións de dereito civil foral ou especial, argumentándose ao respecto que «se ben as compilacións deben ser o punto de partida sen que o desenvolvemento dos chamados historicamente dereitos forais poida supoñer a súa extensión a institucións alleas, si é posible o complemento da regulación de institucións propias forais, o que poderá implicar a aplicación do réxime foral a institucións conexas coas privativas cando os principios forais e a realidade social do territorio foral impongan unha disciplina particular».

Para os efectos sistemáticos os membros da comisión superior estruturan en tres grandes grupos as normas que propoñen introducir coa finalidade de proceder a desenvolver o dereito civil de Galicia.

Nun primeiro grupo inclúen unha serie de preceptos que, segundo indican, encontraríanse dirixidos a integrar o réxime xurídico de figuras e institucións que xa aparecen reguladas na LDCG. Mediante os ditos preceptos, segundo din, pretenderíase, fundamentalmente, suplir as lagoas da lei, anticipándose a eventuais litixios posibles e dando criterios de solución para os xa presentados.

En relación ás normas incluídas neste primeiro grupo, os membros da comisión establecen, á súa vez, dous subgrupos: un no que se encontrarían incluídas as referidas ás institucións e figuras xurídicas contidas nos títulos I a VII da LDCG –como, por exemplo, as relativas á situación de ausencia non declarada, á regulación da servidume de paso, ao vitalicio, ás doazóns por razón de matrimonio–; outro, relativo ás normas referentes ás institucións e figuras xurídicas, neste caso, comprendidas no título VIII da lei, dentro do cal, á súa vez, establecen unha nova subdistinción, segundo o que consideran como dobre sentido posible atribuído neste á necesidade de integración, que se concretaría, respectivamente, por unha parte, nas normas ditadas para levar a cabo o desenvolvemento de materias non recoñecidas no Código civil –que, como xa se dixo, estarían comprendidas no citado título VIII– (complementación dos preceptos que regulan o testamento mancomunado, por exemplo) e, por outra, nas normas establecidas para realizar o desenvolvemento das materias –comprendidas, por suposto, no título VIII da lei– que, reguladas no Código civil, se atopasen tamén recollidas na LDCG; pero, neste caso, de forma incompleta, o que, en opinión dos membros da comisión, motivou a aparición dunha serie de dúbidas respecto á aplicabilidade ou non de determinados preceptos do Código civil (complementación dos preceptos que regulan as lexítimas e a partición, por exemplo).

Un segundo grupo atópase integrado por aqueles preceptos que tamén se pretenden incorporar no exercicio da función de desenvolvemento e que, segundo se indica, gardarían relación con materias que son obxecto de regulación na vixente LDCG, pretendendo estender nalgúns casos, segundo indican os seus proponentes, a regulación normativa a certas materias que garden relación directa ou indirecta coas que xa son obxecto de regulación como, por exemplo, na súa opinión, ocorre no caso das lexítimas, que conta cunha pretensión de regulación exhaustiva que fai conveniente incorporar a esta normas relativas á preterición e ao desherdamento.

Por último, establécese un terceiro grupo no que se inclúen todos aqueles preceptos nos que se leva a cabo unha ampliación normativa a novos ámbitos materiais, é dicir, no que atinxe a unha serie de materias que, sen encontrarse contempladas na LDCG, se considera que poderían ser incorporadas a esta ao abeiro das competencias que lle corresponden á Comunidade autónoma ou dos principios que informan o dereito civil

propio de Galicia como, por exemplo, ocorre no caso da protección de menores ou da autotutela, cunha solicitude de introdución na norma básica do ordenamento xurídico civil galego que tamén foi proposta no recentemente realizado III Congreso de dereito galego.

Ao fío da declaración de principios formulada en torno á proposta de desenvolvemento que se acaba de describir nos seus termos esenciais, tamén cabe realizar diversas matizacións.

Con carácter xeral, chama poderosamente a atención a circunstancia de que a referencia aos principios informadores do dereito civil propio de Galicia –cunha importancia e necesidade de toma en consideración que, para os efectos de levar a cabo a correspondente función de desenvolvemento do dereito civil propio, xa foi posta de manifesto *supra*– unicamente se realice en relación ao terceiro dos grupos de preceptos en que os seus proponentes estruturan as normas, das que propoñen a súa introdución.

É de supoñer que os ditos principios tamén deberán ser tomados en consideración ao redactar as demais normas integradas nos outros dous grupos restantes indicados pola comisión.

Por outra parte, tamén resulta necesario recordar que parte do denominado labor de integración que agora demandan os membros da comisión –dá a impresión de que indistintamente entendido como labor de desenvolvemento e tamén de modificación– e polos intervenientes no Congreso de dereito galego, en certa medida e no que parece presentarse como un proceso de desenvolvemento certamente atípico, paradoxalmente, xa foi, ao noso entender, realizada en parte polos diversos órganos xurisdiccionais que operan nesta comunidade.

Precisamente, coa finalidade de salvagardar a seguridade xurídica, cabe entender que as ditas precisións xurisprudenciais deberán necesariamente de ser tomadas en consideración ao levar a cabo a revisión da lei.

Á parte do sinalado e con independencia da máis que discutible posibilidade –desde esquemas netamente constitucionais– da pretendida extensión da regulación normativa a certas materias que garden unha relación só indirecta con outras determinadas materias que si aparecen reguladas na lei, a indicada formulación polos membros da comisión da necesidade de introducir determinados preceptos dirixidos a lograr a integración do réxime xurídico das figuras e institucións xa reguladas na LDCG, en concreto, desenvolvendo de determinadas materias que, reguladas no Código civil, tamén se encontrasen contempladas na propia lei galega, pero de forma parcial, novamente volve presentar interesantes cuestións xurídicas. A principal delas pode concretarse no que cualificaríamos como curioso e á súa vez, nalgúns aspectos, incluso, contraditorio proceso que, realizado no exercicio do labor de desenvolvemento, tramítase nalgunhas ocasións un achegamento ao Código civil e, noutras, un afastamento ou separación deste.

Isto parécenos que se pode apreciar perfectamente, por exemplo, no caso da nova regulación que se suxeriu realizar no recentemente realizado III Congreso de dereito galego respecto das doazóns por razón de matrimonio, cunha normativa actual que, recollida no terceiro capítulo do título VII da vixente LDCG, os membros do relatorio da sección segunda do congreso cualificaron como incompleta e notablemente diferente nalgúns puntos importantes da efectuada no Código civil.

En atención a estas e outras circunstancias, os citados membros do relatorio formularon a necesidade de establecer unha nova regulación das doazóns por razón de matrimonio, indicando ao respecto con tal finalidade unha serie de pautas ou criterios concretos que, ao seu xuízo, deberían ser tidos en conta polo lexislador galego para proceder a elaborar a dita nova regulación normativa da materia.

Entre as ditas pautas ou criterios, á parte doutros, solicítase, polo que ao xa aludido labor de retorno a determinados postulados establecidos no Código civil se refire, por exemplo, perfilar tal tipo de doazóns, aproximándoo ao concepto destas recollido no dito Código civil, por consideralo tecnicamente máis idóneo, pero engadindo á súa vez unha especialidade importante, que se concreta no feito de que as ditas doazóns tamén poidan realizarse unha vez consumado o matrimonio.


Tal proposta de achegamento ao sistema de dereito civil común –aínda que só o sexa parcialmente ou unicamente en determinada medida– supón, por unha parte, un indicio consistente de ruptura coa dun tempo a esta parte arraigada –en ocasións e en determinadas materias inxusta, e tamén ao noso entender, errónea– consideración do Código civil por parte dun nutrido sector da doutrina galega como corpo normativo pernicioso e, en notable medida, segundo o seu criterio, perturbador para a resolución de determinados problemas e condicións especificamente galaicos, que a propia LDCG se tivo que encargar de afrontar; por outra, un novo reto xurídico, coas súas conseguíntes dificultades, que, neste suposto, se concretaría en establecer unha nova regulación, procurando harmonizar elementos de dous sistemas normativos, dos cales a estrutura e principios xerais informadores, en esencia, non son necesariamente coincidentes.

## 5. Breve conclusión final

Como se pode comprobar a través do sucinto panorama xeral esbozado, as diversas cuestións que se presentan en torno á conservación, modificación e desenvolvemento da LDCG son variadas e importantes.

O feito de que exista unha conciencia xa manifestada claramente –e agora parece que tamén plenamente asumida– en canto á tan solicitada

revisión ou reforma da lei, que se concreta na existencia dunha serie de propostas que foron formuladas, tanto pola Comisión superior para o estudo e desenvolvemento do dereito galego como polos relatores que interviñeron no recentemente realizado III Congreso de dereito galego, vólvenos situar noutro dos momentos fundamentais do proceso histórico xurídico polo que está atravesando o denominado dereito civil de Galicia.

Precisamente as evidentes e importantes repercusións que as ditas propostas de revisión ou reforma poidan ter para o ordenamento xurídico galego, se é que se chegasen a consumir, permiten solicitarlle ao lexislador desta comunidade, tanto unha particular e coidadosa toma en consideración das diversas materias que se pretenden revisar ou reformar, así como unha especial prudencia e esmero ao redactar a que se propón como nova normativa da LDCG tras realizar a correspondente modificación e desenvolvemento dalgúns dos seus preceptos actualmente vixentes. Unha nova normativa que, como é lóxico, desde a súa consideración sistemática debe ser coherente e racional e que, no fondo, debe procurar responder e formularse en atención a necesidades sociais reais e verdadeiramente sentidas. 

# O CONTROL DOS ACTOS DE PREPARACIÓN E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS PÚBLICOS

Carlos I. Aymerich Cano

Profesor titular de dereito administrativo  
Universidade da Coruña

## 1. A recepción das directivas comunitarias e a nova ordenación da preparación e da adxudicación dos contratos das administracións públicas

Segundo manifesta a exposición de motivos do TRLCAP, a nova regulación da contratación pública responde á necesidade de traspasar unha normativa comunitaria que, mesmo non integrada oficialmente, era directamente eficaz no ordenamento español. Mais tamén, segundo recolle o referido texto, a nova lei pretendía enmarcarse nunha liña continuísta respecto da LCE e, finalmente, ou ao menos esa foi unha das súas cartas de presentación perante a opinión pública, a LCAP quería ser un instrumento eficaz de loita contra a corrupción que, certamente, ten na contratación pública un dos seus terreos máis propicios.

Tal acumulación de tarefas non podía senón traducirse en conflito. Conflito, en particular, entre a noción xurídica de concorrencia propia da lexislación de contratos do Estado e a economicista que informa o dereito comunitario. Conflito que o lexislador español apenas quixo ver na



súa manifestación máis estreita e negativa<sup>1</sup>, resolvéndoo, polo demais, por medio do alegre abandono dun instrumento importantísimo de conformación económica e social.

Porque, en efecto, a transposición foi completa. E, á marxe dalgúns redutos<sup>2</sup>, a recepción do concepto comunitario de concorrencia como mera igualdade formal entre os licitadores consumouse totalmente. Organízase un novo sistema de selección de candidatos e ofertas, caracterizado pola volta a un certo automatismo e á drástica redución da discrecionalidade. Verifícase o que xa noutra ocasión denominei «corremento» dos procedementos e formas de contratación<sup>3</sup>, cara a unha maior obxectivización: o concurso aproxímase á poxa, a contratación negociada faino ao concurso e para ocupar o oco resultante da desaparición da contratación directa aparecen os contratos menores, resultado da elevación á categoría xeral dos fornecementos menores da LCE.

Polo que respecta á selección dos candidatos ou licitadores, o cambio é igualmente importante<sup>4</sup>. Introdúcese unha regulación de mínimos, de carácter obxectivo, restrinxindo á discrecionalidade dos órganos de contratación a previsión de criterios novos á marxe dos expresamente dis-

---

<sup>1</sup> A que responde á problemática xeralmente coñecida como «fuxida do dereito público». Con efecto, o gran debate durante a tramitación parlamentaria da lei xirou arredor da determinación do seu ámbito de aplicación subxectiva, determinación que, segundo se verá, non respondía inicialmente ás exixencias decorrentes das directivas (sobre esta cuestión vid., entre outros moitos traballos, os de SAÍNZ MORENO, «Los temas objeto de debate en la nueva Ley», páx. 68 e ss. e GARCÍA DE ENTERRÍA, «Ámbito de aplicación de la Ley», páx. 107 e ss., ambos incluídos no *Comentario a la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*, GÓMEZ-FERRER MORANT, coord., Civitas, Madrid, 1996 e o máis recente *El ámbito subjetivo de aplicación de la nueva Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*, NOGUERA DE LA MUELA, Atelier, Barcelona, 2001). Só obrigado por dúas rotundas condenas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea – sentenzas do 15 de maio e do 16 de outubro de 2003 – o lexislador español introduciu, a través da Lei 62/2003, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, diversas modificacións no texto no RD-Lex. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, TRLCAP). Tampouco se acometeu a transposición completa da Dir. 89/665/CEE (recursos), no entendemento –errado– de que as normas procesuais e procedementais vixentes xa satisfacían as súas exixencias (cfr., exposición de motivos, alínea 1.2, parágrafo 4º).

<sup>2</sup> Como o réxime preferencial previsto en favor das empresas que teñan unha determinada porcentaxe de traballadores minusválidos (DA 8ª).

<sup>3</sup> Cfr. «Acerca da adxudicación e formalización dos contratos das Administracións Públicas (e unha nota sobre a natureza xurídica dos pregos contractuais)», *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, nº 2/1998, páx. 140.

<sup>4</sup> Ao punto de que o cambio de formulación á que en 1984 fixera referencia ARIÑO ORTIZ e, segundo o cal, «máis que a oferta interesa agora o oferente» (cfr., *La reforma de la Ley de Contratos del Estado*, Unión Editorial, Madrid, 1984, páx. 60) resultou, á súa vez, tamén subvertido. De novo, o que interesa é a oferta económica, aínda que este concepto non se deba reducir exclusivamente ao prezo.

postos na lei que, outra vez máis, non fai senón traspor as directivas europeas de contratación.

É certo que, nun contexto xeral de cuestionamento da discrecionalidade administrativa e de ensaio de instrumentos cada vez máis incisivos de control, a xurisprudencia adiantara xa, dalgunha maneira, esta obxectivización das formas de adxudicación, principalmente a través da promoción do prezo ao rango de criterio principal de asignación nos concursos<sup>5</sup> e mesmo na contratación directa<sup>6</sup>. Mais só a LCAP confirma

<sup>5</sup> Fronte á xurisprudencia tradicional –representada de forma clara pola STS do 12 de novembro de 1982 (Sala 3ª, relator Roldán Martínez, Ar. 6983), para a cal «O concurso, como forma de contratación administrativa, implica, pola súa mesma natureza, unha maior flexibilidade para a selección do contratista, a diferenza do automatismo da poxa, cuxa obxectividade é total. En consecuencia, o art. 36 LCE ofrece un abano de solucións alternativas, en función da conveniencia ou, máis ben idoneidade, das ofertas respecto do obxecto obrigacional. A mesa pode, pois, aceptar a proposición máis vantaxosa ao seu entender, desde o punto de vista técnico ou calquera outro (estético, p.ex.), facer a adxudicación ao mellor postor (conveniencia económica) e mesmo declarar deserta a convocatoria», de xeito que «resulta indiferente no caso actual que o concursante propuxera o prezo máis baixo, circunstancia esta non determinante no procedemento utilizado. O custo é ademais un dos factores a sopesar na adxudicación, que puido facerse e fíxose á empresa, cuxa proposición resulta máis acorde coas exixencias do prego de condicións. En definitiva, carecen de trascendencia en tal aspecto as supostas inexactitudes no razoamento ou motivación do acto administrativo se lembra, outra vez, que malia que o concursante rexeitado cumpría tamén todas as condicións do prego e fora o mellor postor, o órgano encargado de ponderar as ofertas, tiña unha marxe de liberdade para apreciar as circunstancias propias de cada concorrente. Esta discrecionalidade limitada utilizouse neste caso cun fundamento razoábel, pois as características técnicas dos equipos ofrecidas eran semellantes mais non idénticas e, por iso, o prezo non tiña, necesariamente, unha influencia decisiva nesta modalidade contractual» outra liña xurisprudencial tende a sobrevalorar o prezo, dándolle unha eficacia xustificativa da adxudicación superior á dos demais criterios de adxudicación do contrato. Así, por exemplo, a STS do 11 de xuño de 1991 (Sala 3ª, secc. 5ª, relator Delgado Barrio, Ar. 4874) a cal, mesmo admitindo que na resolución do concurso se deban ter en conta outros elementos alén dos estritamente económicos (art. 15 RCCL), considera tamén claro que «...cando estes outros datos se producen en termos de igualdade, os principios de boa administración imponen unha decisión baseada en criterios económicos: en igualdade de «alto grao de capacitación» para realizar unha obra, a racionalidade dos principios de boa administración exige a selección da mellor oferta económica, ao menos cando non se invoca ningunha razón para separarse desa solución. Non enténdelo así supón unha violación do principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos» (FX 4º). No fundamento 6º desta mesma sentenza, en aplicación da teoría dos conceptos xurídicos indeterminados, xustifícase a adxudicación do concurso ao mellor postor. Ao interpretar a exixencia de que a adxudicación teña que facerse nos concursos a favor da oferta «máis vantaxosa», estima o tribunal que este é «un concepto xurídico indeterminado que, en canto tal, o que exclúe é a figura da discrecionalidade, caracterizada pola viabilidade de solucións diferentes», para concluír que, no caso axuzado, a oferta máis vantaxosa situábase claramente na zona de certeza positiva.

<sup>6</sup> Cfr., Ss.TS do 11 de xullo de 1986, Ar. 5064; 22 de xullo de 1989, Ar. 6074; STSX do País Vasco do 25 de novembro de 1996.

a tendencia e lévaa ata as súas últimas consecuencias forzando viraxes radicais na xurisprudencia aplicativa da LCE<sup>7</sup>.

A recepción do dereito comunitario da contratación pública provocou, pois, unha clarificación do sistema español de preparación e adxudicación dos contratos das administracións públicas, nomeadamente naquilo que atinxe á neta diferenciación entre os criterios de exclusión e os de selección dos candidatos –prohibicións para contratar e requisitos de capacidade e solvencia exixidos–, aos criterios de adxudicación do contrato- relativos agora en exclusiva á oferta, ao obxecto contractual –e, finalmente, as denominadas condicións contractuais que, sen operar como criterios de adxudicación, se lle impoñen ao adxudicatario e poden, no caso de seren incumpridas por este, fundamentar unha eventual resolución do vínculo contractual<sup>8</sup>.

---

<sup>7</sup> A respecto, por exemplo, da posibilidade de se lles aplicar a presunción de temeridade tamén aos concursos e á contratación negociada.

<sup>8</sup> Como indica MICHEL con carácter xeral, parafraseando a sentenza «*Beentjes*» do 20 de setembro de 1988, para o tribunal de Luxemburgo, «a verificación da aptitude dos empresarios para executaren as obras e a adxudicación do contrato, son dúas operacións diferentes no marco da asignación dun contrato público» (cfr., «La jurisprudence de la Cour de Justice sur les marchés publics: instrumente essentiel de leur ouverture á la concurrence», en *RMUE* n° 3/1994, páx. 164). Sirva como mostra desta neta distinción entre criterios de admisión de licitadores e criterios de adxudicación do contrato os informes da XCCA 11/98, do 30 de xuño e 29/98, do 11 de novembro. No primeiro, négase a posibilidade de que un criterio como o da experiencia poida ser empregado para a adxudicación dun contrato por concurso para os efectos do art. 86 TRLCAP, por tratarse dun medio xustificativo da solvencia das empresas e «a Dir. 93/36/CEE considera fases distintas e establece requisitos tamén distintos para a selección de fornecedores e a adxudicación do contrato, mencionando para a primeira fase, entre outros, o requisito de experiencia ou relación das principais entregas efectuadas nos tres últimos anos e, para a segunda fase, unha serie de criterios obxectivos que, mesmo non enumerados a título exemplificativo, nada teñen que ver coa experiencia, precisamente por vir este requisito incorporado á fase de selección de contratistas». No segundo négase tamén, claramente, a posibilidade de que a experiencia na realización de obras análogas poida ser incluído como criterio de adxudicación nun concurso, posto que «a experiencia ....é un requisito que pode xustificar a solvencia do empresario na fase de verificación da súa aptitude, mais non se pode utilizar como criterio de adxudicación do concurso incluído entre os enumerados no art. 87 da LCAP». No mesmo sentido o punto 33 da STXUE do 16 de outubro de 2003 (As. SIEPSA), no que se reflicte claramente esta distinción, nin sempre ben aplicada na práctica contractual da Administración española, entre os criterios subxectivos –xustificativos da solvencia e da capacidade técnica do contratista– e os obxectivos, relativos á oferta, de adxudicación do contrato: «A comisión sinala a seguir que entre os oito criterios de adxudicación do contrato encóntranse “o equipo técnico adscrito permanentemente a pé de obra” e o “grao de cumprimento dos contratos adxudicados por SIEPSA”. A este respecto, destaca que ambos os criterios figuran no artigo 27 da Directiva 93/37 entre os elementos que poden xustificar a capacidade técnica do contratista e contribúen á súa selección, mais que, pola contra, non poden servir para determinar a mellor oferta, xa que os criterios de adxudicación que enxerga o artigo 30 da directiva apenas se poden

Esta clareza conceptual obedece á ordenación que do procedemento de contratación realizan as directivas europeas, que aumenta a transparencia do proceso ao delimitar en qué momento poden ser valoradas as diferentes exixencias a que o órgano de contratación atende ao seleccionar os candidatos e adxudicar un contrato. Mais tamén, desde o punto de vista da concorrencia, para impedir que dentro de cada un deses mencionados momentos «valorativos» as decisións se baseen en criterios ou condicións diferentes das expresadas nas directivas. O dereito comunitario ordena as diversas fases do procedemento de contratación cun marcado carácter preclusivo.

## 2. A integración da directiva 89/665/CEE no ordenamento español

Consciente a comisión de que unha parte importante do fracaso na aplicación das directivas de contratación nos anos setenta e oitenta obedeceu á inexistencia de vías eficaces de recurso fronte ás infraccións cometidas polas entidades adxudicadoras, propúxose o establecemento dun sistema de recursos harmonizado a nivel comunitario que garantise, de forma efectiva, o cumprimento da normativa material contida nas outras directivas. Aprobouse así a Directiva 89/665/CEE, cuxos trazos máis relevantes son os seguintes:

■ **Recoñecemento dunha ampla lexitimación para recorrer:** de conformidade co establecido no art. 1.3 da directiva «recursos», estes deben ser accesíbeis a «calquera persoa que estea ou teña estado interesada en obter un determinado contrato de subministración pública ou de obras públicas e que teña sido ou poida estar prexudicada por unha presunta infracción».

■ **Recursos ante instancias internas:** os estados membros obríganse a establecer un sistema interno de recursos, que permitan revisar rápida (*en tempo real*, para evitar os feitos consumados) e eficazmente as decisións das autoridades contratantes que infrinxan as normas sobre contratación. A directiva outórgalles ás instancias internas competentes –administrativas e/ou xudiciais– amplas potestades: adoptar medidas provisionais para corrixir a presunta violación, mesmo ata a suspensión da adxudicación ou execución de calquera decisión do poder adxudicador; anulación das decisións ilegais e recoñecemento dunha indemnización

---

referir á prestación concreta de que se trata. A comisión conclúe que a inclusión de ambos os criterios citados entre os de adxudicación do contrato é contraria ás disposicións dos artigos 18, 27 e 30, alínea 1, da directiva 93/37».

ou compensación afectadas pola infracción; e garante que, en calquera caso, as decisións adoptadas deben poder ser obxecto de recurso ante instancias xurisdiccionais ou que, ex art. 284 TUE, poidan ser consideradas como tales para os efectos do dereito comunitario.

■ **Un sistema efectivo de medidas preventivas**, «para corrir a infracción ou para impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados», medidas que poden consistir tanto na suspensión da execución de calquera decisión adoptada polos poderes adxudicadores como en calquera outra medida preventiva. A Directiva 89/665/CEE non impón que os procedementos de recurso teñan carácter suspensivo automático da decisión impugnada e prevé que a adopción destas medidas provisórias se realice despois de ponderar os diferentes intereses en xogo, incluído, loxicamente, o interese público e as consecuencias, negativas e positivas, que para estes se poidan derivar da súa adopción. Debe repararse en que a directiva «recursos» establece que estas medidas preventivas deben poder adoptarse con independencia da interposición dun recurso sobre o fondo que vise a anulación das decisións ou resolucións que se estiman ilegais.

■ **Recursos no ámbito comunitario**: posibilidade de denunciar ante a comisión, antes da adxudicación do contrato, calquera violación clara e manifesta da normativa europea na materia. Loxicamente, e así o recoñece a propia comisión, esta non dispón dos recursos nin da información necesaria para detectar e resolver cada un dos casos de infracción nas normas comunitarias en todo o territorio da UE; e, por outro lado, a resolución do procedemento de infracción previsto no tratado, en especial cando é preciso acudir ao Tribunal de Xustiza, pode demorar ata tres anos. É evidente que procedementos tan prolongados, no ámbito da contratación pública, distan de ser eficaces e, por iso, a grande maioría dos conflitos provocados pola preparación e adxudicación dos contratos públicos deben ser resoltos no ámbito interno de cada un dos estados membros<sup>9</sup>.

**En que medida traspón a lexislación contractual española o disposto nesta directiva?** Pois, fronte ao que acontece noutros ordenamentos xurídicos –caso do francés ou do portugués, que logo serán sumariamente estudados–, o lexislador español viña considerando que os obxectivos procurados pola directiva «recursos» xa se podían acadar satisfactoriamente a través da normativa existente en materia de recursos administrativos e xurisdiccionais (LPAC e LXCA). Mais esta era unha afirmación insistente-

<sup>9</sup> Cfr., o Libro verde da comisión *A Contratação Pública na União Europeia*, 1996, páx. 18 e ss.

mente negada pola práctica administrativa e xudicial, xa que, malia os evidentes progresos experimentados pola revisión xurisdiccional da actuación administrativa contractual, aínda existen límites que este control non dá superado, máxime se se repara en que, tal e como o TXUE lembra en diferentes ocasións, «a declaración posterior dun incumprimento... con frecuencia após a execución do contrato, non poderá eliminar o prexuízo sufrido polo ordenamento xurídico comunitario e por todos os licitadores excluídos ou privados da posibilidade de licitar»<sup>10</sup>.

Como progreso, os tribunais contencioso-administrativos revisan a selección realizada polos órganos de contratación e condenou a Administración a indemnizar ao contratista indebidamente postergado<sup>11</sup>, mesmo aínda que, en supostos moi contados, chegase a substituír á Administración, indicando o tribunal quen debeu ser o adxudicatario do concurso ao existir no proceso –por apareceren nos pregos contractuais motivos de preferencia– base probatoria suficiente.

Canto á lexitimación, *a priori*, e debido á eficacia directa do art. 24.1 CE, o ordenamento español semella concordar co exixido pola Directiva 89/665/CEE.

Mais, como consecuencia da doutrina aínda mantida pola xurisprudencia de que a participación nun concurso supón a aceptación das súas cláusulas, as facultades xudiciais de control resultan practicamente impedidas cando a infracción decorre directamente dunha cláusula recollida nos pregos contractuais.

Tampouco a técnica da suspensión preventiva da eficacia dos actos administrativos –fundamental en materia de adxudicación de contratos públicos– se ten mostrado, na aplicación que dela fan os tribunais contencioso-administrativos, como satisfactoria: a suspensión dunha licitación ou da execución dun contrato xa adxudicado dana normalmente o interese público, de xeito que na inmensa maioría dos casos a suspensión é denegada, sobre todo se reparamos en que as salas consideran que os prexuízos derivados son sempre indemnizábeis. A vixente LXCA non responde á necesidade –imperada polo dereito comunitario– dun proceso preventivo sumario, quen de chegar rapidamente a unha decisión sobre o fondo do asunto, nin sequera pola vía do procedemento abreviado regulado no art. 78 que, doutro xeito, só é aplicábel cando os recursos se referiren a materias das que coñezan os xulgados do contencioso-administrativo e cando a súa contía non supere os 3.000 euros,

<sup>10</sup> Cfr., auto do 22 de abril de 1994. Vid. GIMENO FELIU, J.M, *Contratos públicos: ámbito de aplicación y procedimiento de adjudicación*, Civitas, Madrid, 2003, páx. 198 e ss.

<sup>11</sup> Entre outras, vid. a STS do 26 de abril de 1994 (Ar. 3009), que anula as decisións do órgano de contratación por afastárense inxustificadamente do criterio sostiúdo polos servizos especializados e a mesa de contratación.

contía substancialmente inferior aos limiares cuantitativos fixados polas directivas substantivas e, na súa virtude, recollidos no TRLCAP español.

Por último, cabe tamén cuestionar se a fiscalización que os tribunais españois realizan das decisións administrativas relativas á selección de contratistas non podía ser máis ambiciosa seguindo a liña marcada por certos pronunciamentos do TXUE.

### 3. As Ss.TXUE do 15 de maio e do 16 de outubro de 2003 e as reformas introducidas pola Lei 62/2003 no TRLCAP

#### 3.1. A S.TXUE do 15 de maio de 2003

As evidencias destacadas no epígrafe anterior foron, finalmente, constatadas polo TXUE na sentenza do 16 de maio de 2003 (As. C-214/00), na que o tribunal estimou dous dos tres<sup>12</sup> motivos impugnatorios esgrimidos pola comisión contra o Estado español polo incumprimento da obriga de transposición da Directiva 89/665/CEE. Seguindo, como era previsíbel, o establecido en pronunciamentos anteriores<sup>13</sup>, o tribunal

---

<sup>12</sup> O recurso da comisión fundamentábase en non ter adoptado o Estado español as medidas necesarias para dar cumprimento ao disposto nos art. 1 e 2 da directiva «recursos» e, en particular:

|| Non estender o sistema de recursos aos procedementos de contratación xestionados por entidades de dereito privado creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, dotadas de personalidade xurídica de seu e cuxa actividade estea maioritariamente financiada polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público, ou cuxa xestión estea sometida a un control por parte destas, ou cuxo órgano de administración, dirección ou vixilancia estea composto por membros que, na súa maioría, sexan nomeados polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público.

|| Ao non permitir a interposición de recursos contra todas as decisións adoptadas polas entidades adxudicadoras, incluídos todos os actos de trámite, durante o procedemento de adxudicación dun contrato público;

|| Ao non ter previsto a posibilidade de se adoptaren todo tipo de medidas preventivas procedentes en relación coas decisións adoptadas polas entidades adxudicadoras, incluídas as medidas destinadas a permitir a suspensión dunha decisión administrativa, eliminando a tal fin as dificultades e os obstáculos de calquera tipo e, en particular, a necesidade de interpoñer previamente un recurso contra a decisión da entidade adxudicadora.

<sup>13</sup> Así a STXUE do 15 de xaneiro de 1998 (As. «Mannesmann») no relativo á interpretación do concepto «organismo de dereito público» (vid. o meu traballo «Entes instrumentais e dereito comunitario da contratación pública: o concepto de organismo de dereito público», REGAP n° 20, páx. 181 e ss. e NOGUERA DE LA MUELA, *El ámbito subjetivo...*, cit.) e, no relativo á falta de adaptación dos ordenamentos estatais ao sistema de recursos establecido na Directiva 89/665/CEE, a STXUE do 19 de setembro de 1996 (As. comisión contra Grecia).

condena ao Estado español por non ter integrado adecuadamente a citada directiva e, en concreto, segundo establece a resolución,

- «Ao non ter estendido o sistema de recursos garantido pola citada directiva ás decisións adoptadas polas sociedades de dereito privado creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, dotadas de personalidade xurídica de seu e cuxa actividade estea maioritariamente financiada polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público, ou cuxa xestión estea sometida a un control por parte destas, ou cuxo órgano de administración, dirección ou vixilancia estea composto por membros máis da metade dos cales sexan nomeados polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público; e
- ao someter por regra xeral a posibilidade de se tomaren medidas preventivas en relación coas decisións adoptadas polas entidades adxudicadoras á necesidade de interpoñer previamente un recurso contra a decisión da entidade adxudicadora».

Poucos meses despois, o alcance práctico desta declaración viuse confirmada pola S.TXUE do 16 de outubro de 2003 (As. SIEPSA), na que o tribunal europeo volve condenar ao Reino de España por infracción da Directiva 93/37/CEE (obras), ao non se suxeitar ás prescricións desta relativas á licitación realizada pola «Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, S.A» relativa á construción dun centro educativo penitenciario experimental en Segovia.

### 3.2. As reformas do TRLCAP introducidas a través da Lei 62/2003

Forzado por estas incontestábeis condenas xudiciais, o lexislador aproveitou a Lei 62/2003, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para introducir diversas modificacións no TRLCAP. Por unha parte, para introducir as sociedades mercantís públicas dentro do ámbito de aplicación do TRLCAP e permitir, a través da remisión ao mecanismo da «alzada impropia» regulada no art. 41 da Lei 48/1998, do 30 de decembro, de procedementos de contratación nos sectores da auga, enerxía, os transportes e as telecomunicacións, o control contencioso-administrativo da actuación contractual destes entes con personalidade xurídico-privada. Pola outra introducindo un novo art. 60 bis no que se regulan, dun xeito máis acorde co disposto na Directiva 89/665/CEE, as medidas preventivas no marco dos procedementos administrativos de contratación, *lex specialis* e ben máis garantista que a contida no art. 111 LPAC.

Canto á ampliación do ámbito subxectivo de aplicación do TRLCAP, a Lei 62/2003 introduce unha nova redacción do art. 2.1 e das disposicións adicionais 6<sup>a</sup> e 16<sup>a</sup> deste corpo legal. O novo art. 2.1 establece:



«As entidades de dereito público non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior e as sociedades de dereito privado creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil sempre que, amais, conorra algún dos requisitos contidos no parágrafo b) da aliña 3 do artigo anterior<sup>14</sup> ficarán suxeitas ás prescricións desta lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación para os contratos de obras, subministracións, consultoría e asistencia e servizos de contía igual ou superior, con exclusión do Imposto sobre o valor engadido, a 6.242.028 euros (equivalente a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), no caso de tratarse de contratos de obras, ou a 249.681 euros (equivalente a 200.000 dereitos especiais de xiro), se se trata de calquera outro contrato dos mencionados».

Previsión normativa que, como xa foi apuntado, debe completarse co disposto na DA 6<sup>a</sup> –que establece a suxeición da actividade contractual destas sociedades mercantís públicas, nos casos en que esta non estea sometida ao TRLCAP por disposición do mencionado art. 2.1, aos «principios de publicidade e concorrência, salvo que a natureza da operación que se vai realizar sexa incompatible con estes principios» –e máis coa DA 16<sup>a</sup> que, precisamente para os casos en que a actuación contractual destas sociedades mercantís públicas estea sometida ao TRLCAP establece, por remisión ao previsto no art. 51 da Lei 48/1998, unha alzada impropia ante o ministerio ao que estas sociedades estean adscritas e, por conseguinte, a posibilidade de que a súa actividade contractual poida ser revisada pola xurisdición contencioso-administrativa.

A respecto desta reforma do art. 2.1 e das DD.AA. 6<sup>a</sup> e 16<sup>a</sup> TRLCAP, cabe salientar, en primeiro lugar, o seu carácter incompleto e parcial, froito, sen dúbida, da precipitación<sup>15</sup> coa que esta reforma se acometeu. No canto de optar por someter o conxunto da actividade contractual destas sociedades públicas ao TRLCAP –consecuencia lóxica da súa consideración como «poderes adxudicadores» para os efectos das directivas comunitarias, tal e como impón a STXUE do 15 de maio de 2003 –a Lei 62/2003 optou pola solución máis restritiva e, ao fin, máis problemática:

---

<sup>14</sup> Os xa coñecidos de estar dotadas de personalidade xurídica de seu, estar maioritariamente financiada a súa actividade polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público, ou acharse a súa xestión sometida a un control por parte destas, ou estar composto o seu órgano de administración, dirección ou vixilancia por membros que, na súa maioría, foron nomeados polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público.

<sup>15</sup> Mostra inequívoca desta precipitación é o dato de que se mantieña o título orixinal do art. 2 TRLCAP («Adxudicación de determinados contratos de Dereito Privado»), claramente incongruente agora co carácter público duns contratos que o son pola natureza e os fins que motivaron a creación do ente que os adxudica.

un sometemento parcial da actuación contractual destas sociedades ao TRLCAP só nos supostos en que a operación contractual concreta supere os limiares cuantitativos establecidos nas directivas. Para os demais casos, a contratación destas sociedades fica, sen máis, apenas suxeita á observación dos «principios» de publicidade e concorrencia (DA 6ª), non aos da lexislación de contratos das administracións públicas.

Do mesmo xeito, a solución arbitrada para someter, indirecta e parcialmente, a través dunha «alzada impropia» a actividade contractual destas sociedades públicas á xurisdición contencioso-administrativa, compromete a coherencia do sistema da LXCA. Porque, ao fin, que explicación lóxica pode existir para que a fiscalización contencioso-administrativa dun contrato de obras ou de subministracións adxudicado por unha destas sociedades dependa, en exclusiva, da contía e non do carácter da operación contractual considerada ou da natureza do ente que o adxudica? Non se trata apenas de que, ao depender só da contía do contrato, se lle abra a porta á fraude so a forma de fraccionamentos ou reducións ficticias dun orzamento que, ao fin, se pode incrementar por medio de modificados posteriores á adxudicación do contrato. Trátase tamén de que esta solución levanta problemas –sentenzas civís e contencioso-administrativas contraditorias axuizando contratos de idéntica natureza– que xa debían estar resoltos<sup>16</sup> e ameaza, con toda certeza, con novas condenas xudiciais ao Estado español por incumprimento dun dereito comunitario da contratación que, cómpre lembrar, non se limita ás directivas senón que ten un arraigamento directo nos tratados e que, neste sentido, aféctalle ao conxunto da actuación contractual dos estados membros,

---

<sup>16</sup> Problemas porque a opción seguida pola Lei 62/2003 –someter parcialmente ao TRLCAP algúns dos contratos asinados polas sociedades mercantís públicas, no canto de considerar estas sociedades mercantís públicas como «administracións públicas» introducindoas, ao pé dos organismos autónomos e das entidades de dereito público con personalidade xurídica de seu, no art. 1.3 TRLCAP –levanta novamente a cuestión de cál será a xurisdición competente para fiscalizar os contratos destas sociedades de contía inferior á establecida no novo art. 2.1. Neste caso, achándose os tales contratos unicamente sometidos aos principios de publicidade e concorrencia (que non aos principios do TRLCAP) segundo establece a DA 6ª, non se poden identificar «actos separábeis» que xustifiquen a competencia da xurisdición contencioso-administrativa, por canto esta categoría só é predicábel respecto dos contratos privados das «administracións públicas» no sentido que a este concepto lle dá o TRLCAP, mais non respecto de contratos privados asinados por entidades que non participan, consonte co citado corpo legal, de tal condición. E é neste sentido no que se debe interpretar o art. 9 TRLCAP. Porén, en contra deste entendemento, afirmando a aplicabilidade da doutrina dos actos separábeis tamén aos contratos asinados por sociedades mercantís en mans públicas, vid. VILLALBA PÉREZ, F., *La contratación de las sociedades en manos de las Administraciones Públicas: principios de publicidad y concurrencia. Fundamentos de su publicación*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2003, páx. 288.

incluída a que cuantitativamente non exceda os limiares establecidos naquelas<sup>17</sup>.

A segunda das novidades introducidas pola Lei 62/2003 supón a introdución no TRLCAP dun novo art. 60 bis no cal se ordena un **novo sistema de tutela administrativa preventiva dos interesados nos procedementos de contratación**. Unha *lex specialis* respecto da regulación xeral contida no art. 111 LPAC e máis conforme que esta coas exixencias derivadas da directiva «recursos», tal e como esta foi interpretada polo TXUE e, en concreto, pola citada sentenza do 15 de maio de 2003, e que ofrece a seguinte redacción:

«1. Os interesados en concorrer a un procedemento de adxudicación e, en todo caso, os licitadores, poderán solicitar a adopción de medidas provisionais para corrixir a infracción alegada ou para impedir que se lles causen outros prexuízos aos intereses afectados, incluídas as medidas destinadas a suspender ou a facer que suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión, ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

Esta solicitude poderá formularse con independencia de que se interpoña o recurso correspondente.

2. Serán órganos competentes para adoptar, no seu caso, as tales medidas provisionais os que foran indicados para coñecer dos correspondentes recursos, calquera que fora a súa clase.

3. O prazo para solicitar a adopción das medidas citadas será de cinco días a contar da data da infracción alegada, e deberase resolver, de forma motivada, nun prazo de dez días, ou entenderase denegada no suposto de non recaer resolución expresa.

Contra a dita resolución non caberá recurso, sen prexuízo dos que procederan contra as resolucións que se ditaran no procedemento principal.

4. Cando da resolución das medidas provisionais poidan derivar prexuízos de calquera natureza, a resolución poderá impor a constitución de caución ou garantía suficiente para responder deles, sen que aquelas produzan efectos en tanto a dita caución ou garantía non fora constituída».

Esta nova regulación das medidas provisionais no seo dos procedementos de adxudicación supón, sen dúbida, unha transposición máis fiel do establecido neste extremo pola directiva «recursos», tal e como esta foi interpretada polo TXUE e, en concreto, pola sentenza do 15 de maio de 2003. Recóllese unha ampla lexitimación para instar á adopción destas medidas («Os interesados en concorrer a un procedemento de adxudicación e, en todo caso, os licitadores»), unha configuración aberta

<sup>17</sup> Liberdades fundamentais como a de circulación de mercadorías e servizos e principios de dereito orixinario como os de non discriminación, igualdade de tratamento e transparencia (cfr., Libro verde da comisión *A Contratación Pública na Unión Europea: reflexões para o futuro*, 1996, páx. 15 e MORENO MOLINA, J.A., *Contratos públicos: Derecho comunitario y Derecho español*, McGraw-Hill, Madrid, 1996, páx. 73 a 111).

das medidas que se deben adoptar, que non teñen por que limitarse á suspensión do procedemento («medidas provisionarias para corrixir a infracción alegada ou para impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, incluídas as medidas destinadas a suspender...»), medidas que poden ser adoptadas con independencia da interposición dun recurso sobre o fondo, ao instar á anulación da decisión que se estime ilegal («Esta solicitude poderá formularse con independencia de que se interpoña o recurso correspondente») e que deben ser instadas e adoptadas nun prazo o suficientemente curto como para impedir a produción de feitos consumados (cinco días para solicitálas, dez para adoptálas). A competencia para coñecer e resolver estas solicitudes, élle atribuída ao órgano administrativo competente para coñecer dos eventuais recursos de que sexan susceptibles os actos ou resolucións que se estimen ilegais.

Porén, este novo art. 60 bis TRLCAP presenta certas carencias e limitacións que deben ser destacadas. En primeiro lugar, a imposibilidade de recorrer a decisión que se adopte respecto da adopción ou non destas medidas provisionarias, prohibición de recurso que, como xa se ten apuntado<sup>18</sup>, non só é contraria á previsión xeral establecida no art. 107 LPAC, senón que semella, tamén, contravir o contido esencial do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24 CE) na medida en que nel se inclúe, tal e como a xurisprudencia do TC estableceu, o dereito aos recursos e á tutela preventiva. É máis, esta prohibición tampouco semella ser moi acorde co texto da directiva «recursos», por canto esta dispón que «sempre que as instancias responsábeis polos procedementos de recurso non sexan de natureza xurisdiccional... deben ser adoptadas disposicións para garantir os procesos a través dos cales calquera medida, presuntamente ilegal, adoptada pola instancia de base competente ou calquera falta presumida no exercicio dos poderes que lle fosen conferidos, deba poder ser obxecto de recurso xurisdiccional ou de recurso perante outra instancia que sexa un órgano xurisdiccional na acepción do art. 177 do tratado (actual art. 234 TUE) e que sexa independente en relación coa entidade adxudicadora e a instancia de base» (art. 2.8). Dito doutro xeito, se é dubidosa a constitucionalidade de establecer legalmente a irrecorribilidade de determinados actos ou resolucións administrativas, sexa en vía administrativa ou contenciosa, na medida en que esta irrecorribilidade se afirme en decisións adoptadas por órganos administrativos que non gocen da condición de «instancia independente» no sentido da directiva «recursos», non cabe dúbida de que tal previsión legal é abertamente in-

<sup>18</sup> Cfr., NOGUERA DE LA MUELA, B., «El control de la contratación pública en el Derecho comunitario y en el ordenamiento jurídico-administrativo español», pág. 124 (en GIMENO FELIU, J.M., coord., *Contratación de las Administraciones Públicas: análisis práctico de la nueva normativa sobre contratación pública*, Atelier, Barcelona, 2004).

compatíbel co dereito comunitario. Xa que logo, outra vez máis, a precipitación ou a falta de ambición do lexislador español ameaza con provocar novas sentenzas condenatorias do TXUE.

### 3. Asuntos (aínda) pendentes

#### 3.1. A lexitimación para impugnar os actos relativos á selección de contratistas

Tanto para a doutrina como para a xurisprudencia maioritaria, o PCAP é –en canto que parte da convocatoria do procedemento selectivo– un acto xeral que, unha vez perfeccionado o contrato, se converte no seu contido negocial, con independencia de que fose ou non aceptado polo adxudicatario. É só neste sentido que se adoita afirmar ao que o PCAP é lei do contrato ou lei do procedemento selectivo.

Esta negación da substancia normativa ao PCAP produce tamén un claro impacto na procura da fiscalización xurisdiccional da actuación contractual da Administración. Existe unha consolidada doutrina xurisprudencial segundo a cal a falta de impugnación directa do PCAP impide facer valer indirectamente a súa ilegalidade a través dun recurso dirixido contra os actos subseguintes do procedemento e, en particular, contra a propia adxudicación. Doutrina que parte da aplicación da causa de inadmisibilidade recollida no actual art. 28 LXCA («non é admisíbel o recurso-contencioso-administrativo respecto dos actos que sexan reprodución doutros anteriores definitivos e firmes e os confirmatorios de actos consentidos por non ser recorridos en tempo e forma»).

Cuestións dogmáticas á parte<sup>19</sup> e do recordatorio de como doutrina e xurisprudencia admiten pacificamente a natureza normativa doutros produtos da Administración con evidentes similitudes cos pregos de contratación: tal é o caso das bases reguladoras dos procedementos de concesión de subvencións ou outras axudas públicas, de adxudicación de vivendas ou, tras dunha xa consolidada doutrina constitucional iniciada coa STC 193/1987, do 9 de decembro, tamén das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

Con efecto, o TC ten recoñecido sen reservas o carácter normativo das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas, ao se referir a elas como «disposicións xerais» co obxecto de lembrar cal é o obxecto do recurso de amparo:

---

<sup>19</sup> Estudadas detidamente no meu traballo «Acerca de la naturaleza normativa de los pliegos de cláusulas administrativas particulares», en *El derecho Administrativo en el umbral del siglo XXI. Homenaje al profesor Dr. D. Ramón Martín Mateo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2000.

«... o carácter esencialmente subxectivo do recurso como vía de protección de dereitos e liberdades, procedendo ao exame das disposicións xerais neste tipo de recurso só en canto *prius* necesario para determinar se se violaron dereitos fundamentais protexidos por esta vía (...). O exame, por tanto, da convocatoria e bases para a cobertura en propiedade de 159 prazas de auxiliares administrativos, aprobadas polo Concello de Valencia o 10 de xullo de 1986, é o *prius* necesario para a resolución do presente recurso de amparo» (F.X. 5º).

Desde o meu punto de vista, e unha vez atendido o valor que o art. 5 LOPX lle dá ás sentenzas do TC, a mudanza na doutrina xurisprudencial que se vén de indicar parece obrigada. Mesmo –aínda que este suposto non estea contemplado na xurisprudencia constitucional citada– para recoñecer a lexitimación a interesados distintos dos participantes no procedemento selectivo baseándose no «interese competitivo», recoñecido noutros ámbitos por unha xurisprudencia xa idosa<sup>20</sup>.

Por outra parte, e como xa foi adiantado, débese lembrar que tamén o dereito comunitario exige o recoñecemento dunha ampla lexitimación para impugnar as actuacións de preparación e adxudicación dun contrato. O art. 1.3 da Dir. 89/65/CEE exige que as vías estatais de recurso lle sexan accesíbeis, como mínimo, a calquera persoa que teña ou tivera interese en obter un determinado contrato público e que, amais, se vira ou se poida ver prexudicada por unha presunta infracción. Á luz de canto se vén de indicar, pódese afirmar que a práctica restritiva que seguen os tri-

<sup>20</sup> Vid. o traballo de FERNÁNDEZ FARRERES «Interés competitivo, comercial o industrial e impugnación directa de disposiciones de carácter general», REDA n.º 22, 1979, páx. 465 e ss. Como única excepción, ben que moi condicionada polas circunstancias do caso axuizado, cabe citar a STSX de Cataluña do 2 de outubro de 2000, na que se recoñece a lexitimación para impugnar o acto de adxudicación a un terceiro:

«A análise da dita cuestión [a da lexitimación] exige, con todo, ter en conta que, a diferenza dos procedementos de adxudicación de contratos por medio de concurso ou poxa, nos que a participación nestes é aberta, de tal maneira que só resultan lexitimados para impugnar o resultado da adxudicación aqueles que interviñeran como participantes no procedemento, no suposto de autos encontrámonos ante un sistema de contratación directa, no que a xunta veciñal elixiu un único licitador, que resultou ser a mesma persoa a quen se lle adxudicara no ano 1994, concedéndolle a este o contrato de arrendamento mediante acta de adxudicación do 17 de xaneiro de 1999, con remisión sucinta e somera nesta ás condicións particulares que figuran na adxudicación anterior, isto é, sen nin sequera realizar unha consulta previa e negociación dos termos do contrato.

Quere isto dicir que non existiu un procedemento aberto e público para a adxudicación do aproveitamento cinxético do monte de referencia, coa conseguinte exclusión deste de calquera persoa que non fose a que directamente preseleccionou a xunta veciñal, o que lexitima para impugnar aquel a calquera persoa que teña ou tivese interese na adxudicación do contrato e á que anticipadamente se lle privou de participar neste, polo que debe admitirse a lexitimación do hoxe recorrente, en canto interesado no dito contrato e non apenas como persoa actuante en defensa da mera legalidade».

bunais españois no recoñecemento da lexitimación para impugnar os actos de preparación e adxudicación dos contratos públicos é incompatible co dereito comunitario e que, por conseguinte, a alegre afirmación contida na exposición de motivos da LCAP dista de responder á realidade.

Exemplos tirados das resolucións ditadas polo TXCE nesta materia e que obrigaron a mudar normativas internas consideradas incompatíbeis coa Directiva 89/665/CEE (caso de Alemaña, Grecia<sup>21</sup> ou Austria), deberían abondar para que o lexislador español acometa unha urxente reforma da lexislación procesual e procedemental administrativa.

### 3.2. A tutela preventiva no ordenamento español

Como exemplo da imperencia da tutela preventiva en materia contractual, sirva a seguinte pasaxe da STS do 7 de febreiro de 1996 (Ar. 2518), na que se denega a casación solicitada fronte a un auto no que o TSX de Cataluña denegara a suspensión do acto de adxudicación dun contrato de uso e explotación dun restaurante. Razo a o TS no fundamento cuarto desta sentenza que «para resolver sobre a suspensión dos actos impugnados, e malia que se puidera deducir outra cousa da pura letra do precepto [art. 122.2<sup>a</sup> LXCA de 1956], non só hai que atender aos danos e perdas que a execución lles puidera causar aos recorrentes, senón que tamén hai que sopesar o interese público que está en xogo e, por suposto, tamén o posíbel interese de terceiras persoas, cuxas utilidades non teñen porque ser infravaloradas. Pois ben, no presente caso, sen descoñecer os prexuízos inmediatos que a execución do acto lles puídesen

---

<sup>21</sup> A STXCE do 19 de setembro de 1996 (as. C-236/95, Rec. I-467), na que se condena ao Estado grego por infracción da Dir. 89/665/CEE, é ben ilustrativa e contén algunhas orientacións de interese. En primeiro lugar, a sentenza considera que a pesar de que o Decreto presidencial grego nº 18/1989 prevé, con carácter xeral, a suspensión da execución dos actos administrativos, tal previsión «presupón a existencia dun recurso principal de anulación do acto administrativo impugnado, en tanto que en virtude do disposto no art. 2 da directiva, os estados membros están obrigados a conferir-lles aos organismos que coñezan dos procedementos de recurso da facultade de adoptar, independentemente de calquera acción previa, todas as medidas provisionais, incluídas as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato público en cuestión» (fundamento 12), incumprimento que non desaparece polo feito de que o Consello de Estado grego interprete o dito decreto presidencial de conformidade coa directiva (fundamento 12) pois «como resulta de reiterada xurisprudencia do TXCE, para cumprir a exigencia de seguranza xurídica, é especialmente importante que os particulares gocen dunha situación xurídica clara e precisa que lles permita coñecer a plenitude dos seus dereitos e exercitalos, chegado o caso, ante os órganos xurisdiccionais estatais» (fundamento 13) e, en fin, para o TXCE, «unha xurisprudencia como a do Consello de Estado non pode en caso ningún cumprir coas exigencias de seguranza xurídica» (fundamento 14). As carencias que esta sentenza detecta no ordenamento heleno, ¿caso non son igualmente advertíbeis no dereito español?

orixinar aos actores, existe un interese público en que a nova adjudicación (por principio máis vantaxosa que a anterior, salvo que se demostre outra cousa) produza os seus efectos, e existe tamén nela un interese particular, o do novo adjudicatario...»

Esta doutrina aplicativa da vella LXCA de 1956, aínda vixente, leva á consecuencia xa indicada: a suspensión dunha licitación ou da execución dun contrato xa adjudicado dana normalmente o interese público, de xeito que na inmensa maioría dos casos a suspensión é denegada, sobre todo se reparamos en que as salas consideran que os prexuízos derivados son sempre indemnizábeis.

O camiño a seguir neste punto vén indicado polo TXCE en dous autos, ditados tralo recurso previo da comisión.

No primeiro<sup>22</sup> o tribunal de Luxemburgo suspendeu a adjudicación e execución dun contrato de automatización do xogo, realizada por un ente público italiano baseándose no carácter manifesto da infracción das normas comunitarias, por canto xa se ditara en 1989 unha sentenza sobre un asunto practicamente idéntico.

Noutro posterior<sup>23</sup>, no que se desestimaba a petición de medidas preventivas realizada pola comisión, o TXCE non suspendeu a eficacia dun contrato público de subministración de autobuses realizado por unha entidade belga, ao considerar, dunha banda, que a comisión non actuou diligentemente ao non lle comunicar en tempo ao Estado belga a súa intención de solicitar a suspensión e, doutra, que tal suspensión paralizaría a renovación dunha flota de autobuses que, pola súa antigüidade, xa provocara algún accidente.

En ambos os dous supostos, como noutros posteriores, o TXCE pondera o interese da comisión no cumprimento do dereito comunitario, co interese público implicado na execución do contrato, inclinándose normalmente polo primeiro sempre que exista aparencia de bo dereito (*fumus boni iuris*) e concorra o requisito de urxencia (*periculum in mora*)<sup>24</sup>, conforme co establecido no art. 83 do Regulamento de procedemento do tribunal.

Neste mesmo sentido pronúnciase a citada Dir. 89/65/CEE. Tras establecer a obriga dos estados membros de velar pola previsión de poderes que permitan «tomar, o máis rapidamente posíbel, a través dun proceso de urxencia, medidas provisionais destinadas a corrixir a alegada violación ou a impedir que sexan causados outros danos aos intereses en causa, incluíndo medidas destinadas a suspender ou a facer suspender o

<sup>22</sup> Auto do presidente do TXCE do 31 de xaneiro de 1992.

<sup>23</sup> Do 22 de abril de 1994.

<sup>24</sup> Cfr., art. 83 do Regulamento de procedemento do TXCE.



proceso da adxudicación do contrato de dereito público en causa ou a execución de calquera decisión tomada polas entidades adxudicantes» (art. 2.1º.a) e de lembrar que a potestade para adoptar tales medidas provisionais pode serlles atribuída a instancias distintas das competentes para resolver sobre o fondo (art. 2.2º), impón que a instancia responsable pola adopción destas medidas provisionais debe tomar en consideración «as probábeis consecuencias de tal medida para todos os intereses susceptíbeis de ser lesionados, así como o interese público, e de decidir non conceder esas medidas sempre que as consecuencias negativas poidan superar as vantaxes» (art. 2.4º).

### 3.3. A inexistencia dun procedemento especial en materia contractual

Formalmente, a afirmación contida na exposición de motivos da LCAP relativa á non necesidade de transposición expresa da Dir. 89/665/CEE podería compartirse á luz do establecido no art. 130 da LXCA de 1998. Con todo, a realidade é moi distinta e perante a estrita interpretación que dos requisitos da tutela preventiva están a facer os órganos contencioso-administrativos, parece claro que o camiño a seguir é o da institución dun procedemento sumario que permita, coa maior rapidez, adoptar un pronunciamiento sobre o fondo dos conflitos xurdidos na preparación e na adxudicación dos contratos públicos.

Un procedemento que non existe no ordenamento español –segundo xa se xustificou, o procedemento abreviado previsto na LCAP non sería de aplicación en materia contractual– en contraste co que sucede noutros ordenamentos como o francés ou o portugués aos que deseguido, e a mero título de exemplo, se fará unha referencia sumaria.

#### *a) O référé precontractual francés*

No dereito francés, a Lei 92-10, do 4 de xaneiro de 1992 (modificada pola Lei 93-122 do 23 de xaneiro, de prevención da corrupción, que o estendeu ás convencións de dereito público) traspón a Dir. 89/65/CEE establecendo un procedemento urxente e sumario invocábel para calquera incumprimento das normas internas e comunitarias reitoras dos procedementos de selección de contratistas. Os trazos principais desta vía de fiscalización xurisdiccional son os seguintes:

■ **Lexitimación:** todos os que poidan ver eventualmente lesionado o seu interese en concursar, á parte do prefecto (no caso dos contratos das entidades locais) e o Goberno francés, cando a comisión o requira á vista dunha infracción «clara e manifesta» do dereito comunitario.

■ **Procedemento:** resolve un só maxistrado da sala, conforme cun procedemento abreviado (o recorrente pode realizar unha reclamación

previa ante a Administración actuante que debe responder no prazo de 10 días; no caso de non haber resposta ou no caso de que esta sexa negativa, o recorrente debe presentar o recurso en *référé* ante o presidente da sala ou a persoa en que este delegara, que o deben resolver en 20 días). Trátase dunha decisión definitiva, sobre o fondo do asunto, e non apeñas dunha decisión provisoria.

Cando se actúa en vía de *référé*, o xuíz administrativo pode adoptar unha ampla gama de medidas provisorias (suspensión do procedemento, medidas provisorias positivas: *injection*). A Lei 2000-597, do 30 de xuño, que modificou o réxime do *référé* precontractual, suavizou as condicións para a adopción de medidas preventivas, por máis que se mantéña o seu carácter non automático: abonda con demostrar a urxencia e achegar indicios que proxecten serias dúbidas sobre a legalidade da decisión impugnada, e elimínase a exigencia de que da non suspensión se puidesen seguir consecuencias dificilmente reparábeis.

Esta mesma lei aumentou a eficacia do *référé* precontractual, ao introducir dúas modificacións que a doutrina viña reclamando: por un lado, a atribución ao xuíz dun poder de *injonction* que lle permite adiar a sinatura dun contrato por un prazo máximo de 20 días; por outro, a eliminación da obriga de efectuar unha reclamación administrativa previa. Con estas dúas medidas corríxese un dos maiores problemas levantados pola normativa precedente: a sinatura precipitada do contrato antes de que recaese a decisión do xuíz e que daba lugar ao arquivo da demanda.

#### b) O contencioso contractual portugués<sup>25</sup>


A través do Decreto-lei 134/98, do 15 de maio, traspúxose ao ordenamento portugués a directiva «recursos». A solución adoptada foi a de introducir un recurso contencioso específico para os actos administrativos relativos á formación dos contratos públicos de execución (*empreitadas*) e concesión de obras públicas, subministración de bens e prestación de servizos, superen ou non os limiares cuantitativos establecidos nas directivas europeas<sup>26</sup>. Os trazos xerais deste contencioso contractual son os seguintes:

<sup>25</sup> Sobre as reformas introducidas polo Decreto-lei 134/98 no contencioso dos contratos públicos en Portugal, vid. VIANA C., «Recentes alterações do contencioso relativo à formação dos contratos públicos», en *Cadernos de Justiça Administrativa*, n.º 37/2003, páx. 3 e ss.

<sup>26</sup> O art. 2 establece que «São susceptíveis de recurso contencioso os actos administrativos relativos à formação dos contratos previstos no artigo anterior que lesem direitos ou interesses legalmente protegidos, assim como os actos dirigidos à celebração de contratos do mesmo tipo que sejam praticados por sujeitos privados no âmbito de procedimentos pré-contratuais especificamente regulados por normas de direito público» (alínea 1). Prosegue a alínea 2 deste mesmo artigo: «também são susceptíveis

■ **Lexitimación ampla.** Os recursos poden ser interpostos por «quem se considerar titular de dereito subjectivo ou interese legalmente ofendido polo acto recorrido ou alegar interese directo, persoal e legítimo no provimento do recurso» (art. 3.1).

■ **Procedemento urxente e sumario.** O prazo para a interposición do recurso é dun mes a contar desde a notificación ou, no seu caso, desde a data de coñecemento do acto. A única proba admisíbel é a documental e na tramitación do recurso dispónse un prazo común de quince días para contestación e alegacións (só as haberá no caso de ser requirida ou admitida proba) e de dez días para a resolución do recurso.

■ **Medidas provisionarias.** Débense solicitar conxuntamente coa interposición do recurso e, nos termos da directiva, poden visar tanto a suspensión como calquera outra destinada a «corrigir a ilegalidade ou a impedir que sejam causados outros danos aos intereses em causa» (art. 2.3). O procedemento para a adopción destas medidas é igualmente áxil: sete días para resposta da autoridade interesada e dos contra-interesados, tres días para vista ao ministerio público e cinco días para que o tribunal resolva sobre estas. Os criterios para a adopción destas medidas están igualmente tirados de forma literal da directiva: «...não serão decretadas se o tribunal, em juízo de probabilidade, ponderados os direitos ou interesses susceptíveis se derem lesados, concluir que as consequências negativas para o interesse público excedem o proveito a obter pelo recorrente». 

---

de impugnação directa o programa, o caderno de encargos ou qualquer outro documento conformador do procedimento pré-contratual, designadamente com fundamento na ilegalidade das especificações técnicas, económicas ou financeiras que constem desses documentos».

## Abreviaturas empregadas

CE: Constitución española.

DA: disposición adicional.

FX: fundamento xurídico.

LCAP: Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

LCE: Lei de contratos do Estado.

LOPX: Lei 6/1985, do 1 de xullo, orgánica do poder xudicial.

LPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

LXCA: Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

PCAP: Pregos de cláusulas administrativas particulares.

RCCL: Regulamento de contratación das corporacións locais.

REDA: *Revista Española de Derecho Administrativo*.

REGAP: *Revista Galega de Administración Pública*.

RMUE: *Revue du Marché Unique Européenne*.

TC: Tribunal Constitucional.

TRLCAP: Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

TS: Tribunal Supremo.

TSX: Tribunal Superior de Xustiza.

TUE: Tratado da Unión Europea.

TXCE: Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea.

TXUE: Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

UE: Unión Europea.

XCCA: Xunta consultiva de contratación administrativa.

## Bibliografía citada

- ARIÑO ORTIZ, G., *La reforma de la Ley de Contratos del Estado*, Unión Editorial, Madrid, 1984.
- AYMERICH CANO, C.I., «Acerca de la naturaleza normativa de los pliegos de cláusulas administrativas particulares» (en *El Derecho Administrativo en el umbral del siglo XXI. Homenaje al profesor Dr. D. Ramón Martín Mateo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2000).
- «Entes instrumentais e direito comunitario da contratação pública: o conceito de organismo de direito público», REGAP n° 20, 1998.
- COMISIÓN EUROPEA, *A Contratação Pública na União Europeia: reflexões para o futuro*, 1996.
- FERNÁNDEZ FARRERES, G., «Interés competitivo, comercial o industrial e impugnación directa de disposiciones de carácter general», REDA n° 22, 1979.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E., «Ámbito de aplicación de la Ley» (en *Comentario a la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*, GÓMEZ-FERRER MORANT, coord., Civitas, Madrid, 1996).
- GIMENO FELIU, J.M., *Contratos públicos: ámbito de aplicación y procedimiento de adjudicación*, Civitas, Madrid, 2003.
- MICHEL, N., «La jurisprudence de la Cour de Justice sur les marchés publics: instrumente essential de leur ouverture á la concurrence», en *Revue du Marché Unique Européenne* n° 3/1994.
- MORENO MOLINA, J.A., *Contratos públicos: Derecho comunitario y Derecho español*, McGraw-Hill, Madrid, 1996.
- NOGUERA DE LA MUELA, B., *El ámbito subjetivo de aplicación de la nueva Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*, Atelier, Barcelona, 2001.
- NOGUERA DE LA MUELA, B., «El control de la contratación pública en el Derecho comunitario y en el ordenamiento jurídico-administrativo español» (en Gimeno Felíu, J.M., coord., *Contratación de las Administraciones Públicas: análisis práctico de la nueva normativa sobre contratación pública*, Atelier, Barcelona, 2004).
- SAINZ MORENO, F., «Los temas objeto de debate en la nueva Ley» (en *Comentario a la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*, Gómez-Ferrer Morant, coord., Civitas, Madrid, 1996).
- VIANA, C., «Recentes alterações do contencioso relativo à formação dos contratos públicos», *Cadernos de Justiça Administrativa*, n° 37, xaneiro/febreiro, 2003.
- VILLALBA PÉREZ, F., *La contratación de las sociedades en manos de las Administraciones Públicas: principios de publicidad y concurrencia. Fundamentos de su publicación*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2003.

# ANÁLISE DAS LICENZAS MUNICIPAIS PARA O FUNCIONAMENTO DOS LUGARES DE CULTO

**Rosana Corral García**

Avogada. Doutora europea en dereito  
Investigadora da Universidade da Coruña  
Área de dereito eclesiástico do Estado

**Carlos Pérez González**

Técnico de Administración xeral  
Xefe do gabinete-asesor xurídico da alcaldía do Concello de Ferrol

## 1. Estado da cuestión

Para comezar a exposición deste tema tomáronse como punto de partida os feitos reais acaecidos en relación coa polémica xurdida como consecuencia da intención da comunidade musulmana de construír unha mesquita no centro dun núcleo urbano<sup>1</sup>.

O problema xorde, fundamentalmente, con motivo da forte oposición veciñal á citada construción, e pode entenderse como un novo episodio do choque entre culturas, máis concretamente, entre confesións relixiosas, en tanto que estas, no proceso histórico de formación das identidades nacionais, van conformando tamén a súa correspondente identidade ideolóxica. Atopámonos, pois, con dúas culturas marcadamente diferentes: por un lado, a española, que provén historicamente do

---

<sup>1</sup> Para obter máis información dun conflito concreto, véxase o caso da localidade catalana de Premiá de Mar, tratado con gran profusión no seu día polo xornal *La Vanguardia*, ao que se pode acceder a través de Internet no seguinte enderezo: [www.lavanguardia.es](http://www.lavanguardia.es).

credo católico, asentado no noso país durante séculos e que, se ben na actualidade deixou de ser a confesión estatal, mantén unha enorme influencia na sociedade española, tanto no referente a cuestións estritamente relixiosas –nos grupos de persoas identificados coa citada confesión– como en cuestións culturais ou meramente tradicionais, que foron moldeando a idiosincrasia dun pobo. Por outro lado, a relixión islámica ou, de modo máis amplo, a cultura islámica, antagónica en diversos aspectos á católica, tanto no referente ao culto e ás crenzas coma en aspectos tan delicados como a condición xurídica e social da muller.

Tal e como sinala Juli Ponce i Solé<sup>2</sup>: «A nadie se le escapan los problemas sociales que están generando los intentos de abrir nuevos lugares de culto no católicos; los cuales dan causa al surgimiento de un típico síndrome de NIMBY<sup>3</sup>. La situación de ipso existente es la tolerancia municipal de oratorios precarios, en situación irregular, incómodos, peligrosos y, por qué no decirlo, indignos de desempeñar la función que se les asigna. La libertad religiosa debe ponerse en conexión sistemática con diversos preceptos constitucionales; entre los que destacan, a los efectos de este trabajo, los artículos 9.2, 13.1, 14 y 47, partiendo de la idea básica de que el uso del suelo tiene impacto sobre el efectivo desarrollo de la libertad religiosa».

Na sucesión dos diversos procesos, incluído o substanciado ante o Tribunal Constitucional, a universidade recorrente («la quejosa» na horrenda e anacrónica terminoloxía empregada aquí polo TC) argumentou de forma reiterada o carácter de «autoridad política» do cargo de reitor e, en consecuencia, a súa condición de «autoridad gubernativa», polo feito da súa elección democrática polo claustro, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto da comunidade universitaria. Efectuábase, pois, unha asimilación automática entre autoridade política e autoridade gubernativa, o que o TC non acepta. Antes, pola contra, sinala que, «en el ámbito administrativo y especialmente en el corporativo, existen órganos cuya composición se establece mediante una elección democrática, y no por ello puede afirmarse que, en todo caso, los elegidos son autoridades gubernativas». E pon de exemplo para o efecto o dos colexios profesionais, nos que «el ámbito cerrado de electores y elegibles, y las competencias que corresponden a los elegidos, pueden determinar que su competencia no exceda del ámbito estrictamente administrativo, incluso admitiendo que se les reconozca un espacio de autoorganización más o menos amplio». E, pechando o seu argumento, engade que, «por el contrario, puede afirmarse la existencia de órganos gubernativos (...) que no han sido objeto de elección directa por los ciudadanos, sino por sus propios representantes».

7. Estes argumentos non parecen convincentes: aparentando abordar unha cuestión de esencias (calidade ou non de «autoridad gubernativa»), en realidade o Tribunal quédase nunha cuestión formal de atribución de competencias. Se houber unha atribución expresa e inequívoca de com-

petencia ao reitor para fixar servizos mínimos (á marxe de entendela conatural ou non na autonomía universitaria) ¿convertiríase por iso o reitor en «autoridad gubernativa»? Tal argumentación resulta inane e innecesaria. A facultade reitoral non devén necesariamente da súa condición de autoridade gubernativa, aínda que non creo que se lle poida negar, senón xustamente da autonomía da universidade, constitucionalmente proclamada.


Doutra parte, por atender ás curiosas consideracións comparativas do TC, é obvio que aínda que os presidentes de colexios profesionais carecesen de tal condición de autoridade gubernativa, isto non minoraría a posición xurídica dos reitores de universidade. Aparéntase argumentar cando, en realidade, se confunden as cuestións como paralelismos inexistentes, sen acceder a un razoamento lóxico-xurídico, que é exigible a unha resolución xudicial. O máis que se podería deducir é que, para o TC, os reitores son meras «autoridades administrativas», nunca políticas, a pesar da súa escolla democrática e a pesar das potestades que o ordenamento lles atribúe, entre outras, ser a «máxima autoridade académica de la Universidad». E tratar de fundamentar nisto, sen outra argumentación lóxica, que non son competentes en materia de folga universitaria.

Non lle debeu parecer suficientemente serio e convincente ao propio TC o ata aquí por el argumentado, xa que a continuación pretende recapitular, nun inútil intento de engadirle lóxica á súa argumentación, que é en realidade simple redundancia: «en definitiva –di– si el Rector de una Universidad no es un representante conjunto de los ciudadanos, sino de una parte de la sociedad, delimitada por su pertenencia a una Universidad, no puede tildarse de irracional la negativa de los órganos de la jurisdicción ordinaria a considerarlo como autoridad gubernativa a los efectos del establecimiento de unos servicios mínimos en caso de huelga».

Á parte desa singular observación de que a negativa dos tribunais non pode aquí «tildarse de irracional» (como se só o abertamente irracional poidese ser antixurídico), en realidade, non se extrae con isto ningunha conclusión do debate argumental anterior. Aparece, iso si, *ex novo*, ou pode decantarse, un criterio: para o TC «autoridad gubernativa» só pode ser aquela que dispoña de potestades de supremacía xeral, isto é, sobre todos os cidadáns, non aquela que as ostente sobre un colectivo «sectorial» ou incluído nunha relación especial de suxección.

Este é, desde logo, un criterio, aínda que me parece un criterio francamente errado e desafortunado. Errado, porque non está amparado por ningunha norma do noso ordenamento que impida, con carácter xeral, que as autoridades «sectoriales» poidan exercer facultades gubernativas. Errado, tamén, porque sempre existe unha limitación no ámbito subxectivo de influencia de toda autoridade: a «generalidade» dos cidadáns é un imposible xurídico desde este punto de vista. E desafortunado porque,

dada a falta de fundamentación consistente, leva a pensar nunha actitude apriorística do tribunal na súa operación xulgadora: neguemos aos reitores a dita facultade e, logo, tratemos de lexitimizar teoricamente tal negación. Non merece consideración positiva este apoio *a posteriori* dun prexuízo de fondo adoptado en función das circunstancias do caso concreto, que recorda o teor da nosa xurisprudencia noutros aspectos conceptualmente conflitivos. Pénsese, por exemplo, en moitas das sentenzas do noso Tribunal Supremo ditadas en materia de distinción acto-norma, que aparecen tamén lastradas por apriorismos semellantes, en canto á aplicación *a posteriori* dos criterios da xeneralidade da norma e a singularidade do acto ou do criterio chamado ordinal, de integración ou non no Ordenamento xurídico. Esta xurisprudencia é abundantísima (por exemplo, SSTS 20 de maio de 1981, 11 de outubro e 7 de decembro de 1983, 6 de marzo e 21 de xuño de 1985, 21 de marzo de 1986) e tan inútil, por apriorística, como a que agora se comenta.

8. Esta impresión viríase a reforzar se se atende ao último argumento que o TC aduce para xustificar a súa posición: o de que as «autoridades gubernativas» teñen que ser neutrais, «lo que resulta difícilmente predicable del Rector de la Universidad, en cuanto aquél viene a representar a la patronal» (*sic*). Só a existencia nesta sentenza dun estraño «dorso metalegal» (na terminoloxía do profesor Alejandro Nieto) axudaría a explicar tan sorprendente afirmación nun marco en que os nosos reitores son escollidos democraticamente e con axustada participación de todos os compoñentes da comunidade universitaria. ¿Quérese dicir acaso que os reitores apoiarán sempre aos profesores?, ¿ou aos alumnos?, ¿ou que defenderán os intereses de ambos colectivos, en contra do persoal administrativo e dos servizos ou dos intereses xerais da universidade?. O TC tería que explicar cumpridamente o alcance de tan desafortunadas afirmacións, que revelan unha, polo menos, sorprendente concepción da universidade como un ente de natureza empresarial, estruturado por patróns e obreiros –presumiblemente con intereses contrapostos, o que bate coa *universitas*– e sometido ao ditado gubernativo de autoridades non só externas á universidade –o que pode vulnerar a súa autonomía– senón, ademais, non directamente democráticas, isto é, elexidas libre e secretamente, senón designadas pola Administración territorial correspondente –o que supón unha contradición insoportable cos seus propios criterios do TC á hora de determinar que se debe entender por «autoridad gubernativa»-. 









## OS DEREITOS DOS EMIGRANTES COMO DEREITOS FUNDAMENTAIS

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado da Comisión de Emigración do  
Parlamento de Galicia  
Profesor de teoría constitucional da  
Universidade de Vigo

A actividade recente do lexislativo autonómico en materia de emigración xira, fundamentalmente, en torno ás profusas actividades da Comisión de Estudo creada no seo da Cámara, e este é o *leitmotiv* das reflexións que a seguir se transcriben.

Falar de dereitos fundamentais e emigración presenta *ab initio* o problema da posible utilización hiperbólica da expresión iusnaturalista. Como sabemos o título I da nosa Constitución leva por rúbrica «Dos dereitos e deberes fundamentais» abarcando os artigos 10 a 55 da Carta magna. Ao longo destas páxinas tratarei de matizar o grao de efectividade de certos dereitos contidos na lei de leis en relación cos españois residentes no exterior, sen perder de vista a perspectiva que entendo fundamental e que Amy Gutmann<sup>1</sup> denomina *fundamentación plural* dos dereitos, isto é, a fundamentación moral destes que descansa no recoñecemento da relación dialéctica entre valores (morais) e intereses (económicos).

<sup>1</sup> Na súa introdución ao libro de Michel IGNATIEFF: *Los derechos humanos como política e ideología*. Paidós, Barcelona, 2003.

Por outro lado, a aplicación da teoría dos dereitos fundamentais aos emigrantes trae a colación, respecto a aqueles que teñen un contido económico, a problemática da universalidade dos dereitos económicos e sociais e a súa aplicabilidade nun contexto de crise do Estado social. Tal e como formula Peces-Barba este tipo de dereitos son universais desde o punto de partida, pero a universalidade do punto de chegada debe matizarse, tratándose da coñecida diferenciación entre o ser e o deber ser<sup>2</sup>.

Unha última precisión preliminar debe partir da diferenciación entre o concepto de emigrante que máis adiante se delimita e o de traballador español que se despraza temporalmente ao estranxeiro. A súa problemática xurídica<sup>3</sup> é moi diferente e por iso tamén a nosa Constitución se ocupa en lugares distintos do seu tratamento e tutela. A dimensión aquí abordada supera, como se verá, o ámbito estritamente laboral e afecta a todas as facetas do fenómeno poliédrico da emigración.

## 1. O marco sociolóxico da emigración no Estado español

O fenómeno migratorio deuse historicamente en ámbitos culturais moi heteroxéneos, e iso debido a causas, apuntadas recentemente por estudos como o do profesor murciano Juan B. Vilar<sup>4</sup>, tan diversas como foron os cambios climáticos, os factores bélicos derivados da presión militar duns pobos sobre outros, as diferenzas no desenvolvemento económico e demográfico e por motivos políticos de carácter represivo<sup>5</sup>.

A emigración española na época contemporánea centrouse en dous ámbitos fundamentais: América e Europa. Os cambios económicos, sociais e políticos europeos no século XIX crearon as condicións que favorecían a saída da poboación. Deste modo, o continente americano recibiu nos últimos decenios do século XIX e os dous primeiros do XX uns grandes continxentes de poboación europea, especialmente italiana e española.

---

<sup>2</sup> *Curso de Derechos Fundamentales. Teoría General*. Universidade Carlos III de Madrid. BOE. Madrid, 1995, p. 318.

<sup>3</sup> Ver ao respecto o traballo de Pedro RABANAL CARBAJO: «Trabajadores nacionales desplazados temporalmente y legislación aplicable» no que realiza unha esesese interesante sobre a aplicación da lei 45/1999, do 29 de novembro sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional. *Anuario de la Facultad de Derecho de Ourense*. Universidade de Vigo. 2003.

<sup>4</sup> *Murcia: de la emigración a la inmigración*. Fundación Centro de Estudios Históricos e Investigaciones Locales de la Región de Murcia. Murcia, 2002.

<sup>5</sup> Resulta de interese neste sentido o traballo de M. NAVARRO LÓPEZ, «El contexto socioeconómico de la emigración continental española (1945-1975)» contido no volume compilado por J. A. GARMENDIA, *La emigración española en la encrucijada. Marco general de la emigración de retorno*. C.I.S., Madrid, 1981.

A maior parte da emigración española a América centrouse, por motivos lingüísticos e culturais, en xeral na América latina, e así foron Brasil, Uruguai e Arxentina os que nun primeiro momento recibiron un maior fluxo migratorio desde España. Posteriormente incorporáranse países como Cuba, México ou Venezuela.

Pola contra, a emigración española a Europa é moito máis recente e pode localizarse basicamente no escenario posterior á segunda guerra mundial e referida aos países da Europa occidental (fundamentalmente Gran Bretaña, Alemaña, Países Baixos, Suíza e Francia).

Esta formulación xeográfica e histórica debe sernos de utilidade para non perder de vista a relativa inmediatez na que se produciu o cambio sociolóxico en España respecto ao problema emigración *versus* inmigración. En efecto, estes compatriotas que abandonaron o territorio español conservan, na súa maioría, a nacionalidade española e, polo tanto, como tratarei de expoñer en diante son acredores dos dereitos que a Constitución española garante a todos os cidadáns<sup>6</sup>. Estas afirmacións tampouco poden descoñecer o angustioso problema inmigratorio que o noso país está experimentando, fenómeno que, polo demais, se encontra en ocasións interrelacionado co retorno de emigrantes españois ou dos seus descendentes e, como apunta Colomer Viadel<sup>7</sup>, pertencen ao noso universo cultural e civilizador e as súas posibilidades de integración son, por tanto, máis rápidas e intensas.

## 2. Os condicionantes constitucionais no texto de 1978

O momento histórico no que se aprobou o texto da nosa Carta magna determina a redacción e tratamento xeral que esta lle outorga á emigración. De feito, soamente nun artigo desta se fai unha referencia directa aos emigrantes españois no estranxeiro.

Ademais desta escasa atención do texto constitucional aos dereitos dos emigrantes, o tratamento que a xurisprudencia do Tribunal Consti-

<sup>6</sup> A nacionalidade, como apunta o profesor DÍEZ DE VELASCO, é un vínculo que liga a un individuo cunha determinada organización política estatal, determinando a pertenza xurídica dunha persoa á poboación dun Estado. *Instituciones de Derecho internacional Público*, tomo I. Tecnos. Madrid, 1994, páxina 504. Perspectiva esta que tampouco é ignorada polo lexislador comunitario cando se ocupa de disciplinar os dereitos fundamentais dos estranxeiros recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. Así a Directiva 2003/109 do Consello (Diario Oficial da Unión Europea do 23 de xaneiro de 2004) relativa ao estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración.

<sup>7</sup> *Emigrantes y estabilidad en el Mediterráneo. La polémica ley de extranjería*. Editorial Punto y coma. Valencia 2001, p. 16.

tucional fixo dos dereitos fundamentais en relación á súa conceptualización e clasificación<sup>8</sup>, tampouco favoreceu que o lexislador tomara realmente en serio a defensa de tales dereitos dos españois no exterior, e esta foi unha consecuencia máis da defectuosa técnica seguida pola nosa Carta magna á hora de, como sinala Pedro Cruz Villalón<sup>9</sup>, tratar unha categoría básica no dereito constitucional contemporáneo como son os dereitos fundamentais.

A ausencia dunha regulación prolixa da emigración non supón, ao meu xuízo, unha insuficiencia de base constitucional para a defensa e tutela dos dereitos dos emigrantes. De feito, existe coincidencia en manter que a base ou fundamento xurídico último de todo dereito fundamental encóntrase na dignidade da persoa humana<sup>10</sup>, e non teño ningunha dúbida acerca de que a extraterritorialidade do exercicio dos dereitos constitucionais non debilita (ou mellor, non debería debilitar) o status dos nosos emigrantes.

Desde o punto de vista das migracións interiores, non hai que esquecer que o mesmo texto constitucional consagra, con efectos directos para os cidadáns españois que cambian de lugar de traballo, no seu artigo 19 o dereito dos españois a «elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional» e o 139.2 a liberdade de circulación e establecemento das persoas en todo o territorio español.

### 2.1. A cláusula proveniente do dereito italiano (Lelio Basso)

Nesta orde de cousas o presuposto fundamental do que temos de partir non é outro que o contido do artigo 9.2 da Constitución española. Este precepto, como é ben sabido, di que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. Esta cláusula é un correlato lóxico da cualificación do Estado como social no artigo 1 da Constitución, se ben os seus efectos xurídicos

---

<sup>8</sup> A doutrina do Tribunal é tildada por algún autor como evasiva e «anfíboloxica» e, ás veces, ata contradictoria. Cfr. Gregorio CÁMARA VILLAR: *Votos particulares y Derechos fundamentales en la práctica del Tribunal Constitucional Español (1981-1991)*. Ministerio de Xustiza. Madrid, 1993, p. 75.

<sup>9</sup> No seu traballo: «Formación y evolución de los derechos fundamentales», na obra colectiva *Introducción a los derechos fundamentales*. X Jornadas de Estudio. Dirección General del Servicio Jurídico del Estado, Ministerio de Xustiza, 1988, vol. I, p. 158.

<sup>10</sup> Así se contén nas conclusións da excelente monografía de Magdalena LORENZO RODRÍGUEZ-ARMAS: *Análisis del contenido esencial de los derechos fundamentales enunciados en el art. 53.1 de la Constitución española*. Editorial Comares. Granada 1996.

directos foron relativizados por autores como Garrorena<sup>11</sup> que entenden que «a fórmula en cuestión non realiza referencias normativas individualizables e, por tanto, concretables inmediatamente nun dereito subxectivo xurisdicionalmente esixible».

A Constitución non podía ir máis alá, ou o que é o mesmo en palabras de Vieira de Andrade<sup>12</sup>, a satisfacción dos dereitos sociais depende dos recursos materiais do Estado, polo que a Constitución non pode determinar o seu contido. Trátase, en definitiva, como sinala a Sentenza do Tribunal Constitucional do 8 de abril de 1981, de recoñecer que «ningún dereito, nin aínda os de natureza ou carácter constitucional, pode considerarse como ilimitado»<sup>13</sup>.

A mera lectura da cláusula constitucional ex artigo 9.2 denota a súa potencialidade aos efectos de que as administracións competentes aborden os problemas tan urxentes que afectan a boa parte dos emigrantes españois no estranxeiro, e que ademais como veremos, encontran abundante apoio no articulado do noso texto fundamental.

Con todo, o debate dos nosos días acerca da materialización das demandas do Estado social e os seus rozamentos, cando non choques frontais, co crecemento dos gastos estatais e a liberdade internacional de mercado vén matizar os efectos prácticos da cláusula *Lelio Basso* na Constitución. Como apuntou Aragón Reyes<sup>14</sup>, a asunción de tarefas sociais polo Estado maniféstase a través dunha actuación prestacional sostida co diñeiro público, e os seus custos resultan dificilmente soportables en situacións de crises económicas. En palabras de Carl Schmitt, «todo dereito a prestacións alleas é limitado» e, polo tanto, os dereitos sociais teñen un carácter limitado a diferenza dos dereitos clásicos concibidos desde unha perspectiva absoluta.

<sup>11</sup> A. GARRORENA MORALES, *El Estado español como Estado social y democrático de Derecho*, Tecnos, Madrid, 1984, p. 99. Para unha aproximación inicial ao contido constitucional dos dereitos dos emigrantes pode consultarse o meu artigo: «La actuación de los poderes públicos autonómicos y el derecho fundamental del artículo 42 de la Constitución española». *Revista galega de Administración Pública* nº 28. 2001, pp. 365 e seguintes.

<sup>12</sup> VIEIRA DE ANDRADE: «Direitos fundamentais», en *Polis-Enciclopedia verbo da Sociedade e do Estado*. Lisboa, Verbo, 1984, Volume II.

<sup>13</sup> STC 11/1981, do 8 de abril. Fundamento xurídico 7º.

<sup>14</sup> *Libertades Económicas y Estado Social*. McGraw-hill. Madrid. 1995, p. 134.

## 2.2. Os principios constitucionalizados no ámbito da política social e económica.

Aprell Lasagabaster<sup>15</sup> preocupouse de destacar a aplicabilidade limitada que, para os non nacionais, teñen as prescricións contidas no capítulo terceiro do título primeiro da nosa Constitución. Deste modo entendo que, ao contrario, débese concluir a plena asunción da súa vixencia para todos os españois, e obsérvese que a nosa lexislación constitucional non require en ningún momento da residencia efectiva dos cidadáns para que tales dereitos lles resulten aplicables, polo que non caberá unha interpretación restritiva respecto aos emigrantes nesta materia.

A previsión do artigo 42<sup>16</sup> da Constitución no sentido de que o Estado deba procurar especialmente a salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro, e orientar a súa política cara ao seu regreso, non pode facer perder de vista a existencia doutros mandatos do constituínte que resultan de directa aplicación aos cidadáns da diáspora.

Deste modo a protección disposta no artigo 50 do texto constitucional en relación coa garantía que deben outorgar os poderes públicos, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas á suficiencia económica dos cidadáns na terceira idade, resulta de aplicación inmediata a todos aqueles que emigraron en idade de exercer a plenitude dos seus dereitos laborais e se encontran hoxe nunha fase da súa vida non activa laboralmente. En todo caso, encontrámonos de novo como constata Rubio Llorente<sup>17</sup>, cun conxunto de dereitos que non son susceptibles de amparo, de tal modo que o Tribunal Constitucional non dubidou en rexeitar eses eventuais «dereitos laborais» que lle foron alegados.

Hai que lembrar que ese mesmo artigo incide na necesidade de promover o benestar da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atendan os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e

---

<sup>15</sup> «Extranjero y ciudadano. Los Derechos personales de los extranjeros y condicionantes administrativos a su libertad y seguridad jurídica». Traballo incluído en *Los derechos fundamentales y libertades públicas*. XII Jornadas de estudio de la Dirección General del Servicio Jurídico del Estado. Volume I. Ministerio de Xustiza. Madrid. 1992, p. 477.

<sup>16</sup> Marín López destacou a posibilidade introducida pola lei 36/2002 de acceso á nacionalidade española para máis de 500.000 persoas nos países iberoamericanos, en parte a causa das malas condicións económicas e á esperanza de mellorar a súa situación en España. Esa lei expresa na súa exposición de motivos a súa vontade de materializar o disposto no artigo 42 do texto constitucional. «La reforma parcial del Derecho de la nacionalidad: La ley 36/2002, de 8 de octubre». *Revista española de Derecho Internacional*. Vol. LIV. 2002, p. 787.

<sup>17</sup> *Derechos fundamentales y principios constitucionales (Doctrina jurisprudencial)*. Ariel Derecho. Barcelona, 1995, p. 691.

ocio. Quizais en relación con este mandato constitucional, preséntase de aplicación como a ningún a doutrina contida en sentenzas como a 27/1981, que aseveran que a finalidade de promover a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra, «en ocasións, esixe unha política legislativa que non pode reducirse á pura igualdade ante a lei». Deste modo, as prestacións económicas aos emigrantes deberían, ao meu modo de ver, reflectir a situación económica e do contorno do destinatario destas, pois unha idéntica axuda pública pode alcanzar a súa finalidade nun país e ser totalmente escasa noutro (pensemos nos escenarios inflacionistas que se producen constantemente en certos países de América).

Como resulta coñecido, unha das temáticas de maior actualidade entre a emigración española, sobre todo en Sudamérica, é a da protección da saúde. Deste modo o principio constitucional do artigo 43, que obriga aos poderes públicos a tutelar a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. Neste mesmo sentido o artigo 41 obriga aos poderes públicos a manter un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente no caso de desemprego. O perfil outorgado constitucionalmente a este dereito foi obxecto de estudo por parte da doutrina desde tempos moi iniciais da nosa recente democracia. Así, autores como Vera Jurado<sup>18</sup> afirmaron, con pleno acerto, que os principios básicos do dereito recoñecido no artigo 43 eran novos no dereito español e dun alcance fundamental (principio de igualdade e universalización das prestacións sanitarias, descentralización da sanidade e participación cidadá na xestión sanitaria).

A situación dos emigrantes españois na zona da Plata e, moi especialmente, na conurbación urbana de Bos Aires, chegou a situacións límite que foron recoñecidas en estudos recentes das Universidades de Bos Aires e de Alacant<sup>19</sup> nos que se deixa constancia dos niveis de exclusión social da poboación de certos barrios como San Telmo e La Boca, nos que a presenza de españois é abundante.

Ao meu xuízo, estas proclamacións constitucionais no ámbito da saúde non poden concluír senón o recoñecemento claro do dereito de *todos os españois*, e non só os que viven no noso territorio, a unha sanidade

<sup>18</sup> Na súa colaboración «Los grandes servicios públicos - Sanidad» contida no tomo III da obra colectiva *El Estado de las autonomías. Los sectores productivos y la organización territorial del Estado*. Dirixido por Antonio JIMÉNEZ-BLANCO e Julián MARTÍNEZ SIMANCAS. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S.A., pp. 2.181 e seguintes.

<sup>19</sup> Refírome ao estudo de Fernando DÍAZ ORUETA, M<sup>a</sup> Luisa LOURÉS, Carla RODRÍGUEZ e Verónica DEVALLE: «Ciudad, territorio y exclusión social. Las políticas de recualificación urbana en la ciudad de Buenos Aires». *Reis. Revista española de investigaciones sociológicas*, n<sup>o</sup> 103, 2003.



pública e adecuada aos estándares propios da economía do benestar. Todo isto encadra, ademais, perfectamente no que se cualificou como «proceso de relativa independización da protección da saúde»<sup>20</sup>, xa que no noso sistema é perfectamente conciliable co expresado pola Constitución a existencia dunha rede pública baseada no principio profesional-contributivo co carácter universal do dereito e o seu gozo por vía asistencial.

Por último, entendo que disposicións como as contidas nos artigos 44 (promoción e tutela do acceso á cultura) e 48 (promoción das condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural) son de plena aplicación ao colectivo dos emigrantes españois. Non pode perderse de vista en ningún momento que se trata de cidadáns españois con todas as consecuencias que a nacionalidade leva consigo, tal e como apuntou xa moi cedo o Tribunal Internacional de Xustiza, entre outros, no caso *Nottebohm*<sup>21</sup>, e por iso deben instrumentarse as vías xurídicas precisas (tales como convenios ou tratados internacionais) para que o libre desenvolvemento da personalidade dos emigrantes non sufra menoscabos respecto dos residentes.

### 2.3. A garantía dos principios constitucionalizados no capítulo III do título I

O debate acerca da eficacia dos principios rectores da política social e económica contidos no capítulo III do título I da nosa Constitución presenta todo o seu vigor cando se trata de poñer a proba o status de cidadáns como os nosos emigrantes que, tal e como expuxen, vense afectados por varios dereitos nese lugar consagrados. Certo é que tal e como dispón o artigo 53.3 estes dereitos só poden ser alegados ante a xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan. Agora ben, ese mesmo artigo encárgase de dicir que o recoñecemento, o respecto e a protección de tales principios informará a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

Por outro lado, e como puxo de manifesto Gallego Anabitarte<sup>22</sup>, certos dereitos contidos dentro dos principios rectores da política social e económica foron relativizados en sentenzas do noso alto tribunal, que se

---

<sup>20</sup> Manuel Ramón ALARCÓN CARACUEL: «Veinte años de ordenamiento laboral y de la Seguridad social conforme a la Constitución», contido no volume *20 años de ordenamiento constitucional. Homenaje a Estanislao de Aranzadi*. Editorial Aranzadi, 1999.

<sup>21</sup> A súa sentenza do 6 de abril de 1955 di que: «a nacionalidade serve ante todo para determinar que aquel a quen se confire, goza de dereitos e está suxeito ás obrigas que a lexislación deste Estado concede ou impón aos seus nacionais». *Cour Internationale de Justice: Recueil des arrêts, avis consultatifs et ordonnances*, 1955, p. 20.

<sup>22</sup> *Derechos fundamentales y garantías institucionales: análisis doctrinal y jurisprudencial*. Ediciones de la Universidad Autónoma de Madrid. Civitas. Madrid, 1994, p. 256.

encargou de matizar para estes supostos o seu carácter predominante de *garantía institucional*, posibilitando así regulacions que debilitan por exemplo a libre elección de profesión ex artigo 35 da Constitución. Nada tería, pois, de estraño que cando por vez primeira a xurisprudencia constitucional se aproxime ao contido da protección dos emigrantes poida xustificar limitacións nos seus dereitos, se ben entendo que tal opción xurisprudencial sería desafortunada e afastada da realidade social destes cidadáns españois.

Resulta evidente que estes principios rectores da política social e económica, interpretados desde a perspectiva pluralista querida pola Constitución<sup>23</sup>, deben proxectar a súa forza sobre os dereitos fundamentais dos emigrantes españois. Será labor dos aplicadores das leis que os desenvolvan (fundamentalmente xuíces e funcionarios) lograr que o ordenamento no seu conxunto respecte esta concepción constitucional.

Así formulado o problema, suscítase a dúbida de se a liberdade de configuración legal de tales dereitos pode posibilitar políticas públicas que se encontren próximas ao descoñecemento ou transgresión do recoñecido nos preceptos da Constitución. Desde outra perspectiva, podería considerarse a existencia dunha sorte de inconstitucionalidade por omisión ante o descoñecemento na lexislación positiva dunha plasmación real dos dereitos que os emigrantes teñen recoñecidos *ex constitutione*. Como resulta sabido, nesta orde de cousas Mortati<sup>24</sup> inclinouse claramente pola necesaria subordinación do lexislador aos mandatos constitucionais, defendendo un papel activo do Tribunal constitucional fronte ás omisións lexislativas.

Tendo en conta que os principais problemas da emigración española afectan ao contido de certos principios de política social e económica, máis que atender a posibles inconstitucionalidades por problemáticas configuracións legais dos dereitos, encontráronos ante o problema, apuntado por González Beilfuss<sup>25</sup>, da relación entre o principio de proporcionalidade na lei e o principio de proporcionalidade na aplicación da lei, aspecto este que resulta de difícil xusticiabilidade ante o Tribunal Constitucional.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional encargouse de remarcar os efectos dos dereitos fundamentais en sentenzas como a 18/1984 que

<sup>23</sup> En palabras de Juan Andrés Muñoz Arnao na súa monografía: *Los límites de los Derechos Fundamentales en el Derecho Constitucional Español*. Aranzadi Editorial, Pamplona, 1998, p. 35.

<sup>24</sup> «Appunti per uno studio sui rimedi giurisdizionali contro comportamenti omisivi del legislatore», en *Il Foro italiano*, V, 1970, pp. 153 a 191.

<sup>25</sup> *El principio de proporcionalidad en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional*. Aranzadi, Cizur Menor, 2003.

declaran: «...a suxeición dos poderes públicos á Constitución tradúcese nun deber positivo de dar efectividade a tales dereitos en canto á súa vixencia na vida social, deber que afecta ao lexislador, ao executivo e aos xuíces e tribunais no ámbito das súas funcións respectivas», pero ao mesmo tempo limitan o propio papel a desempeñar polo máximo intérprete da Constitución cando afirma, respecto á necesaria busca dos medios para lograr a igualdade, ex artigo 9.2 CE, que «...tales poderes públicos son o lexislador e o Goberno os que teñen o poder de iniciativa e non este Tribunal»<sup>26</sup>. Trátase, como apunta Gavara de Cara, de recoñecer por parte do Constitucional que a súa aplicación do principio de proporcionalidade ten un alcance e unha intensidade moi limitada, xa que non pode asumir un papel de lexislador imaxinario e realizar consideracións políticas, económicas ou de oportunidade que lle son institucionalmente alleas e para as cales non está organicamente creado<sup>27</sup>.

### 3. As políticas públicas emigratorias na nosa recente democracia

Ao longo destes vinte e cinco anos que seguiron á Constitución española, os poderes públicos desenvolveron actuacións en relación cos emigrantes, se ben con distintos graos de implicación e resultados. En efecto, tanto o Estado como as comunidades autónomas e as entidades locais levaron a cabo, no ámbito das súas respectivas competencias, distintas políticas públicas de protección dos cidadáns españois no estranxeiro.

As actuacións dos poderes públicos contan, como xa apuntei, cunha base constitucional sólida que demanda un posicionamiento decidido a favor da protección destes cidadáns. Con todo, hai que recoñecer desde un primeiro momento que a tutela xurídica de tales dereitos é moi débil, pois como vimos de comentar, trátase de títulos constitucionais na súa maior parte subtraídos á defensa que outorga o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. Esta constatación non debe impedirnos coincidir con autores como De Castro Cid<sup>28</sup> no recoñecemento de que a posición definitiva dos dereitos nun sistema social dado depende de factores dispares, sen que abonden, a pesar da súa evidente eficacia, os medios de tutela xurisdiccional.

<sup>26</sup> STC 189/1987, fundamento xurídico 10º.

<sup>27</sup> Así na sentenza 161/1997, fundamentos xurídicos 11 e 12. Citados polo autor no seu traballo: «El principio de proporcionalidad como elemento de control de la constitucionalidad de las restricciones de los Derechos fundamentales». *Revista de actualización Aranzadi Tribunal constitucional*. 2004, p. 103.

<sup>28</sup> Entre outros traballos resulta de interese o seu libro: *Los derechos económicos, sociales y culturales. Análisis a la luz de la teoría general de los derechos humanos*. Universidade de León, 1993.

Recentemente o apoio xurídico da protección dos emigrantes recibiu un respaldo relevante con motivo do avance dos documentos comunitarios<sup>29</sup> que adiantan a existencia dunha Constitución europea. A través da base constitucional do artigo 93, os dereitos atribuídos pola futura Constitución europea servirán para a tutela dos intereses dos nosos emigrantes na Europa comunitaria e fóra dela.

### 3.1. O ámbito estatal de protección dos dereitos

A responsabilidade máis substantiva descansa no ámbito estatal. Neste sentido, a Administración Xeral do Estado asumiu as competencias en materias tan decisivas como as da saúde e os servizos sociais que, exercidas fundamentalmente a través do servizo exterior do Estado, tratan de atender do mellor modo posible aos españois desprazados. O punto de partida lexislativo preconstitucional é a Lei 33/1971, do 21 de xullo, de emigración, que deu fundamento á definición de emigrante contida na Orde ministerial do 10 de xaneiro de 1989: «españóis que se trasladan a un país estranxeiro, por causas de traballo, profesión ou actividade lucrativa, sempre que na súa execución ou exercicio deban observarse totalmente ou a determinados efectos, disposicións laborais ou de Seguridade social que rexan no mencionado país ou en España»<sup>30</sup>.

Desde o punto de vista lexislativo as Cortes Xerais participaron, como non podía ser doutro modo, na aprobación de sucesivas reformas do réxime da nacionalidade contemplado no Código civil. O continuo problema da tensión entre o *ius soli* e o *ius sanguinis* veu sendo obxecto de tratamento polas que son denominadas polos nosos emigrantes como «leis de nacionalidade». Trátase dunha dialéctica que, en termos de Bastida Freijedo<sup>31</sup>, transcende unha concepción pechada de pertenza a unha nación (*ius sanguinis*) fronte a unha idea aberta da nación (*ius soli*). A tendencia declarada dos últimos anos foi a de flexibilizar o acceso á nacionalidade española para aquelas persoas que contan cun parentesco, sexa por consanguinidade ou afinidade con cidadáns españois emigrados.

<sup>29</sup> Tal é o caso do artigo 8.2 *Ciudadanía de la Unión* que atribúe o dereito a acollese no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexa nacional, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. *Proyecto de Tratado por el que se instituye una Constitución para Europa*. Convención Europea. Luxemburgo. Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas, 2003.

<sup>30</sup> Definición que é considerada desfasada por Enrique Arnaldo Alcubilla na súa tese doutoral: *El derecho de sufragio de los emigrantes en el ordenamiento español*. Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1995, p. 94.

<sup>31</sup> No seu comentario ao artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Asturias contido na obra colectiva: *El Estatuto de Autonomía del Principado de Asturias. Estudio Sistemático*. Junta General del Principado de Asturias, 2003.

Recentemente Gil Rodríguez<sup>32</sup> sinalou os importantes cambios recollidos pola lei 36/2002, do 8 de outubro de modificación do Código civil en materia de nacionalidade. Resumindo, e no que afecta máis directamente aos nosos emigrantes, a lei supón: o recoñecemento de opción á nacionalidade española a favor dos fillos de emigrante, os cambios na adquisición da nacionalidade española por residencia, e a reconsideración da «conservación» da nacionalidade en relación á súa posible perda, cos efectos específicos para os netos de emigrante.

### 3.2. Comunidades autónomas e dereitos da diáspora

As distintas comunidades autónomas españolas viviron a temática da emigración dun modo moi diferente. Non cabe dúbida que comunidades tradicionalmente emigrantes como Galicia ou Andalucía implicáronse, política e administrativamente, moito máis na cuestión que outras nas que o fenómeno é case anecdótico. As competencias autonómicas viñéronse filtrando na protección social dos emigrantes a través de liñas de actuación que complementan a tutela xeral outorgada pola Seguridade social do Estado. Ademais, non poden perderse de vista outro tipo de axudas de carácter cultural individual e societario que tratan de manter os vínculos culturais e afectivos entre os españois no estranxeiro e a súa comunidade de orixe.

A cuestión da descentralización territorial foi vista por autores como La Pergola<sup>33</sup> como problemática respecto á xeneralización dos dereitos sociais. Esta valoración prodúcese desde unha perspectiva que, ao meu xuízo, debe matizarse por canto a necesaria coordinación e cooperación entre institucións pode, moi ao contrario, colaborar na mellora dos resultados destas políticas públicas, e diso é bo exemplo o caso español.

Unha parte da nosa doutrina constitucional (Martínez Estay) expuxo o dubidoso carácter xurídico e de aplicabilidade directa do dereito á Seguridade social, aspecto que resulta de notable relevancia para o caso dos emigrantes. Con todo, e recoñecendo o carácter programático de política social para os poderes públicos que a xurisprudencia constitucional lle recoñece (así sentenzas como a 134/1987, do 21 de xullo, a 113/1989, do 22 de xuño, a 3/1993, do 14 de xaneiro ou a 37/1994, do 10 de febreiro)

---

<sup>32</sup> «Aproximación a la ley 36/2002, de 8 de octubre, de modificación del Código civil en materia de nacionalidad: emigración e inmigración». *Revista del Poder judicial*. N° 68, páxinas 105 e seguintes. Igualmente Eduard SAGARRA TRIAS: «Modificación de la regulación de la nacionalidad española en el Código civil». *Revista Jurídica de Catalunya*, n° 2. 2003, p. 63 e seguintes.

<sup>33</sup> «El federalismo cooperativo: entra en escena el new deal», en *Los nuevos mundos del federalismo*. CEC, Madrid, 1994.

paréceme máis axustado ao noso panorama constitucional poñer de manifesto, con outros autores como González Moreno<sup>34</sup>, a vinculación directa para a Administración destas obrigas sociais, que entroncan co que se veu denominando «determinacións de fins do Estado».

### 3.3. As administracións locais e a emigración española

Aínda que cuantitativamente resulten menos relevantes, non por iso son minusvalorables as actuacións das distintas entidades locais (municipios e provincias) en relación aos emigrantes españois. Deste modo, non é extraordinario que concellos especialmente afectados pola emigración consignen nas súas partidas orzamentarias cantidades para sufragar os gastos de centros participados por naturais do seu termo territorial que se crearon no estranxeiro, aos que a miúdo se lles outorgou a denominación da localidade ou partido xudicial de orixe.

Sen dúbida, estas liñas de axuda son moi encomiables e correctas desde a perspectiva xurídico-constitucional, pero atendendo a criterios de eficacia parece máis adecuado que tales medidas se inclúan nun plan autonómico (como conseguiu recentemente o Goberno galego) para a súa máis correcta optimización.

### 3.4. Emigración e cooperación ao desenvolvemento: unha nova dimensión dos dereitos dos residentes ausentes

Debido basicamente á evolución socioeconómica dos países iberoamericanos, a relación das administracións públicas españolas coa emigración veu recibir un tratamento conxunto co fenómeno da cooperación ao desenvolvemento. Deste modo, nos últimos anos puidéronse instrumentar liñas de apoio a colectividades de españois en zonas concretas en países como Arxentina ou Brasil implicando a diversas ONGs e organizacións internacionais. Tales medidas preséntanse como perfectamente lóxicas, posto que unha parte da nosa emigración menos favorecida economicamente desenvolve a súa peripecia vital en contextos propios de países subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento. Os novos conceptos do desenvolvemento humano<sup>35</sup> incorporaron ao crece-

<sup>34</sup> No primeiro caso está a obra de M. ESTAY *Jurisprudencia Constitucional Española sobre Derechos Sociales*. Editorial Cedecs. Barcelona 1997. Na postura que entendo máis aperturista encóntrase o interesante libro de Beatriz GONZÁLEZ MORENO: *El Estado Social. Naturaleza jurídica y estructura de los derechos sociales*. Universidade de Vigo-Ci-vitas, 2002.

<sup>35</sup> Así pode corroborarse en Sara Garrido: «La aportación de la cooperación internacional al desarrollo y a la democratización». *Papeles de cuestiones internacionales*, nº 83, outono 2003.

mento económico variables sociais, políticas e culturais para tomar como medida a vulnerabilidade da poboación, entendida como a súa capacidade de facer fronte a factores externos que lle afecten. Neste sentido as actuacións públicas de cooperación supoñen unha vía para a garantía dos dereitos dos emigrantes a través dun mecanismo que antes era totalmente descoñecido polos poderes públicos españois.

Este dato do desenvolvemento paralelo do apoio á emigración, xunto co da cooperación internacional, abre unha liña interesante para que os tres niveis das administracións públicas antes referidas, poidan participar na mellora das condicións de vida dos nosos emigrantes. Polo demais trátase de liñas de actuación xa consolidadas no ámbito da Unión Europea, que como estudou Zwamborn<sup>36</sup>, conta cunha longa tradición no respaldo dos dereitos humanos no estranxeiro dentro dos obxectivos da política exterior europea.

### 3.5. Maxistraturas de opinión, dereitos fundamentais, control da Administración e defensa dos dereitos dos emigrantes

Ademais das actuacións desenvolvidas polas que a doutrina administrativa denomina administracións activas, non se poden perder de vista os importantes papeis que están chamados a desempeñar outras institucións recentemente incorporadas no noso texto constitucional. En concreto, como é ben sabido, o artigo 54 da Constitución española establece que unha lei orgánica regulará a institución do defensor do pobo, como alto comisionado das Cortes xerais, designado por esta para a defensa dos dereitos comprendidos no título primeiro da Constitución.

Como xa se expuxo anteriormente, son varios os dereitos fundamentais consagrados constitucionalmente que os emigrantes españois observan con preocupación en situación crítica. Neste sentido a actividade de supervisión das administracións públicas que debe desenvolver o defensor do pobo debe ser esencial para que esa parte tan importante da nosa cidadanía non se vexa, como no seu día sinalou Celso Montero<sup>37</sup> desamparada no exercicio dunha parte importante dos seus dereitos fundamentais. Non se pode perder de vista que esa actuación supervisora ou comisionado parlamentario debe darlle conta ás Cortes xerais, que en definitiva son as competentes para actuar calquera cambio lexislativo ao respecto.

---

<sup>36</sup> ZWAMBORN, M.: «Human rights promotion and protection through the external relations of the European Community and the twelve», *Netherlands Quarterly of Human Rights*, 1989, vol.7, nº 1.

<sup>37</sup> «La tolerancia, como valor al servicio de los derechos humanos». *X Jornadas de Coordinación entre Defensores del Pueblo*. Barcelona, 1995, p. 76.

A singularidade da problemática que me ocupa levou a que algúns operadores políticos susciten recentemente a creación dun comisionado parlamentario *ad hoc* ao modo en que se creou nalgún ámbito autonómico un órgano específico para a tutela dos dereitos dos menores. Entendo que talvez a creación deste órgano sexa máis necesaria no ámbito autonómico e referida ás concretas problemáticas de certas comunidades autónomas, especialmente cando algunhas delas comezaron a crear unha estrutura administrativa específica<sup>38</sup> que debe ser obxecto de supervisión a través de órganos independentes como o son os *ombudsman*.

#### 4. Problemas e ámbitos carentes de políticas públicas satisfactorias

##### 4.1. O ámbito sanitario e de integración social

Resulta rechamante que nos inicios do século XXI teñamos que cuestionarnos a adopción de políticas públicas que garantan o mínimo vital para algúns cidadáns españois. Como país integrado na Unión Europea e que forma parte do que comunmente se coñece como primeiro mundo, é sorprendente que un número non desdeñable dos nosos cidadáns se atopen nun desamparo asistencial importante. Estas situacións prodúcense fundamentalmente en entornos xeográficos como o arxentino<sup>39</sup>, onde a crise económica, que se agudizou en outubro de 2001, elevou a 19 millóns o número de persoas que non poden facer fronte ás súas necesidades básicas. E todo isto a pesar de programas tan encomiables como a Campaña mundial sobre Seguridade Social e cobertura para todos, aprobada en 2003 pola 91ª reunión da Conferencia internacional do traballo, que ao dicir da doutrina máis reputada<sup>40</sup>, debe converterse nun elemento esencial da estratexia de extensión da Seguridade Social nos países en vías de desenvolvemento.

Como se ocupou de recordar Freixes Sanjuán<sup>41</sup> trátase dunha clase de dereitos dos españois que aínda sen estar configurados como dereitos

<sup>38</sup> Ao respecto pode consultarse o meu traballo: «El Valedor do Pobo como garantía de los derechos de los ciudadanos gallegos». *Anuario de la Facultad de Derecho de Ourense 2003*, pp. 367 a 391.

<sup>39</sup> É particularmente agradable recibir os últimos datos económicos referidos aos países da zona con noticias que falan de indicios de recuperación a principios de 2004. Así o informe do CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera de decembro de 2003.

<sup>40</sup> Wouter Van Ginneken: «Extensión de la seguridad social. Políticas para los países en desarrollo». *Revista Internacional del Trabajo*, volume 122. 2003, nº 3, p. 323.

<sup>41</sup> *Constitución y Derechos Fundamentales. I Estructura jurídica y función constitucional de los Derechos*. PPU, Barcelona, 1992.



públicos subxectivos na Constitución, conteñen unha orde de valores e deben tamén ser interpretados de acordo cos valores superiores do ordenamento xurídico. A lectura da Lei xeral de Seguridade Social deixa meridianamente claro o carácter de dereito de configuración legal outorgado *ex Constitutione* a esta materia, pero isto non debe levarnos a descoñecer, como apunta Cano Bueso<sup>42</sup> para os inmigrantes en España, que o contido esencial debe ser integramente respectado en todo caso, de forma que as limitacións ao seu exercicio cando os titulares sexan emigrantes nunca poderán desnaturalizar o dereito de que se trate, nin suxeitalo a límites tales que o obstaculicen, perturben ou que ese dereito reporta impracticable.

Nesta orde de cousas a aprobación da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde veu delimitar subxectivamente o dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, tomando un criterio territorial que outorga tales dereitos matizando a súa aplicación a españois, estranxeiros, nacionais da Unión Europea e nacionais de terceiros países, e distingue no seu caso segundo existan ou non tratados internacionais na materia. Este enfoque non empece, segundo sinala Fonseca Ferrandis<sup>43</sup>, para que o artigo 3.2 da lei obrigue ás administracións públicas a orientar as súas accións en materia de saúde incorporando medidas activas que impidan a discriminación de calquera colectivo de poboación (léase no noso caso emigrantes) que por razóns culturais, lingüísticas, relixiosas ou sociais teña especial dificultade para o acceso efectivo ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

Máis recentemente as reformas legislativas autonómicas trataron de abordar a perentoria situación sanitaria mediante o recoñecemento do importante papel que estas administracións deben desempeñar en relación á atención dos nosos emigrantes no exterior<sup>44</sup>. Esta vía, a da asunción do problema integrándoa no sistema de saúde das comunidades autónomas, preséntase como un dos máis esperanzadores para a colonia, sobre todo tendo en conta as limitadas competencias que na materia sanitaria ten na actualidade o Estado ao respecto.

No ámbito da protección social constituído fundamentalmente polas pensións asistenciais ou non contributivas as noticias máis recentes son

---

<sup>42</sup> «Los derechos de los extranjeros en España: una perspectiva constitucional». *Revista de Derecho Político*, nº 57, 2003, pp. 11 a 30.

<sup>43</sup> No seu traballo: «El modelo de prestación sanitaria articulado por la Ley 16/2003, de 28 de mayo, de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud». *Actualidad Administrativa*, nº 38, 2003, p. 905.

<sup>44</sup> Así ocorre co artigo 31 da Lei de ordenación sanitaria de Galicia do 9 de decembro de 2003, que acode á habilitación competencial específica prevista no artigo 7 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

esperanzadoras, e así o mínimo de ingresos ao ano que se garanten para os emigrantes maiores de 65 anos aumentou respecto a 2003 nun 105%, o que, en casos como o de Arxentina supón unha suma mensual superior ao salario medio daquel país<sup>45</sup>. Ademais os requisitos para percibir as pensións por anciandade son as mesmas en España e no exterior: cumprir a idade e carecer de ingresos que alcancen o límite fixado. A única diferenza reseñable é que a contía da pensión non contributiva en España é a referencia para a pensión asistencial mentres que no exterior se toman outros factores, que fan cualificar como complexo o procedemento a xuízo de Alonso Olea<sup>46</sup>, como o nivel de vida do país, a renda *per capita*, e o nivel salarial e das pensións, entre outros. Estas innovacións unidas ás progresivas aperturas de centros de día, servirán para atender unha problemática moi específica, a da cuarta idade ou persoas con alto grao de dependencia.

Como pode comprobarse a efectivización dos mandatos do Estado do benestar contidos na nosa Constitución require, cando de países en desenvolvemento falamos, certas matizacións, e sobre todo como sinala Angel-Manuel Abellán<sup>47</sup>, da aplicación nun modelo adecuado de conxuntura económica internacional. En definitiva, trátase de problemas que só parcialmente poden ser abordados desde a perspectiva do Estado-nación, pois aféctanlle a rexións moi amplas e a colectividades moi numerosas. Por iso o tradicional enfoque de apoio ao emigrante que partía do esquema cuatripartito de axudas: a fase preparatoria á emigración, a protección durante a viaxe, durante a estancia no estranxeiro e a repatriación bonificada, debe ser superada comprendendo ademais que na actualidade o emigrante español é unha persoa de idade avanzada e con escasos desexos de retornar a España.

#### 4.2. A participación política dos emigrantes

Cando Schumpeter definía a democracia como a ordenación institucional encamiñada a tomar decisións políticas, e na que algúns adquiren a facultade de decidir a través dunha loita en concorrencia, a fin de facer seus os votos do pobo, seguro que estaba dando por suposto que esa facultade debe adquirirse nun marco de transparencia e racionalidade da que, en ocasións, carecen as eleccións no noso sistema político. Certamente como explicarei posteriormente non é lóxico pensar que en pleno

<sup>45</sup> En declaracións do director xeral de Ordenación das migracións do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de España. Bos Aires. Axencia EFE, 23/02/2004.

<sup>46</sup> *Instituciones de Seguridad Social*. Civitas, Madrid, 1998, p. 553.

<sup>47</sup> «La problemática del Estado del Bienestar como fenómeno internacional». *El Constitucionalismo en la crisis del Estado social*. Miguel Angel Herrera (dir.) Universidade do País Vasco, 1997, p. 209.

século XXI os procesos electorais en España non garantan plenamente a participación de todos os cidadáns, especialmente e por problemas moi variados, a dos residentes no exterior.

O dereito á participación política que o artigo 23 da Constitución lles reconece aos cidadáns supón, como resulta coñecido, tanto a posibilidade de participar nos procesos electorais en condicións de igualdade exercitando o dereito de sufraxio activo, como a través dos seus representantes libremente elixidos en eleccións periódicas mediante sufraxio universal. Encontrámonos ante uns dereitos que Cruz Villalón<sup>48</sup> denominou «vinculados aos nacionais» e que habitualmente só teñen atribuídos os cidadáns dese país e expresamente prohibidos os estranxeiros.

No caso dos emigrantes o seu dereito de voto vese dificultado notablemente polo procedemento do coñecido como «voto rogado» previsto na nosa Lei orgánica de réxime electoral xeral.

A cuestión non só foi posta de manifesto reiteradamente por parte dos emigrantes españois, fundamentalmente en Latinoamérica, senón tamén por parte dos partidos políticos que son conscientes da relevancia e transcendencia electoral do voto emitido polos emigrantes<sup>49</sup>. Nesta orde de cousas coincido con Pedro de Vega ao entender que a única formulación correcta da política e da democracia non pode ser outra que a que debe facerse tomando ao Estado como ámbito primordial da vida política democrática. Así e no referido ao mundo da emigración, só poderemos entender integrados no funcionamento democrático da nosa sociedade aos residentes no exterior cando estes teñan garantías institucionais plenas (legais e materiais) para o exercicio dos seus dereitos políticos<sup>50</sup>.

O dereito de voto que con carácter xeral se reconece ao emigrante español en todos os procesos electorais merece unha reflexión demorada despois de 25 anos de democracia. Unha vez recoñecida e posta de manifesto a relevancia dos cambios necesarios para efectivizar a participación e transparencia dos votantes no exterior, debe tamén, ao meu xuízo, destacarse o xiro copernicano dos últimos cambios lexislativos<sup>51</sup> que asumen a necesaria apertura do dereito de sufraxio a colectivos residen-

---

<sup>48</sup> «Dos cuestiones de titularidad de derechos: los extranjeros; las personas jurídicas». *Revista española de Derecho constitucional*, nº 35, 1992.

<sup>49</sup> Para as eleccións xerais do 14 de marzo o censo era dun total de 1.091.813 residentes no estranxeiro. Esta cantidade supón un peso político moi relevante, pois en termos absolutos achégase á metade dos votos que poderían computarse nunha comunidade autónoma como a de Galicia.

<sup>50</sup> Pedro de Vega: «La democracia como proceso (consideraciones en torno al republicanismo de Maquiavelo)». *Revista de Estudios Políticos*, nº 120, abril-xuño 2003.

<sup>51</sup> O 20 de febreiro de 2004 aparece nos medios de comunicación a noticia de que o Parlamento belga acorda permitir a participación nas eleccións dos residentes non comunitarios no seu país.

tes que non gozan da nacionalidade. Neste sentido o paradoxo de numerosos concellos galegos nos que o censo e o número de votantes é maioritariamente formado por emigrantes provocou polémicas verbo da conveniencia de que, no ámbito local, sexa admitido o dereito de sufraxio activo para persoas españolas pero que se desvincularan do municipio no que están censadas. (Pensemos en supostos de emigrantes que abandonaron o seu lugar de orixe hai decenas de anos ou incluso descendentes destes que nunca coñeceron esa localidade).

Por todo isto, *lege ferenda*, podemos defender un cambio legislativo que reforce as garantías de participación dos emigrantes nas eleccións políticas (europeas, xerais e autonómicas), nas que se deciden as grandes opcións das políticas públicas que lles afectan a eles e, en xeral, á colectividade. Con todo o dereito de sufraxio activo nas eleccións locais debería estar máis unido á vinculación efectiva do cidadán co concello no que está empadroadado. O contrario pode chegar a producir problemas de convivencia, sobre todo nos lugares nos que a máxima de Jefferson de que os mortos poidan impoñer a súa vontade contra os vivos<sup>52</sup>, non está tan lonxe da realidade, ao ser máis numerosos os censados non residentes (en ocasións con idades rechamantemente superiores aos cen anos) que os veciños efectivos da localidade.

Outra faceta dos dereitos políticos que non atoparon ata este momento unha correcta solución é a referida á correcta representación parlamentaria dos intereses dos emigrantes. A doutrina máis reputada<sup>53</sup> puxo de manifesto con rotundidade a débil posición dos parlamentos contemporáneos para avaliar as políticas públicas de carácter social, e esta constatación é máis manifesta, ao meu xuízo, cando estamos falando de intereses e, en definitiva, dereitos, de cidadáns que residen a gran distancia do órgano representativo.

Esta cuestión ten tamén profunda relación co dereito de sufraxio pasivo dos cidadáns españois no estranxeiro. Unha primeira aproximación ao problema pon de manifesto a dificultade de que un emigrante integrado nas sociedades dos países de acollida tería para participar de modo continuado no seo das asembleas representativas estatais ou autonómicas.

Deixando de lado a polémica que supón unha certa confusión na natureza da representación política, acerca de se a representación destes cidadáns debe ou non vehiculizarse necesariamente a través dun deles,

---

<sup>52</sup> Tomado do libro de Pedro de Vega *La reforma constitucional y la problemática del poder constituyente*. Tecnos, Madrid, 1988.

<sup>53</sup> Joan SUBIRATS: «El análisis empírico de los efectos de la legislación», contido na obra colectiva coordinada por Alberto FIGUEROA LARAUDOGOITIA, *Los procesos de implementación de las normas jurídicas* Instituto Vasco de Administración Pública, 1995, p. 208.

xorde a dúbida sobre cal sexa o mellor foro para a toma en consideración dos intereses dos españois na diáspora. Unha primeira solución podería localizar o problema no ámbito do artigo 68 da Constitución de tal modo que, posto que o Congreso dos deputados é a cámara parlamentaria que exerce todas e as máis importantes constitucionais, sería ese o mellor foro para que os intereses da emigración fosen representados ao máis alto nivel. Na actualidade o noso réxime electoral provoca que os votos dos residentes ausentes se integren nas súas respectivas circunscricións provinciais sen que, polo tanto, exista unha singularización dos intereses representados.

Dun tempo a esta parte postulouse desde distintas formacións políticas a conveniencia de que fose o Senado o foro político onde se recollan as demandas dos emigrantes, de modo paralelo a como a doutrina demanda maioritariamente tamén certa vocación exterior para esta Cámara<sup>54</sup>. Nesta liña parecen enmarcarse decisións recentes dalgúns partidos que optaron por incluír nas súas listas á cámara alta a persoas relevantes da emigración. Posto que o Senado é a cámara de representación territorial cabería pensar na posibilidade de que, ao modo italiano, se crease unha circunscrición territorial fóra do territorio nacional á que se lle deberían de reservar un número determinado de escanos. En todo caso e como sinala Ilenia Ruggiu<sup>55</sup> a racionalización dos esquemas representativos existentes parece ineludible, sobre todo polo risco de que unha exclusiva concentración da representación a nivel executivo que afecte ao correcto funcionamento das dinámicas democráticas.

Estes cambios lexislativos e constitucionais están na base de acordos<sup>56</sup> adoptados no seo do Consello xeral da emigración que demanda desde 1992 a creación dunha circunscrición especial que englobe aos españois residentes no exterior a fin de que poidan así elixir aos seus representantes, tanto no Congreso dos deputados como no Senado.

O outro plano no que poderían ter cabida as demandas da emigración é o dos parlamentos autonómicos. Recentemente en Italia autores como Bruno Di Giacomo<sup>57</sup> cuestionaron a configuración das asembleas

---

<sup>54</sup> Desiderio FERNÁNDEZ MANJÓN: «El Senado y la configuración de una diversidad territorial. Apuntes históricos y situación actual». *Boletín de la Facultad de Derecho. Uned*, nº 21. Segunda época, 2003, p. 15 e seguintes.

<sup>55</sup> «Organos y dinámicas de representación territorial en los Estados Compuestos. Italia y España a debate». *Revista española de Derecho Constitucional*. Ano 23, número 67, xaneiro-abril 2003.

<sup>56</sup> Por exemplo os adoptados no VIII Pleno do III mandato do Consello xeral da emigración, que tivo lugar en Madrid os días 26, 27 e 28 de novembro de 2001.

<sup>57</sup> Bruno di Giacomo Russo: «La Corte Costituzionale e il nomen iuris parlamento». *Quaderni Costituzionali. Rivista Italiana di Diritto Costituzionale*. Ed. Il Mulino. 3/2003, p. 643.

autónomas das rexións (Consiglio regionale) como foros con suficientes atribucións para recibir unha consideración plenamente parlamentaria. Aínda marcando as diferencias que existen co noso Estado autonómico, quizais o principal reparo que puidera presentarse a esta vía representativa sería o do propio marco competencial limitado co que contan as comunidades autónomas respecto dos principais problemas que lle afectan á emigración. En efecto, ningunha das nosas comunidades autónomas dispón de competencias plenas no referido ao réxime da Seguridade Social nin tampouco conta con capacidade normativa en aspectos tan esenciais como a nacionalidade ou a acción exterior do Estado. Ademais en supostos concretos como o galego, tal asunción por parte da comunidade autónoma supón un incremento do custo financeiro de tal entidade que xustifica por si só un cambio no sistema de financiamento autonómico.

O Consello xeral da emigración tamén instou as comunidades autónomas a que *modifiquen os seus diferentes estatutos autonómicos (sic)* para que os seus residentes no exterior poidan elixir aos seus representantes nos diferentes parlamentos autonómicos. Esta demanda presenta similares problemas aos estudados respecto á modificación da circunscrición das Cortes xerais, pois como resulta sabido a reforma dos estatutos de autonomía require conforme ao artigo 147.3 da Constitución, da súa aprobación mediante unha lei orgánica.

Con todo, os tímidos intentos que algún parlamento autonómico levou a cabo mediante a creación de comisións especiais de estudo<sup>58</sup> verbo da situación dos emigrantes merecen unha valoración altamente positiva. Sen que se chegara a unha vía de representación totalmente estabilizada si que a comparecencia de representantes dos colectivos da emigración e as visitas *in situ* realizadas polos parlamentarios colaboraron a que os poderes públicos autonómicos coñezan e sexan máis sensibles á problemática socioeconómica dos nosos emigrantes.

#### 4.3. A cultura como ben esencial dos emigrados

Neste alínea debe de poñerse de manifesto ante todo a existencia dun importante patrimonio cultural vinculado ás colectividades españolas no estranxeiro. Os nosos emigrantes foron constituíndo tanto en Europa como en América numerosas asociacións<sup>59</sup> nas que quedou constancia,

---

<sup>58</sup> Para o caso galego publiquei: «La labor de la Comisión no permanente para el estudio de la situación de los emigrantes del Parlamento de Galicia». *Revista Jurídica de la Universidad de Santiago de Compostela*. Volume 10, nº 1, 2002.

<sup>59</sup> Só referidas a colectividades galegas no exterior poden computarse máis de 250 centros. Fonte: *Memoria de Actividades de la Fundación Galicia Emigración*. Xunta de Galicia, 2003.

tanto patrimonial como documental, da historia dunha parte da sociedade española dos últimos séculos.

Este patrimonio empeza a correr serio perigo cando os países nos que reside pasan por severas crises económicas ou sofren cambios políticos que atentan contra a seguridade política das propias asociacións creadas polos emigrantes. Para isto resulta do maior interese a busca de fórmulas polas cales os poderes públicos (estatais, autonómicos ou locais) poidan implicarse na xestión e incluso na titularidade deses centros para evitar a perda deses bens culturais tan relevantes. Nesta liña enmárcanse recentes acordos como o tomado no Congreso das comunidades aragonesas do exterior<sup>60</sup> que recoñecen o papel destacado das casas e centros de emigrantes no exterior. Ademais o perigo da desaparición e perda desa parte da nosa cultura provén tamén do envellecemento dos membros das distintas colectividades e do progresivo proceso de integración definitiva dos seus descendentes nas sociedades de destino.

Desde o punto de vista da protección a todos os españois e pobos de España no exercicio das súas culturas tradicións e linguas, tal e como proclama o preámbulo da nosa Constitución, resulta tamén imprescindible que as distintas administracións fagan fincapé na tutela da conservación da riqueza lingüística para os emigrantes españois<sup>61</sup>. Esta cuestión resulta particularmente relevante no caso da emigración residente en países de fala no hispana e tamén no referido a aqueles emigrantes bilingües e que perderon o contacto coa riqueza cultural propia da súa comunidade de orixe de fala castelán e autonómica. Neste sentido resultan de enorme interese iniciativas como as levadas a cabo pola Generalitat de Catalunya e a Xunta de Galicia no seu programa de axudas para o ano 2004 nas que se fortalecen aspectos como as novas tecnoloxías, axudando aos centros de emigrantes no exterior a través de Internet e de páxinas especiais para eles.

O dereito á educación consagrado constitucionalmente no artigo 27 da nosa Carta magna presenta tamén facetas de interese no seu goce por parte dos emigrantes españois. En efecto, a situación dos fillos de españois no estranxeiro presenta problemas graves, pois en non poucas ocasións a súa formación académica e científica, axustada ás sociedades de orixe, xera graves dificultades de integración en relación co mercado laboral español e impide ademais a efectivización do mandato do artigo 35 do texto constitucional.

---

<sup>60</sup> Na súa conclusión sétima que pode consultarse na «Crónica del Congreso de las Comunidades aragonesas en el Exterior». Ramón SALANOVA ALCALDE. *Revista Aragonesa de Administración Pública*, nº 21, 2002.

<sup>61</sup> Así se recolle no caso galego. Cfr. O meu traballo: «*Aequitas praefertur rigori: la galleguidad y sus símbolos*». *Revista Galega de Administración Pública*, nº 33, 2003, pp. 261 a 277.

Este obstáculo presentouse como máis claro no caso de emigrantes retornados provenientes de países latinoamericanos (Cuba, Arxentina ou Venezuela) no que o problema da coñecida como «sobreeducación»<sup>62</sup> é manifesto, xa que as súas titulacións académicas non lle facilitan en absoluto a incorporación ao mercado laboral español. Na base de disposicións recentes como o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior encóntrase a constatación do cambio social importante operado en España e a necesidade de afrontar o incremento progresivo da demanda de homologación de títulos por parte de persoas que obtiveron os seus estudos fóra do noso sistema educativo.

Fernández-Miranda recordou recentemente<sup>63</sup> a notable excepción que no tratamento dos dereitos socioeconómicos supón a incorporación dun típico dereito social de prestación no ámbito dos dereitos fundamentais e, incluso, «no ámbito máis duro», pois encontrámonos ante un dereito que ademais de directamente esixible e cun contido esencial indispoñible para o lexislador, se tutelou coas máximas garantías xurisdiccionais e institucionais.

#### 4.4. O dereito ao retorno e á súa difícil instrumentación

O recoñecemento constitucional da necesidade dunha política estatal orientada cara ao regreso dos emigrantes pon de manifesto na actualidade os problemas que esta pode encontrar en relación coa política estatal xeral de inmigración. O problema debe partir da constatación preocupante do dato en España: encontrámonos ante o país europeo que presenta como trazo máis diferencial e definitorio nesta materia o da elevada proporción de inmigrantes en situación irregular, con toda a problemática que esta situación trae consigo<sup>64</sup>.

As últimas reformas da Lei de estranxeiría trataron declaradamente de regularizar o fluxo inmigratorio en España loitando especialmente contra as mafias que provocan a inmigración ilegal. A existencia dun precepto constitucional que promove o regreso dos emigrantes debe de analizarse na situación sociolóxica actual moi afastada da do ano 1978, en que se aprobou a Constitución actualmente vixente. Efectivizar o retorno supón en primeiro lugar preguntarse acerca das vantaxes e inconvenientes que

<sup>62</sup> Para un estudo de esta categoría pode consultarse, HALABY, C.N. (1994), «Overeducation and Skill Mismatch», *Sociology of Education*, 67, pp. 47 a 59.

<sup>63</sup> «El estado social» en *Revista Española de Derecho Constitucional*, nº 69, 2003, p. 161.

<sup>64</sup> Afirmacións de Joaquín ARANGO: «Europa, ¿Una sociedad multicultural en el siglo XXI? El caso de España». *Papeles de Economía Española*, nº 98, 2003, p. 13.



para os nosos emigrantes ten esa decisión, sobre todo para aqueles que contan cunha idade máis avanzada. Ademais favorecer o retorno supón tamén abrir as portas a certos descendentes e familiares que poden non contar coa nacionalidade española e polo tanto esixe unha meditada política que non cree tensións sociais innecesarias<sup>65</sup>.

Aínda que as competencias substantivas no referido ao retorno dos emigrantes son dependentes do Estado, as comunidades autónomas<sup>66</sup> desenvolveron unha política informativa clara e continuada de cara a facilitar aos nosos compatriotas os camiños da volta a casa ilustrándoos acerca de aspectos tan decisivos como os da nacionalidade, a asistencia sanitaria, axudas sociais e pensións, orientación e inserción laboral, iniciativas empresariais, acceso á vivenda e sistema educativo, entre outros. A pesar de algúns intentos negando a competencia autonómica para actuar sobre estas materias con alusión expresa do título competencial estatal en materia de inmigración, coincido con autores como Roig Molés<sup>67</sup> na total viabilidade do establecemento a nivel autonómico ou local de sistemas de integración para os inmigrantes, e aínda con máis fundamento para os emigrantes retornados.

Estes fluxos migratorios de retorno acaecidos durante as últimas décadas son un elemento dinamizador do multiculturalismo nas sociedades receptoras<sup>68</sup>, e España que foi durante anos lugar de emigración pasou a converterse en foco de inmigración, co que a idea de retorno pasa a incluír non só aos que no seu día abandonaron o país, senón aos seus descendentes e colaterais que piden agora unha integración plena na nosa sociedade. Nesta liña reformas lexislativas como a levada a cabo polo Parlamento de Cataluña a través da Lei 25/2002 do 25 de novembro, de medidas de apoio ao regreso dos cataláns emigrados e os seus descendentes, móstranse plenamente conformes coa letra e co espírito constitucional do artigo 42 da Carta magna.


---

<sup>65</sup> Resulta de actualidade a noticia recollida no diario arxentino *La Nación* do 23 de xaneiro de 2004 no que se recolle o gran descontento naquel país tras coñecer a negativa do goberno español á regularización pedida pola administración do presidente Kirchner.

<sup>66</sup> Sirva de exemplo a *Guía para emigrantes retornados 2003*. Xunta de Galicia. Consellería de Emigración.

<sup>67</sup> No seu relatorio: «Autonomía e inmigración: Competencias y participación de las Comunidades autónomas y de los entes locales en materia de inmigración». *Anuario de Derecho Constitucional y Parlamentario*, p. 199 e seguintes.

<sup>68</sup> Interesantes ideas desenvolvidas no artigo de José Martínez DE PISÓN CAVERO: «Ciudadanía e inmigración en las sociedades multiculturales». Número monográfico da *Revista Aragonesa de Administración Pública. Ciudadanía e inmigración*. Zaragoza, 2003, p. 22.


Finalmente e a modo conclusivo creo oportuno recordar unha idea que con motivo de recentes acontecementos internacionais deu lugar a serios debates, sobre todo no ámbito anglosaxón<sup>69</sup>. Trátase da necesidade permanente dos poderes públicos (sexan lexislativos ou executivos, e en todos os ámbitos territoriais) de manter o contacto e saber responder de forma inmediata ás necesidades da opinión pública. Como recorda Tomás de Domingo Pérez<sup>70</sup>, existe un interese obxectivo por parte dos poderes públicos en que os dereitos fundamentais sexan exercidos polos cidadáns. Creo sinceramente que algúns dos datos expostos poñen de manifesto que os nosos emigrantes non sempre contaron ao longo dos últimos 25 anos coa proximidade da Administración nin coa sensibilidade necesaria por parte do lexislador español para a garantía efectiva dos seus dereitos consagrados constitucionalmente. 

---

<sup>69</sup> Así o traballo de David BEETHAM: «Political Participation, Mass Protest and Representative Democracy», contido no n° 4, volume 56 de *Parliamentary Affairs*. Outubro de 2003.

<sup>70</sup> «La argumentación jurídica en el ámbito de los derechos fundamentales: en torno al denominado *chilling effect* el efecto desaliento».







## XORNADAS SOBRE CONVENIOS URBANÍSTICOS

Lugo, 7 e 8 de maio de 2002

Isabel Castiñeiras Bouzas

Avogada

Para moitos, das tres clásicas áreas de división do urbanismo, planeamento, disciplina e xestión, é esta última a que encerra a parte realmente práctica, pois sen xestión non hai posibilidade de materializar actos concretos. Pois ben, de entre todos os instrumentos cos que conta o urbanista á hora de poñer en marcha os seus plans destaca singularmente a figura dos convenios, verdadeira lei interpartes que contribúe a axilizar a tramitación e poder obter resultados de xeito máis inmediato posible dentro dunhas marxes de manobra razoables.

Estas xornadas analizaron a figura do convenio no seu máis amplo sentido, con referencia concreta á súa regulamentación na lexislación autónoma e ao seu tratamento no conxunto das disposicións urbanísticas aplicables. Foi, sen dúbida, unha importante oportunidade para coñecer o *modus operandi*, cómo se debe actuar e a aplicabilidade a determinadas actuacións urbanísticas.

\* \* \* \* \*

Estas xornadas tiveron lugar no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo e foron organizadas pola EGAP en colaboración coa Consellaría da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración

Pública e coa *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*. O encargado da súa dirección foi **Francisco Alegría Martínez de Pinillos** e foron inauguradas polo director da Escola Galega de Administración Pública, **Domingo Bello Janeiro**, quen salientou que a actividade convencional das administracións públicas é unha realidade cada vez máis presente na práctica cotiá. Así mesmo, afirmou que en sentido amplo, o termo convenio urbanístico pode entenderse como sinónimo de calquera vinculación contractual contraída polas administracións públicas, usualmente baixo un réxime de dereito administrativo, que garde unha relación máis ou menos estreita coa función pública urbanística e coas competencias que tipicamente a integran: a elaboración do planeamento urbanístico, a súa execución, así como a intervención administrativa na actividade edificadora privada e no mercado do solo.

Así mesmo, fixo referencia á Lei do solo de Galicia (1/1997, do 24 de marzo), que contempla a figura dos convenios urbanísticos no seu artigo 41.1 cando dispón que «acordada a redacción de calquera instrumento de ordenación urbanística, formularase un avance do plan que sirva de orientación á súa redacción, no que se conteñan a estratexia, directrices e obxectivos xerais do plan, que será sometido a coñecemento do Pleno do concello (...)».

A citada Lei galega do solo tamén fai referencia aos convenios urbanísticos nos seus artigos 118.3, que se refire á execución dos plans de ordenación, e no artigo 140.3 relativo aos gastos de urbanización nos sistemas de cooperación.

Polo que atinxe ao contido dos convenios urbanísticos, este é moi variado e non se pode facer unha afirmación de carácter xeral porque os dereitos e obrigas das partes serán os determinados nos pregos de cláusulas administrativas xerais e particulares; polas súas normas reitoras xerais, se existen; pola lexislación de contratos administrativos e restantes normas de dereito administrativo e, en última instancia, polos preceptos do dereito privado reguladores do contido dos contratos típicos e dos xerais sobre obrigacións e contratos.

Ademais, salientou que a eficacia dos convenios urbanísticos poderá atoparse influída pola estipulación de condicións suspensivas ou resolutorias desta, polo sinalamento dun termo inicial ou final e, tratándose de cesións lucrativas de solo ou outros bens a favor da Administración urbanística, mediante o establecemento de cargas modais polo dispoñente.

Estas xornadas contaron con dous relatorios, pola mañá, a cargo de **Francisco J. Jiménez de Cisneros Cid**, profesor titular de dereito administrativo da universidade autónoma de Madrid e avogado. O primeiro destes relatorios versou sobre o *concepto e natureza xurídica dos convenios urbanísticos cos particulares. Procedemento de elaboración e aprobación*. Este

relator destacou que a nota que define os convenios urbanísticos entre dúas ou máis administracións públicas é a de igualdade. Esta igualdade na posición xurídica das administracións públicas que participan na subscrición dun convenio reflicte que, na actualidade, os convenios se utilizan maioritariamente como técnica de cooperación. As administracións que participan nos convenios urbanísticos fano en pé de igualdade, poñendo en común, ben os seus fondos orzamentarios, ben a realización de actividades materiais no exercicio das súas respectivas competencias.

Así, desde esta perspectiva, o convenio interadministrativo atópase ben lonxe das técnicas de coordinación, caracterizadas pola existencia dun «poder de dirección». Os convenios urbanísticos evitan a predeterminación da prevalencia dalgunha das administracións públicas participantes ou da dirección da actuación convida nas mans dalgunha das administracións subscribintes.

A maioría dos convenios subscritos no noso país son convenios de colaboración e cualitativamente reflicten con precisión os problemas xurídicos existentes nesta materia.

Un dos límites que cabe atribuírles aos convenios entre administracións públicas é o relativo á modificación do reparto de competencias existente entre as propias administracións participantes na actividade convencional.

O reparto de competencias entre as administracións públicas no noso país atópase recollido na Constitución e nos estatutos de autonomía (o denominado bloque da constitucionalidade) e foi obxecto dunha extensa interpretación polo Tribunal Constitucional.

Este sistema de distribución competencial non está a disposición das distintas administracións públicas, de xeito que non pode ser obxecto de ningunha convención nin pacto. Ás veces, este principio tan evidente non foi respectado xa que fronte á urxente necesidade de financiar determinados servizos públicos da súa competencia, algunha administración pública cae na tentación de permitir que determinadas competencias da súa titularidade recaian na Administración financiante. Esta práctica debe ser corrixida, procurando a mellora do financiamento dalgúns servizos públicos prestados polas administracións públicas (fundamentalmente no ámbito das CCAA).

Logo disto, o relator referiuse aos convenios de colaboración e afirmou que a posibilidade de subscribir estes convenios entre o Estado e as CCAA atópase nos artigos 5.3 e 6 a 8 da Lei 30/92, do 30 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en que se lles dedica especial atención aos convenios de Conferencia sectorial, que non deixan de ser unha modalidade destes convenios de colaboración.



Pola súa banda, os convenios entre dúas ou máis CCAA teñen o seu reflexo no artigo 145 da CE que prevé un contido primixenio destes convenios arredor da «xestión e prestación de servizos propios das ditas comunidades» e a comunicación destes convenios coas Cortes xerais ou a necesaria previa autorización das Cortes xerais cando se trate doutros acordos de cooperación. En calquera caso, esta habilitación constitucional dos convenios horizontais entre CCAA tivo moita menor repercusión práctica ca os convenios verticais, entre o Estado e as CCAA.

Os convenios que teñan como parte á Administración local (ben sexa, entre Administración estatal e entidade local, ou ben entre Administración autonómica e entidade local e finalmente entre as propias entidades locais) atópanse previstos xenericamente no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ata o de agora o relator referírase aos convenios urbanísticos segundo as administracións participantes neles, pero desde o punto de vista do seu contido, hai unha extensa variedade de convenios que se poden chamar de colaboración. Neste punto o relator trouxo a colación a análise formulada por Rodríguez de Santiago, distinguindo tres tipos de convenios de colaboración:

- a) Convenios de colaboración no exercicio de tarefas alleas.
- b) Convenios para o exercicio coordinado de competencias.
- c) Convenios urbanísticos entre as administracións públicas.

Polo que atinxe aos convenios de colaboración no exercicio de tarefas alleas, o peso fundamental destes convenios descansa nos convenios de financiamento de competencias atribuídas a unha administración pública diferente da administración financiadora. O relator referiuse especialmente aos convenios de colaboración financeira que teñen como partes ao Estado, como administración financiadora, e ás CCAA como administración titular das competencias.

Neste sentido destacou que non se pode entender a existencia de financiamento estatal para a execución de competencias propias das CCAA se non é en relación co sistema de financiamento das propias CCAA e co procedemento de transferencia de competencias ás CCAA.

Unha das características do proceso de traspaso de competencias ás CCAA consistiu na reserva nas mans do Estado dunha serie de competencias, principalmente referidas ao fomento, con base nas competencias que o Estado posúe segundo o artigo 149.1 CE, a pesar de que estas competencias afectaban maioritariamente a ámbitos competenciais que foran atribuídos ás CCAA pola propia Constitución no seu artigo 148.1 (exemplo, competencias relativas á agricultura, gandería, vivenda, acción social, turismo, etc). Correlativamente, os recursos orzamentarios que, ata o momento do traspaso efectivo dos respectivos servizos, financiaran

estas actividades de fomento non foron incluídos na definición do custo efectivo destes servizos, permanecendo nos orzamentos xerais do Estado, sendo obxecto de transferencias, correntes ou de capital, ás CCAA configurando o que se deu en chamar pola doutrina xenericamente como *subvencións condicionadas*.

Esta reserva de fondos, amparada inicialmente nas competencias estatais derivadas das alíneas 1 e 13, do artigo 149 CE, rematou xustificándose na competencia xeral subvencional do Estado reflectida na STC 13/1992, que afirma que esta competencia xeral é un símbolo do señorío do Estado sobre o seu orzamento, sen que se poida opoñer o principio de autonomía financeira das CCAA recoñecido polo artigo 156.1 CE.

Estas cantidades vanse converter en subvencións condicionadas ás CCAA, o que provoca que diminúa notablemente a marxe de actuación das comunidades con respecto a estes fondos, limitando, en calquera caso, a autonomía política autonómica.

Nos convenios de colaboración non só se reflicte a previsión de determinadas cantidades orzamentarias (estatais) para o financiamento de competencias de titularidade das CCAA, senón que tamén serven para articular a intervención da Administración estatal na definición do destino efectivo das axudas e, incluso, nalgún caso, na súa xestión. Foi a Sentenza do TC 13/1992, do 6 de febreiro, a que determinou os parámetros a través dos cales debe desenvolverse esta participación do Estado na determinación dos obxectivos a que se deben dedicar as axudas transferidas ás CCAA e a participación na xestión. Esta sentenza recolle no seu Fundamento xurídico oitavo, tres modalidades de intervención estatal en función do grao de competencias que posúa o Estado sobre cada materia:

1º. Se a comunidade autónoma ten competencias exclusivas sobre a materia obxecto de financiamento e o Estado non ten ningunha competencia que incida sobre esta materia, este «pode decidir asignar parte dos seus fondos orzamentarios a esas materias ou sectores. Pero (...) a determinación do destino das partidas orzamentarias correspondentes non pode facerse senón de xeito xenérico ou global, por sectores ou subsectores enteiros de actividade».

2º. Se o Estado ten un título competencial xenérico de intervención que se superpón á competencia das CCAA sobre a materia ou ten a competencia relativa ao establecemento das bases dese sector ou da súa coordinación, o Estado pode consignar «subvencións de fomento nos seus orzamentos xerais, especificando o seu destino e regulando as súas condicións esenciais de outorgamento ata onde o permita unha competencia xenérica, básica ou de coordinación, pero sempre que deixe unha marxe ás CCAA para concretar con maior detalle a afectación ou o destino, ou, cando menos, desenvolver e complementar a regulación das condicións de outorgamento das axudas e tramitación».

3º.- No suposto de que o Estado teña atribuída a competencia sobre a lexislación relativa a unha materia e lle corresponda á comunidade autónoma a competencia de execución, o Estado poderá, con respecto ao suposto anterior, estenderse «na regulación de detalle respecto do destino, condicións e tramitación das subvencións, deixando a salvo a potestade autonómica de autoorganización dos servizos».

A función dos convenios interadministrativos en cada unha destas modalidades varía notablemente, segundo a doutrina do Tribunal Constitucional. Mentres que, no suposto no que o Estado non posúe ningún título competencial sobre a materia, e é esta exclusiva do Estado, o convenio «só pode servir para facilitar a posta a disposición das CCAA dos fondos destinados a subvencións, se nos orzamentos xerais do Estado se determina xenericamente o seu destino» (Fundamento xurídico 10), a función que o Tribunal Constitucional lles asigna aos convenios cando o Estado ten algún título competencial que incide sobre a competencia exclusiva autonómica é ostensiblemente máis extensa, xa que o Estado pode «estender as súas condicións ata onde chegue a súa competencia material, en vez de por unha norma de obrigado cumprimento, mediante un convenio-programa, supeditando a transferencia dos fondos ás CCAA á asinatura do convenio correspondente.

Non todos os convenios interadministrativos de colaboración teñen un compoñente financeiro ou orzamentario, senón que moitos deles se limitan a contemplar a prestación de asistencia, material ou persoal, para que a outra administración realice eficazmente tarefas de competencia propia. É dicir, en ocasións, o convenio limítase a reflectir o compromiso das entidades asinantes a intercambiar información. Exemplo: Convenio en materia de formación continuada de xuíces e maxistrados concertado entre o Consello xeral do Poder xudicial e o Goberno de Canarias (Boletín Oficial de Canarias do 27 de maio de 1998).

Este relator tamén fixo referencia aos convenios de cooperación para o exercicio das competencias propias, e afirmou que, certamente, este tipo de convenios non supón ningún problema xurídico en canto ao exercicio de competencias: cada unha das administracións públicas participantes pon en común a súa competencia, e as actuacións materiais que comporta, co obxecto de colaborar conxuntamente. A realización de infraestruturas viarias, o ensino, a prestación substitutoria e a cultura son ámbitos de competencia concorrente ou compartida (fundamentalmente, entre o Estado e as CCAA) nos que se utilizan con profusión este tipo de convenios de colaboración.

Logo disto, o relator entrou no tema dos convenios urbanísticos entre administracións públicas, e salientou que a admisibilidade dos convenios urbanísticos foi avalada, en termos xerais, pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, delimitando habitualmente o seu límite na vulnera-

ción de normas imperativas. Exemplo: Sentenza do TS do 15 de febreiro de 1994.

Existen diversos tipos de convenios de execución:

- a) Os concursos para a formulación e execución de programas de actuación urbanística (artigos 146 e ss. texto refundido da Lei do solo de 1976).
- b) Convenios para a constitución de servidumes (artigo 68 texto refundido da Lei do solo de 1976).
- c) Convenios para a transferencia do exceso do aproveitamento urbanístico (artigo 151.4 texto refundido da Lei do solo de 1992).
- d) Convenios sobre gastos de urbanización (artigos 155.2 TRLS-92 e 62 RXU).
- e) Convenios sobre as condicións de realización e mantemento das urbanizacións de iniciativa particular.

O relator rematou esta conferencia, a primeira da mañá, facendo unha breve referencia aos convenios urbanísticos na lexislación autonómica, fundamentalmente falou da Lei valenciana 4/1992, do 5 de xuño, sobre solo non urbanizable, e da Lei 10/1994, do 4 de xullo, de ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Foral de Navarra, así como da Lei 9/1995, do 28 de marzo, de ordenación do territorio, solo e urbanismo da Comunidade de Madrid.

O segundo relatorio deste mesmo profesor tratou sobre o *réxime xurídico dos convenios urbanísticos, con especial referencia aos seus límites e responsabilidade da Administración pública polo seu incumprimento. Análise da lexislación urbanística autonómica, con especial referencia á Lei 1/1997, de Galicia*. Jiménez de Cisneros Cid, destacou que a orixe e regulación autonómica dos convenios urbanísticos arranca da disposición adicional cuarta da Lei 4/1992, do 5 de xuño, da Comunidade valenciana, que regula basicamente un convenio de planeamento, é dicir, un convenio que lle afecta á modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación existentes, e non é tanto un instrumento de xestión urbanística senón un procedemento especial de elaboración do planeamento urbanístico, con maiores cargas e obrigas para os particulares subscritores deste.

Referiuse tamén aos convenios urbanísticos como mecanismos adicionais na xestión urbanística e na súa regulación autonómica, diferenciando:

A) Os convenios para a localización da cesión da porcentaxe de aproveitamento que lle corresponde á Administración actuante ou para a súa substitución polo pagamento dunha cantidade en metálico.

É relativamente frecuente atopar supostos normativos na lexislación autonómica, polos que se pacta ou se estipula entre os propietarios interesados na execución do planeamento e a Administración urbanística, a

conversión do seu aproveitamento urbanístico polo pagamento dunha cantidade en metálico<sup>1</sup>.

Nestes casos o réxime xurídico e a tramitación é a seguinte:

- Deberá incluírse como anexo a valoración dos aproveitamentos, practicada pola Administración pública.
- A aprobación corresponde á Administración actuante.
- Haberá unha fase de información pública.
- Deberá publicarse o seu contido no Boletín Oficial correspondente, e garantir o acceso dos cidadáns á documentación e contido do convenio.

Tamén é posible que a Administración urbanística e os promotores e propietarios afectados pola execución do planeamento poidan celebrar convenios para determinar a súa localización<sup>2</sup>. Supostos estes que aínda non sendo ilegais son, en opinión do relator, absolutamente innecesarios e superfluos, xa que a adxudicación das parcelas resultantes e, en consecuencia, a localización do aproveitamento urbanístico da Administración, efectuarase no momento da aprobación definitiva do proxecto de xestión ou do proxecto de reparcelación correspondente, sen que se poidan explicar razoablemente as vantaxes dun convenio destas condicións, agás que se trate de substituír a adxudicación pola compensación en metálico.

Con todo, non se poden incluír no marco dos convenios urbanísticos as obrigas e compromisos que adquiren os promotores no marco dos plans parciais e especiais, de iniciativa e promoción particular, aos que se refire o artigo 53.1.d) e e) do texto refundido da Lei do solo de 1976 e, por exemplo o artigo 80 do Decreto legislativo 1/1990, do 12 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lexislación vixente en Cataluña en materia urbanística.

B) Os convenios para a execución deferida da urbanización.

O noso urbanismo, na súa fase de execución e xestión, baséase no axioma de que só é posible construír ou edificar sobre un terreo cando este ten a condición de soar, é dicir, cando se executaron as obras de ur-

---

<sup>1</sup> Atópanse, por exemplo, no artigo 149 da Lei 10/1998, do 2 de xullo, de ordenación do territorio e urbanismo da Rioxa; no artigo 11.4 da Lei 2/1998, do 4 de xuño, de ordenación do territorio e da actividade urbanística de Castela-A Mancha; no artigo 74.4 da Lei 9/1995, do 28 de marzo, de medidas de política territorial, solo e urbanismo da Comunidade de Madrid; do mesmo xeito, o artigo 140.4 da Lei foral 10/1994, do 4 de xullo, de ordenación do territorio e urbanismo de Navarra.

<sup>2</sup> Así ocorría no suposto do artigo 47.4 da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da Lei do solo a Galicia hoxe derogada pola Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

banización, cumpridos os deberes de cesión e equidistribución e realizadas cantas obras e servizos urbanos estean recollidos no planeamento urbanístico. Exceptúase desta regra xeral a posibilidade de que se executen as obras de urbanización simultaneamente, con garantía e afiunzamento, ás de edificación.

As obras de urbanización a realizar serán as establecidas no correspondente proxecto de urbanización que, ao mesmo tempo, desenvolve as determinacións do planeamento preciso en cada caso: plan xeral, normas subsidiarias, plan parcial, plan especial, etc.

Con todo, hai un suposto no que o lexislador autonómico preveu a posibilidade de deferir no tempo a urbanización das obras e servizos urbanísticos que se van executar, cando se dan determinadas circunstancias: este é o caso da Lei 6/1987, do 7 de abril, do Parlamento de Canarias sobre o sistema de actuación de urbanización deferida.

Un código de contratos<sup>7</sup> que substitúa as normas vixentes nos estados membros, non só evita os inconvenientes causados por outras solucións, senón que tamén ofrece unhas vantaxes específicas e notables, que é recomendable indicar<sup>8</sup>. Iso consinte eliminar realmente os obstáculos no funcionamento do mercado interno que dependen da multiplicidade dos dereitos. Os emprendedores e os consumidores séntense estimulados a instaurar unhas relacións con persoas e entes doutros estados membros, porque o dito código permite saber con certeza cáles son as súas obrigas e cáles son os seus dereitos, e todo iso exclúe que persoas astutas se poidan aproveitar con vantaxe das diversidades entre as diferentes ordenanzas. Xa sexa en vía preventiva, xa sexa en caso de anomalía, os seus avogados poidan aconsellos e asistilos con inmediatez e seguridade. Os xuíces están en condición de solucionar as controversias baseándose en regras certas e de inmediato cumprimento, sen as incertidumes que se derivan da aplicación das vantaxes debidas ás útiles innovacións que o dito código poida introducir.

Pero, todo isto verifícase en certas condicións: ante todo o que o código regule, de xeito exhaustivo, a materia contractual, evitando aqueles

---

<sup>4</sup> O proxecto non utiliza as categorías de contratos, danos e propiedade nun sentido legal positivista. O seu papel –ademais de ser etiquetas que axudan aos participantes a detectar as súas áreas de coñecemento– é o de servir como contedores metaxurídicos de problemas facilmente localizables nun ámbito operativo: o mesmo ámbito que nos ensina cómo o dereito privado é un todo que se comunica para arranxar problemas concretos.

<sup>5</sup> Nesta sección aparecen redactadas as notas que fun tomando, no transcurso destas xornadas, das intervencións de cada un dos conferenciantes, polo que para, un estudo máis polo miúdo, remito á lectura dos distintos relatorios que foron entregados no desenvolvemento das xornadas e que obran en poder da EGAP.

<sup>6</sup> Profesor emérito da universidade de Pavía (Italia).

<sup>7</sup> Respecto ao amplo traballo do grupo encabezado por Giuseppe Gandolfi, con base na universidade de Pavía e que inclúe a máis de setenta profesores da Unión Europea, véxase G. Gandolfi (ed.), *Code Européen des Contrats. Avant-projet, Livre premier*, Giuffrè, Milan, 2001. Véxase tamén P. Stein (ed.), *Incontro di studi su un futuro codice europeo dei contratti*, Giuffrè, Milan, 1933; G. GANDOLFI «L'unificazione del diritto dei contratti in Europa: mediante o senza legge?», 39 (II) *Riv. Dir. Civ.* 149 (1993); idem, «Pour un Code européen des contrats», 91 *Rev. Trim. Dir. Civ.* 707 (1992); idem, «Verso il tramonto del concetto di obbligazione» nella prospettiva di un codice unico per l'Europa?, 41 (I) *Riv. Dir. Civ.* 203 (1995).

<sup>8</sup> Para un mellor seguimento e comprensión do Código europeo de contrato, recomendo a versión española dos profesores José Luís de los Mozos e Agustín Luna Serrano publicado na *Revista General de Legislación y Jurisprudencia* (ano 2001-nº 4).

baleiros que comprometerían a unificación, creando perigosas incertidumes e fatales retornos á aplicación dos dereitos nacionais.

A academia dos iusprivatistas europeos dedicouse á redacción do seu proxecto con este intento. E se, ata o de agora, non me ocupei da razón de ser e do seu contido, que poden ser, en síntese, delineados e considerados os obxectivos que a academia propuxo previamente.

Estes obxectivos pódense definir nesta fórmula sintética: quixemos operar en función dunha unificación efectiva do dereito dos contratos da Unión Europea, é dicir, propoñer un conxunto de normas que expliquen as solucións en virtude das cales o contrato constitúe un instrumento verdadeiramente eficaz para regular as relacións no mercado interno europeo, polo tanto para satisfacer plenamente as esixencias daqueles que traballan nel.

Pareceunos necesario estender estas disposicións nunha forma, ou sexa nun estilo, e cun contido tal que constituía unhas normas aceptables e de fácil interpretación en todos os países da propia Unión Europea, sen que representen unha imposición para os cidadáns europeos, senón que máis ben constituían un auxilio para calquera eventualidade que non se previu. Finalmente, consideramos axeitado non esquecer as esixencias socioeconómicas da Europa do terceiro milenio.

Quixemos evitar os inconvenientes que se verifican cando, co fin de chegar á unificación, se enuncian uns principios, é dicir, as regras xerais; ou, tamén, se emanan as disposicións relativas a unha única institución (por exemplo un único contrato), para que estas sexan adoptadas despois polos diversos estados. Os inconvenientes que se conseguen se se obra deste xeito son coñecidos.

Se se enuncian os principios, é difícil que se poida, con base nestes, realizar a unificación. De feito que entre os pobos de tradicións xurídicas máis ou menos diferentes se poden atopar un acordo para a unificación só sobre as solucións (por exemplo, sobre as obrigas que teñen o vendedor e o comprador), pero non sobre os principios. A miúdo afirman explicitamente os xuristas ingleses, pero tamén o din (sobre todo fronte á necesidade de efectuar eleccións en vista da unificación) os xuristas alemáns, a pesar das súas diversas determinacións culturais. Polo tanto, rexir uns principios significa dedicarse a unha actividade que poida quedar infrutuosa.

Despois, estes deberían concretizarse, ou sexa traducirse, en solucións; e aparecería o gran perigo de que, a través da obra de quen debería proceder (xuíces ou lexisladores) tivesen que emerxer por forza da inercia as normativas dos diversos estados. Este inconveniente tamén se verifica usualmente coas leis uniformes creadas por convencións internacionais, en presenza de disposicións xenéricas, debidas tamén á falta de acordos en regras máis específicas.

Con todo, promúlganse unhas disposicións concernentes nunha institución, que logo deben ser inseridas nas variadas ordenanzas nacionais, pode dar lugar a este fenómeno. As disposicións emanadas deste modo (polos órganos comunitarios) fúndase obviamente nos datos presupostos de base; pero nalgunhas ordenanzas, nas que estas se deben inserir, os presupostos de base poden ser diferentes.

E, entón, se as propias disposicións se acollen inalteradas, compróbase unha evidente incompatibilidade; os médicos dirían que se pode chegar a unha crise de repulsa. Fronte a esta desharmonía o xuíz do estado en cuestión acaba tendo en conta as normas de base da súa ordenanza; e, tamén, neste caso, comprométese á unificación. Con todo, se as novas disposicións se retocan no momento no que se acollen, a unificación non se efectúa de todo. As reformas parciais no ámbito de cada ordenanza non se expón obviamente a estes perigos porque os principios de base sempre son os mesmos.

*Efectos e cumprimento do contrato. D. Gabriel García Cantero*<sup>9</sup>

D. Gabriel García Cantero falou dos efectos e cumprimento do contrato, que é unha materia regulada, respectivamente, nos títulos VI e VII do Proxecto, artigos 42 a 88. É dicir, un conxunto de 47 preceptos que no noso Cc. non aparecen agrupados, senón dispersos (por exemplo, artigos 1090, 1256, 1257, 1258 e 1259); todo iso sen esquecer que o noso cap. III rotulado «Da eficacia dos contratos», ten moi pouco que ver coa materia do noso proxecto (chega con lembrar os artigos de 1278 a 1281).

Baixo o epígrafe *Effects du contrat*, e despois dunhas inusuais disposicións xerais, no proxecto trátanse os efectos debidos á existencia de elementos accidentais do contrato (condición, termo e modo), representación, o contrato por persoa a designar e o contrato a favor de terceiro.

Baixo o rótulo do cumprimento do contrato (*exécution du contrat*) inclúese unha extensa sección de disposicións xerais (modalidades do cumprimento, autorización do acreedor ou dun terceiro, cumprimento parcial, prestación diversa, cumprimento por un terceiro, incapacidade do acreedor ou do debedor, destinatario do pagamento, lugar e tempo de cumprimento, imputación de pagamentos, emisión de recibo e liberación de garantías), e, logo, regúlase o cumprimento de determinadas obrigas contractuais (obrigas pecuniarias, obrigas conxuntas e alternativas, solidarias e indivisibles).

Á vista desta elemental e apresurada descrición da materia comprendida no enunciado da conferencia de don Gabriel, xa que se comprende que resultará imposible descender ao detalle minucioso e puntual de

<sup>9</sup> Catedrático emérito da universidade de Zaragoza.

cada unha das figuras ou institucións incluídas naquela. De tal xeito que o conferenciante se limitou a describir as liñas xerais da súa tendencia e inspiración, e, sobre todo, a marcar as analoxías e diferenzas co Código civil español<sup>10</sup>.

*Réxime dos tratos preparatorios do contrato. D. Agustín Luna Serrano*<sup>11</sup>

As referencias do ordenamento xurídico á moral (artigos 1255, 1275, 1116.1 e 1271 do Código civil) e a boa fe obxectiva (artigos 7.1 e 1258 do Código civil) e subxectiva (artigos 1164, 1529.1, 1530, 1705.2, 1778, 1897 e 1899, entre outros, do Código civil), que tamén acada as que se refiren á actitude incorrecta dun contratante que de modo grave engana ou induce insidiosamente á forza ou ameaza ao outro (artigo 1265, 1267, 1269 e 1270 do Código civil), como base da configuración dun criterio normativo xeral do comportamento leal dos contratantes.

A urxente preocupación social pola moralización e a transparencia das relacións económicas en xeral e das relacións contratuais en particular: da heteroesixencia externa conformada polas normas legais, agora máis sensible en canto á contratación cos consumidores, á autoesixencia interna dalgúns operadores económicos mediante a adopción dos chamados códigos de conduta.

O acollemento destes postulados no Anteproxecto do Código europeo dos contratos (CEC): no tema de tratos preliminares (artigos 6 a 11 do Anteproxecto do CEC), no tema de contido do contrato (artigo 30 do Anteproxecto do CEC), no tema de interpretación do contrato (artigos 39.4 do Anteproxecto do CEC), no tema de condicións postas no contrato (artigos 52.2 e 53.1 e 3 do Anteproxecto do CEC) ou no tema de vicios do consentimento contractual (artigos 151.1 e 152.1 do Anteproxecto do CEC).

<sup>10</sup> A bibliografía específica sobre o tema desta conferencia é practicamente inexistente. Atópanse algunhas consideracións xerais en MARTÍNEZ AGUIRRE Y ALDAZ *Contenido y efectos del contrato, en Derecho privado europeo* cit. páx. 435 e ss.; se ben o autor céntrase no estudo das cláusulas abusivas dos contratos na lexislación comunitaria e española. Pola súa parte FAJARDO HERNÁNDEZ *Cumplimiento y extinción del contrato*, en op. cit. páx. 501 ss. Descende ao estudo de institucións concretas (por exemplo os suxeitos do pagamento, conformidade, circunstancias, gastos e proba, imputación e pagamento de obrigas diñeirarias) co trasfondo dos que os autores denominan textos harmonizadores, entre os que se inclúen, certamente, o Proxecto de Pavía, aínda que en realidade o seu estudo se polarizou ao redor dos principios da UNIDROIT e do Proxecto Lando.

<sup>11</sup> Catedrático de dereito civil da universidade de Barcelona.

*Perfeccionamento e conclusión do contrato. D. Carlos Rogel Vide*<sup>12</sup>

Todo código que se precie ten que ter un espírito, perseguir un obxectivo, ter un norte se non se quere confundir cunha amálgama de ideas mellor ou peor plasmadas nun texto<sup>13</sup>.

O que si está claro é que un código europeo do terceiro milenio ten que ser rotundamente protector da parte máis débil do contrato, o cal tanto quere dicir –na terminoloxía e mecánica actuais– protector do consumidor, leva consigo iso, en clave de sinatura do contrato, a necesidade de solucións tales como as seguintes: fixación do momento e lugar de perfección dos contratos entre persoas distantes en modo tal que a mesma non quede reservada, *de facto*, a vontade do fabricante, do prestador de servizos ou bens; insistir no deber de información que este último ten; insistir na posibilidade de que moitos contratos subscritos, enténdase sometidos a condición meramente potestativa *si placuerit* a favor do consumidor, durante un período de tempo razoable e sen que isto leve consigo custos para el; considerar expresamente, en fin e sen ánimo de exhaustividade, os contratos subscritos vía Internet e as garantías que, para o consumidor, se deban establecer ao redor destes.

Moitas ou algunhas, cando menos, das solucións apuntadas non quedan suficientemente claras no Proxecto de Pavía ou, o que é peor, non están contidas nel, estando, en cambio, claramente expostas en textos comunitarios vixentes e de obrigada observancia, non citados expresamente no proxecto, en boa medida alleo ás novas tecnoloxías e ás preocupacións dos consumidores.

Por outra banda, as fontes de inspiración confesadas neste proxecto foron, fundamentalmente, dúas. Dun lado, estaba o Libro IV do Código civil italiano, relativo aos contratos, que se entendía equidistante entre os restantes códigos europeos<sup>14</sup>. Por outro lado, estaba o Proxecto de Código dos contratos elaborado, en Oxford e nos anos 60, polo profesor McGregor, proxecto rescatado do esquecemento por Gandolfi, proxecto que, segundo di Dufwa, nunca foi publicado, proxecto, segundo di Rescigno, *non coronato da immediato successo*.

---

<sup>12</sup> Catedrático de dereito civil da universidade complutense de Madrid.

<sup>13</sup> CARBONIER reflexionando nesta sede e moi diplomaticamente, sobre o Proxecto de Pavía, di que este é interesante polo seu carácter multicultural, polo que hai, nel, un tesouro de hipóteses, de ideas, de solucións. Reflexionando neste mesmo sentido, DUFWA, apunta que o Proxecto de Pavía é a medida de todas as regras existentes en Europa en materia de contratos.

<sup>14</sup> CARBONIER, por exemplo, sinalou a posición intermedia que ocupa o Código civil italiano entre os dous grandes polos legislativos, o *Code Napoléon* e o BGB, sen esquecer di, a maior modernidade do portugués, cuxo pai, Antunes Varela, é académico de Pavía.

Está, por outro lado e en ocasións como a que nos ocupa, o Código das obrigas de Suíza. Está, en fin e en ocasións, a Convención de Viena de 1980, relativa á venda internacional de bens inmobles. Non están en cambio as directivas comunitarias<sup>15</sup>.

Na Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento europeo sobre dereito contractual europeo faise referencia, tamén e entre outras, ás seguintes directivas comunitarias, relacionadas co tema da formación do contrato:

*Directiva 2000/31, do 8 de xuño, do comercio electrónico.* Establece normas de transparencia aplicables ao proceso contractual, cal e a necesidade de que a información lle sexa facilitada ao consumidor de maneira clara, comprensible e inequívoca, a obrigatoriedade de que os prestadores de servizos presenten xustificante de recepción dos pedidos sen demora indebida, a garantía, en fin, de que o destinatario terá á súa disposición medios técnicos que lle permitan identificar e corrixir os erros de introdución de datos, antes de realizar o pedido.

*Directiva 1999/93, do 13 de decembro de 1999, sobre sinatura electrónica,* sinatura, como é sabido, perfectamente utilizable no ámbito contractual, que pode chegar a equipararse, para os efectos, coa forma manuscrita.

*Directiva 1999/44, do 25 de maio de 1999, sobre vendas e garantías dos bens de consumo.* Toda garantía obrigará á persoa que a ofrezca. A dita garantía deberá figurar nun documento escrito que se poida consultar libremente antes da venda e que indique, en particular, a súa duración e alcance territorial, así como o nome e dirección do garante.

*Directiva 1997/7, do 20 de maio de 1997, relativa á protección dos consumidores en materia de contratos a distancia.* De conformidade coa mesma e antes da sinatura do contrato, o consumidor deberá recibir información clara e comprensible, sobre cuestións como as seguintes: existencia dun dereito de afastarse do contrato ao seu favor, prazo de validez da oferta ou do prezo, custo de utilización de medios de comunicación a distancia, identidade do oferente e propósito comercial das chamadas telefónicas. O consumidor, por outra parte, ten dereito a recibir, por escrito ou me-

<sup>15</sup> Xa o sabe GANDOLFI, porque coñece a Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento europeo sobre dereito contractual europeo (Bruxelas, COM 2001, 398, final, de 11.7.2001). Comunicación na que se fai referencia ao Proxecto de Pavía e a outros proxectos tamén, que son os resultantes dos traballos da Comisión sobre dereito contractual europeo, financiada pola propia Comisión sobre dereito contractual europeo, e que publicou, en 2000, os Principios do dereito europeo en materia de contratos (partes I e II), e os resultantes do Grupo de estudo dun Código civil europeo, grupo composto por expertos universitarios dos 15 estados membros e dalgúns países candidatos á adhesión.

diante calquera outro soporte duradeiro (correo electrónico por exemplo) confirmación do contrato asinado. Se se lle subministran bens non solicitados, a falta de resposta do consumidor non se poderá considerar como un consentimento. A utilización, por parte dun provedor, dun sistema automatizado de chamada ou dun fax, para comunicar cun consumidor, estará supeditada ao acordo previo deste. Só se poderán empregar certos medios de comunicación a distancia se non existe oposición manifesta do consumidor respecto de tal comunicación.

*Directiva 1995/46, do 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, incluídos os relacionados con contratos ou, incluso, con tratos preliminares.*

*Directiva 1993/13, do 5 de abril de 1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos asinados con consumidores, xa fosen negociadas, xa non, cláusulas que non serán vinculantes para o consumidor.*

*Directiva 1985/577, do 20 de decembro de 1985, referente á protección dos consumidores no caso de contratos negociados fóra dos establecementos mercantís.* A directiva en cuestión protexe os consumidores fronte as prácticas contractuais abusivas no terreo citado, sinalando, entre outras cousas, que o comerciante deberá informar por escrito, ao consumidor, sobre o seu dereito de afastarse libremente do contrato e sobre o prazo que teñen para exercitalo.<sup>16</sup>

*Contido e interpretación do contrato. D. Carlos Vattier Fuenzalida*<sup>17</sup>

Don Carlos Vattier expuxo na súa ponencia relativa ao contido e á interpretación do contrato, que o anteproxecto regula de forma sucesiva nos artigos 25 a 33 e 39 a 41<sup>18</sup>. Estes dous bloques de preceptos manteñen un nexa de unión a través das cláusulas implícitas e débense completar con outras normas situadas en materia de oferta e aceptación, cláusulas limitativas da responsabilidade contractual e ineficacia do contrato<sup>19</sup>.

---

<sup>16</sup> Cómpre saber tamén que ao profesor GANDOLFI non lle parece axeitado o sistema de directivas para afrontar o asunto do dereito contractual europeo, convicción respectable que non xustifica, con todo, o ignorar, para a construción de tal dereito, un dereito europeo vixente e moi actual sobre a materia, contido nas directivas en cuestión.

<sup>17</sup> Catedrático de dereito civil da universidade de Burgos.

<sup>18</sup> Vid. Versión española de J. L. DE LOS MOZOS e A. LUNA SERRANO publicada en la RGLJ, 2001, páx. 713 e ss.; e para unha visión de conxunto, o estudo de don Vattier «El Anteproyecto de Pavía, La Unificación del Derecho Contractual Europeo», (Seminario internacional realizado en Valencia os días 11 e 12 de xuño de 2002) pendente de publicación.

<sup>19</sup> Don Carlos Vattier dividiu o seu relatorio en dúas partes, unha primeira dedicada ao contido do contrato, con especial referencia ao contido útil e ao contido abu-

Estamos, segundo as palabras do relator, ante dous temas clásicos, estreitamente relacionados entre si, que o anteproxecto trata, en xeral, con notable acerto. Aínda que introduce novidades interesantes, suscita tamén algunhas dúbidas e dificultades, sobre as que convén chamar a atención de cara a unha futura revisión deste. Nesta revisión é importante, non só a Convención de Viena sobre a compravenda internacional de mercadorías, que está en vigor en España dende o 1991, senón tamén os Principios de Unidroit e os principios publicados pola Comisión Lando<sup>20</sup>. O que leva a que o anteproxecto veña convivir con estes últimos principios<sup>21</sup>, e convén resaltalo, por imperativo do Plan de acción da Comisión europea do 12 de febreiro do pasado 2003 (COM 2003, 68 final)<sup>22</sup>.

Tamén sinalou don Vattier que o anteproxecto é novedoso ao esixir que o contrato sexa útil para os contratantes, pero é discutible o tipo de ineficacia que lle corresponde á infracción deste requisito e tamén o é a que xorde pola infracción deste requisito do contido do contrato. Ademais, é innovadora a categoría do contido abusivo, se ben entraña certas dificultades sistemáticas e comprende supostos heteroxéneos, entre os

---

sivo, así como ás consecuencias que dun e de outro se derivan. A continuación falou da disciplina das condicións xerais da contratación, no que concirne en concreto, o seu concepto, contido, mecanismos de control e as cláusulas implícitas, que son as que fixan as fontes de integración do seu contido.

<sup>20</sup> Como explica o propio Ole Lando: a) o obxectivo primario dos PDCE *is to serve as a basis for a European Code of Contracts. They are intended as a first step* e b) difiren do *Restatement* norteamericano do dereito de contratos posto que requiren un enfoque máis radical. Non seleccionan simplemente unha de entre varias solucións existentes nun único sistema xurídico; posto que ten que proporcionar solucións útiles para un contexto de ampla diverxencia xurídica, están deseñadas para incorporar regras que non existen como tal en ningún sistema xurídico europeo.

A pesar de todas estas diferenzas, os obxectivos e técnicas destas iniciativas (*Lando, Study Group* e o *American Restatement*) son, con todo, moi similares. Comparten a idea básica de crear un novo dereito (sen importar o innovador que sexa con relación á situación xurídica preexistente), máis que, simplemente, analizar o que xa existe.

Esta actitude normativa tamén se atopa presente nos principios do UNIDROIT sobre contratos comerciais internacionais. Aínda que non se refiren especificamente ao ámbito europeo dos contratos mercantís, deben ser mencionados aquí debido ao seu impacto expansivo no debate xurídico.

<sup>21</sup> Estes principios están pensados para constituír un *soft law* (isto é, que non sexan obrigatorios), e neste sentido opóñense á idea dunha codificación «política». Buscan promover un marco xurídico uniforme en lugar de impoñelo por medios legislativos. A súa filosofía asume que as diferenzas entre os distintos sistemas legais son tan grandes que calquera intento de unificación fracasaría.

A elección dun enfoque de *soft law*, non obstante, non suprime a natureza prescristiva destes proxectos: os cambios no dereito vixente deben obterse por medios indirectos, pero o obxectivo final segue sendo o cambio legal.

<sup>22</sup> O. LANDO, *Principles of European Contract Law: An Alternative to or a Prosecutor of European Legislation*, 40 Am. J. Comp. L. 573, 577 (1992). O artigo tamén está publicado en *RabelZ* 261 (1992).



que figuran as condicións xerais da contratación. A disciplina destas últimas no anteproxecto axústase aos modelos imperantes no dereito europeo, aínda que parece un tanto dispersa e debería ser máis explícita sobre a formación do contrato entre empresarios polo intercambio de cláusulas, a chamada batalla dos formularios e a exclusión de todas as cláusulas contrarias á boa fe.

No que concirne á interpretación do contrato, salta a vista que o anteproxecto está presidido polo dubidoso prexuízo inglés que lle confire a máxima importancia hermenéutica ás palabras dos contratantes e ao texto literal redactado por eles. Pero esta especie de sacralidade da interpretación textual abandonouse nos últimos anos e substituíuse polo criterio do home razoable que, por descansar na boa fe, garantiza un resultado máis obxectivo e imparcial. Asemade, as fontes de integración do contrato, que o anteproxecto denomina, conforme á terminoloxía anglosaxona, *cláusulas implícitas*, concordan coas que son coñecidas en todos os ordenamentos, pero é, tal vez, moi ríxido na súa remisión á *lex mercatoria*, pois non admite ningunha excepción, aspecto no que debería haber unha maior dose de flexibilidade.

#### *Inexecución do contrato e as súas consecuencias.*

*D. Jean-Pierre Sortais*<sup>23</sup>

Despois dunha primeira parte que trata da formación e contido do contrato e unha segunda parte dos seus efectos, a terceira parte concirne ao incumprimento do contrato: tal é o obxecto dos artigos 89 a 117.

Como sempre é o caso no anteproxecto, a súa elaboración baséase en dous alicerces: o *Contract Code* de Mc Gregor, por un lado, e o Código civil italiano polo outro. Estas son as dúas fontes esenciais de inspiración pero non son as únicas. Unha terceira parte, á que as discusións preparatorias se refiren a miúdo, é a Convención de Viena do 11 de abril de 1980. O éxito desta convención<sup>24</sup> (sobre todo se se compara coas anteriores<sup>25</sup>) debía de animar aos redactores a tela en conta sen esquecer que a dita convención ten as súas particularidades: trata dun contrato específico (a compravenda) que é un contrato sinalagmático (e o código europeo dos contratos non se limita ás convencións sinalagmáticas) e, ademais, un

<sup>23</sup> Profesor da universidade de Lasusana (Suíza).

<sup>24</sup> Asinada por 62 estados, foi ratificada por 54.

<sup>25</sup> A Convención da Haia do 15 de xuño de 1955 sobre a Lei aplicable ás vendas internacionais de mobles corporais non obtivo máis ca 9 ratificacións. O mesmo ocorreu coas dúas convencións da Haia, do 1 de xullo de 1964, instituíndo unha Lei uniforme sobre a venda internacional (LUVI) e unha Lei uniforme sobre a formación dos contratos de venda internacional (LUFV). En canto á convención da Haia do 22 de decembro de 1986, que debía substituír á do 15 de xuño de 1955, sobre a Lei aplicable aos contratos internacionais de venda de mercancías, non recibiu máis ca 2 adhesións.

contrato de carácter mercantil, posto que concirne a mercancías (e o código europeo dos contratos refírese ante todo aos contratos civís).

Con todo, hai un punto sobre o cal os redactores se inspiraron na filosofía que anima a Convención de Viena. Trátase de obrar de xeito que o contrato poida ser salvado mediante varios remedios (adaptación, negociación) cada vez que sexa posible. O aniquilamento do contrato é unha ilustración da filosofía que inspira, no seu conxunto, as disposicións concernentes á inexecución do contrato.

Estas disposicións artéllanse ao redor de dúas ideas. En primeiro lugar, a noción mesma de inexecución ou incumprimento que houbo que caracterizar tendo en conta, non soamente, as varias formas que poida presentar senón tamén as súas causas; tal é o obxecto dos artigos 89 a 105 do anteproxecto. Interesarse polas causas do incumprimento leva forzosamente a preguntarse sobre os seus efectos e aquí atópase a segunda idea fundamental: os efectos da inexecución. Un pode presentar a súa importancia xa que, na nosa época, a noción mesma de responsabilidade contractual é controvertida<sup>26</sup>.

*Anomalías do contrato e os seus remedios. D. José Luis de los Mozos y de los Mozos*<sup>27</sup>

O profesor José Luis de los Mozos tratou todo o título XI (artigos 137 a 173) do anteproxecto do Código europeo de contratos (Libro I) da Academia de iusprivatistas europeos de Pavía; aínda que pola escasez de tempo para expoñer o seu relatorio soamente falou daquelas anomalías que podemos considerar como orixinarias do contrato, prescindindo das anomalías sobrevidas que na tradición cultural dos nosos sistemas de *Civil law* se consideran, máis ben, propias da obriga.

Subliñou que polas propias esixencias derivadas da utilización do método comparado, acollido para o desenvolvemento do anteproxecto, se comprenden na súa ordenación sistemática materias que non só da teoría xeral do contrato, senón que pertencen ao que se considera como teoría xeral das obrigacións, xa que na tradición do *Common law*, non existe un concepto específico de obrigación como entre nós. Polo que, ao ter aceptado a efectos operativos este punto de vista, para redactar un código europeo único, e tendo como modelos tanto o *Codice civile* italiano como o *Contract Code* de H. McGregor, unhas e outras anomalías van contidas no seu articulado, o que mostra de forma emblemática, sobre todo, o citado artigo 128. Esta particularidade cómpre tela moi en conta

<sup>26</sup> Unha sentenza recente admite a indemnización contractual sen necesidade dun prexuízo: Cass. Civ. 3<sup>a</sup>, do 30 de xaneiro de 2002.

<sup>27</sup> Catedrático da universidade de Valladolid e maxistrado emérito do Tribunal Constitucional.

á hora de valorar e de entender este anteproxecto de Código europeo de contratos.

Efectivamente, non só difiren os contidos, no senso apuntado, o que traduce fielmente a súa sistemática externa, que se separa moito do tradicional, senón que, ás veces, como ocorre neste caso, as diferenzas manifestaranse, tamén, na súa sistemática interna. No seu relatorio, o eminente profesor Giuseppe Gandolfi, que é o redactor do texto acollido pola Academia, ao falar das razóns que xustifican o contido das diferentes regras, alude, neste punto, á necesidade de optar, dende un principio, ou polo sistema que segue o *Contract Code* que distingue os contratos en función de seu *enforceability*, é dicir, pola posibilidade que teñen de acadar eficacia, calquera que sexa a orixe das anomalías que padezan, ou ben, polo sistema tradicional dos nosos códigos civís, que os diferencian baixo o aspecto da súa válidez, falando de nulidade, anulabilidade, rescisión, etc., deixando para outro lugar as restantes cuestións.

Pois ben, por razón do contido que lle vén imposto o anteproxecto, como consecuencia do método adoptado para a súa redacción, non quedaba outro remedio que seguir o primeiro dos sistemas indicados, o que constitúe unha das orixinalidades máis sobresaíntes deste importante traballo, en clave codificadora e como intento plausible de levar a cabo unha verdadeira integración europea do dereito de contratos, o que lle comporta, por outra parte, como consecuencia, unha serie de repercusións na propia sistemática interna, que son consecuencia en último termo da efectiva integración operada, aínda que vaíamos ocuparnos aquí só das anomalías anteriormente indicadas. É evidente, polo demais co grado de integración acadado (mediante regras sucintas) non podería ser efectuado por outros procedementos, acudindo, por exemplo, aos principios; cando o que está en xogo, como se deduce do que estamos expoñendo, non son os principios, senón o sistema, ao que os principios teñen necesariamente que referirse, pois, os principios, coma as árbores, necesitan da terra para afondar nela as súas raíces, á parte doutras moitas consideracións, de diversa orde.

A reconstrución do sistema de dereito de contratos que formula o anteproxecto, neste punto, representa tamén un paso adiante no que se chamou o progreso xurídico, pois fundaméntase, non só nun esforzo pola integración, senón que aparece tamén animado por unha rigurosa revisión dogmática das categorías postas en xogo, procurando o seu perfeccionamento técnico, en función dunha maior adecuación das normas á realidade práctica e acollendo, polo demais, solucións que foron amplamente patrocinadas pola doutrina e a xurisprudencia. Ao que hai que engadir que no estilo propio da sistemática externa do anteproxecto, a cada unha das que no estilo propio da sistemática externa do anteproxecto, a cada unha das anomalías concretas contempladas.

### Clausura das xornadas

O acto de clausura correu a cargo de don **Jesús Souto Prieto**, presidente do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, o cal manifestou que era digno de loanza o traballo que estaba a levar a cabo a Academia de Pavía co obxecto de unificar o dereito de contratos a nivel europeo, animándoos a seguir nese labor emprendido.

### A modo de conclusión

O proceso de «aproximación» do dereito civil e mercantil dos estados membros púxose en marcha por medio dalgunhas iniciativas adoptadas polo Parlamento europeo coa resolución do 26 de maio de 1989 sobre unha acción dirixida a aproximar o dereito privado contido nos ordenamentos nacionais e coa Resolución do 6 de maio de 1994 sobre a harmonización dalgúns sectores do dereito privado dos estados membros. Débeselle, polo tanto, ao Parlamento europeo, entre outras institucións comunitarias, o mérito de ter sido o primeiro en fixar a atención do mundo político e dos operadores económicos e xurídicos sobre a oportunidade de apoiar as iniciativas dirixidas a realizar un espazo económico e un espazo xudicial europeo, así como un espazo de dereito obxectivo tan ambicioso como útil, tal é a aproximación pola cal conseguiu a harmonización e, considerase posible, a uniformización do dereito privado.

O Código civil europeo implica, antes que nada, unha uniformización da terminoloxía xurídica, a enucleación de principios comúns en materia de contratos (tamén públicos), de dereito de familia e de procedementos civís. Estes pasos poderían ser os primeiros segmentos dun traxecto directo á redacción dun texto uniforme no campo do dereito civil e mercantil. Trátase dun soño que os resultados da Comisión Lando, instituída ao inicio dos anos oitenta, e aínda en activo, demostran realizable. Así como está en fase de realización a laboura da Comisión von Bar, a progresiva extensión das normas codificadas, as outras fontes das obrigacións, os contratos máis usuais, os servizos... Outros grupos están traballando no sector do seguro, dos servizos financeiros, da familia ou da propiedade.

Os cfíns xurídicos de Europa redúcense progresivamente. É precisamente un dos elementos identificativos da identidade europea que podería achegarse para a construción dun ordenamento de dereito sustantivo e procesual unitario. Neste caso, non se trataría soamente dunha rede de normas funcionais para o mercado, senón de algo máis, implicando ideais e valores comúns. Trataríase da «edificación do xurídico», a construción da imaxe xurídica do mundo, como expresa Broekman Jan M., que integra a dimensión constitucional, xa iniciada coa Carta dos dereitos fundamentais e agora en fase de consolidación coa redacción do tratado constitucional.

Por todo o exposto (e xa como conclusión), en primeiro lugar, a conciencia sobre a existencia de estratificacións xurídicas é un factor que confirma a razoabilidade de adoptar, como marco metodolóxico da investigación do *Common Core*, un enfoque obxectivo e unha metodoloxía de pregunta-resposta, enfoque e metodoloxía que requiren información sobre todos os elementos relevantes que afectan ás solucións xurídicas dun determinado caso, incluíndo consideracións de tipo práctico e político, factores económicos e sociais, contexto social e valores, así como a estrutura do ordenamento xurídico (organización de tribunais, estruturas administrativas, etc.).

En segundo lugar, o coñecemento de todos os elementos relevantes e de todos os factores en xogo resulta crucial para propoñer unha integración xurídica europea (mediante un código «tradicional», un modelo tipo *Uniformed Commercial Code* ou outros) que aspire a superar as axendas persoais e as nacionalidades dos órganos decisorios implicados.

En terceiro lugar, calquera integración xurídica implica a produción de regras novas para todos os operadores xurídicos dos sistemas implicados. A implementación de tales normas require unha clase de intérpretes –xuíces, avogados, doutrina...– coñecedores das novas normas e dos seus fundamentos. A ausencia deste coñecemento a curto prazo, así como (a longo prazo) a estreitez de tradicións fortemente arraigadas con relación a diferentes conceptos, nocións e as súas interrelacións poden conducir todo o esforzo «integrador», por non dicir xa unha codificación, a un camiño sen saída.

Finalmente, nun continente que se refire aos valores cristiáns como un dos fundamentos nucleares, a doutrina xurídica debería ser consciente de que calquera falta de coñecemento relevante (como diría Robert Brownig<sup>28</sup>) «*is not innocence but sin*». ■

---

<sup>28</sup> *The Inn Album*, V (1875), en C. PORTER e H.A. CLARKE (eds.), *Red cotton nightcap country; The inn album; The two pets of Croisic*, de Robert Browning, New York, Boston, T.Y. Crowel Co, 1898.



**BIBLIOGRAFÍA**

**B**

**RECENSIONES**



## *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso administrativa (Ley 29/1998, de 13 de Julio)*

**Jesús González Pérez**

Dous volumes. Madrid, Civitas, 2003, 2.761 pp.

**I.** Jesús González Pérez, comentarista tenaz y prolífico de todas nuestras grandes leyes administrativas, afronta en esta ocasión la cuarta edición de sus Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-administrativa, referidos al texto de 13 de Julio de 1998.

Muy pocos días después de la publicación de esta Ley en el BOE (nº 167, del 14 de Julio) apareció la tercera edición de los ya tradicionales «Comentarios» de González Pérez (las dos anteriores corresponden a la Ley Jurisdiccional de 1956), un prodigio de prontitud, que el autor hizo posible trabajando previamente sobre los primeros anteproyectos y revisándolos luego con especial cuidado. Incluso la doctrina jurisprudencial, que requiere un concienzudo análisis antes de valorar su pertinencia y aplicabilidad tras las reformas legales.

En apenas un año, hubo que hacer dos reimpresiones, agotadas prontamente. Aquí, el autor abrió un compás de espera, antes de afrontar una nueva publicación, para atender a las exigencias legislativas y de otro orden que se iban presentando y que aconsejaban no una mera reimpresión, sino una nueva edición que recogiese todas esas circunstancias y asimilase la experiencia aplicativa de la Ley. El resultado es esta cuarta edición, que aumenta su extensión en unas trescientas páginas y, lo que es más importante, ofrece las opiniones del autor contrastadas ya con las expresadas durante estos tres últimos años por la doctrina y jurisprudencia y corroboradas por ella o, en su caso, matizadas o corregidas.



II. Pero la «motorización», por emplear una expresión ya clásica, de nuestra legislación administrativa es tal que, transcurridos pocos meses, otra vez el profesor González Pérez hubo de ponerse a la tarea y proporcionarnos una Adenda a esta 4ª edición, para recoger en ella la incidencia de la L.O. 19/2003, de 23 de Diciembre (de modificación de la Ley Orgánica del Poder Judicial) y de la Ley 62/2003, de 30 de Diciembre (de Medidas Fiscales, Administrativas y de Orden Social). Si no fuese por la «desmesura» de la cita, habría que recordar la cínica expresión de Goethe «si hubiera que estudiar todas las leyes, no quedaría tiempo para transgredirlas».

Tan apresurada y paroxística producción legislativa sirve además a González Pérez para criticar este proceder de «incesante modificación» de la normativa reguladora de la justicia administrativa: «cuando todavía los Tribunales no han asimilado una nueva legislación», ésta es objeto de reformas, por lo que «puede decirse que vivimos continuamente en régimen de transitoriedad». Es una mal-sana costumbre muy propia de nuestro Derecho, muchas veces puesta de relieve. Ya el profesor Guaita advertía de ello en 1963, con motivo de la modificación de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958, en cumplimiento de su disposición final 5ª, que obligaba a promover cada tres años las reformas que la experiencia hiciese conveniente introducir. Una modificación que consideraba inconveniente, ya que la LPA «no estaba necesitada de ninguna puesta al día» y, aunque así fuera –decía Guaita– no creo que ganen mucho las disposiciones legales con un constante manoseo que ni siquiera les da tiempo a fraguar: quizá más que su puesta al día es su antigüedad lo que prestigia las leyes».

III. En el caso que nos ocupa, la Ley Jurisdiccional de 1998, las modificaciones obedecen fundamentalmente, sin perjuicio de algunos cambios introducidos para asegurar la efectividad del principio de igualdad de trato y no discriminación, al propósito de «superar la tremenda e intolerable lentitud de la justicia». El intento es ya antiguo: desde hace años se ha producido un continuo traspaso de competencias de los órganos jurisdiccionales superiores a los inferiores. Como dice literalmente González Pérez, «en la medida en que la modificación no conseguía la finalidad perseguida, un nuevo bloque de competencias pasaban a los órganos judiciales inferiores». Y esto vuelve a ocurrir ahora con la reforma que en la Ley Jurisdiccional introduce la LOPJ, cuyo núcleo central afecta a los artículos 8 y 9, que aumentan las esferas de competencia de los Juzgados de lo Contencioso-administrativo y de los Juzgados Centrales del ramo.

IV. En su conjunto, la obra ofrece un contenido novedoso en muchos artículos respecto de la anterior edición. En realidad, el propio autor manifiesta que estamos ante «un nueva obra», lo que ocurre de manera obligada por diversas razones, entre ellas de forma destacada a causa de la reforma operada en la LRJ-PAC de 1992 por la Ley 4/1999, de 13 de enero y por la aparición de la nueva Ley de Enjuiciamiento Civil, de 7 de enero de 2000, textos legales que sin duda

inciden de manera muy directa en el Contencioso administrativo, tanto en lo que afecta, respectivamente, a la fijación del momento en que, agotada la vía administrativa, queda abierta la procesal para obtener la tutela efectiva frente a las Administraciones públicas como en lo que se refiere a la aplicación supletoria de la LEC a nuestro orden jurisdiccional.

Los comentarios, artículo por artículo, son de la acostumbrada complitud y densidad en la obras de González Pérez. Pudieran citarse en este sentido una infinidad de ejemplos. Entresaco alguno que me ha parecido especialmente relevante. Es el caso del artículo 19, la legitimación en el proceso contencioso-administrativo, muestra paradigmática de lo que a veces se ha llamado «un pequeño libro dentro de otro libro», en que, en casi cien páginas, se tratan con especial minuciosidad todos los temas relativos al interés. Es el caso también del comentario al artículo 25 de la nueva Ley, referido a la materia impugnabile, en el que, a lo largo de más de cuarenta páginas, sobresale la descripción bien significativa de la progresiva extensión del ámbito de lo contencioso-administrativo y la ampliación de garantías ante las diversas situaciones litigiosas, provocadas ya por la Administración ya por los particulares, sin olvidar la esclarecedora síntesis sobre la teoría del acto administrativo y su tipología a efectos procesales. En igual sentido, los comentarios al artículo 28, con acumulación y tratamiento de abundantísima jurisprudencia sobre la enojosa cuestión de la inimpugnabilidad del acto confirmatorio. O el exhaustivo análisis de la pretensión procesal administrativa (artículos 31 y siguientes). O, ya dentro del proceso, el análisis de los plazos de interposición y su determinación, especialmente en los casos de silencio, o el estudio acabado de la prueba (artículos 60 y 61). Se trata de simples ejemplos, que en realidad habría que ampliar a otras muchas cuestiones (pienso en los artículos referentes a la sentencia y los recursos oponibles frente a ella) y lo mismo cabría decir de los comentarios a los artículos 129 y siguientes (medidas cautelares), tema bien querido y generosamente tratado por el autor, que bien podría decirse que constituyen, por su extensión y actualizada exhaustividad, ejemplo de otro libro contenido en uno más amplio y susceptible de autonomizarse de él.

No es, pues, exagerado afirmar que «desde ámbito jurisdiccional hasta las costas» estamos ante el más completo análisis, doctrinal y jurisprudencial, existente en nuestra bibliografía sobre la Ley Jurisdiccional. Un análisis hecho desde la, para González Pérez, irrenunciable perspectiva de la garantía, que sin duda, como él espera, ha de contribuir a «hacer más eficaz la tutela judicial frente a las Administraciones públicas».

V. En la Adenda ahora incorporada a la obra, se estudia, en medio centenar de páginas, la incidencia en el texto de 1998 de las referidas leyes 19/2003 (orgánica) y 62/2003: de la Ley 19/2003, la Disposición Transitoria 10ª (régimen transitorio de los procesos pendientes en las Salas de lo Contencioso-administrativo de los Tribunales Superiores de Justicia), los artículos 2 e) (responsabi-

lidad patrimonial de las Administraciones y contrato de seguros), 8 (nueva extensión de la competencia de los Juzgados de lo Contencioso-administrativo), 9 (competencia de los Juzgados Centrales), 21.1 (legitimación de las entidades aseguradoras; por relación con el artículo 2 e), 37 (pluralidad de recursos con idéntico objeto y tramitación de uno o varios con carácter preferente); y de la Ley 62/2003, los artículos 60 (carga de la prueba en los supuestos de discriminación), 78.1 (delimitación del objeto del procedimiento abreviado), 80.2 (apelación de autos de los Juzgados de lo Contencioso-administrativo y de los Juzgados Centrales en los supuestos de extensión de efectos de sentencia, de los artículos 110 y 111) y Disposición Adicional 7ª (conocimiento de las cuestiones que se promuevan entre la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. y sus empleados que conserven la condición de funcionarios).

VI. La obra contiene también un amplio apartado de «Formularios». Hasta 76 tipos de escritos se incluyen aquí, comprensivos, aún sin ánimo de exhaustividad, de los muy diversos trámites e incidentes del proceso contencioso-administrativo (en materias como conflictos jurisdiccionales, recusación, acumulación, procedimiento ordinario, terminación anormal del proceso, ejecución de sentencia, recursos, proceso especial de protección de los derechos fundamentales, cuestión de legalidad, medidas cautelares...) que resultan de indudable utilidad para la práctica forense. Siempre en el bien entendido juicio, claramente expresado por el autor, de que tales «fórmulas» no son ni deben ser en absoluto preceptivas, no constituyen un catálogo de formas solemnes e ineludibles, sino que cada operador jurídico, cada profesional, «debe tener su formulario, esto es, su propia manera de entender la forma en que deben manifestarse los actos».

**Pablo González Mariñas**

*Profesor titular de derecho administrativo  
Universidade de Santiago de Compostela*

## *Leyes, actos, sentencias y propiedad intelectual*

**C. Rogel Vide** (coord.)

Madrid: Fundación AISGE, Editorial Reus, EGAP, 2004

A propiedade intelectual é un tema de actualidade, froito do desenvolvemento dunha sociedade complexa e do auxe das chamadas novas tecnoloxías, que o certo é que cada vez van sendo menos novas. O mesmo aumento, duns anos a esta parte, da bibliografía sobre a propiedade intelectual é unha mostra do interese que esperta esta temática.

A Escola Galega de Administración Pública vén dende hai tempo prestándolle atención ao tema da propiedade intelectual, por medio da organización de diversas xornadas e cursos de formación. Froito dunha destas xornadas (Tui, 22-23 de setembro de 2003) é a publicación que agora comentamos. O tema tivo continuación en setembro de 2004 (*A duración da propiedade intelectual e as obras en dominio público*) e, segundo as nosas noticias, os relatorios destas xornadas tamén serán publicados.

A editorial Reus e a Fundación Aisge (Artistas Intérpretes Sociedad de Gestión) manteñen unha colección dedicada á propiedade intelectual, cun bo número de títulos no seu haber, ao que agora se vén sumar este en coedición coa EGAP.

Esta obra en «colaboración» (empregamos o termo preciso usado pola Lei de propiedade intelectual) está coordinada por C. Rogel Vide e recolle os traballos de diversos expertos no tema. O eixe central do libro é a relación da propiedade intelectual cun tipo concreto de textos: os emanados dos poderes do Estado baixo distintas formas (leis, actos administrativos e sentenzas principalmente, pero tamén os seus respectivos derivados: proxectos, acordos, deliberacións, etc.). Como di Bello Janeiro no prólogo, é unha obra pioneira que cobre un baleiro aberto ata agora. Estes textos non son obxecto de propiedade intelectual e entran expresamente no ámbito de exclusión do artigo 13 da vixente Lei de propiedade intelectual. Pero incluso unha exclusión tan tallante como esta, para un fino xurista e os autores desta obra o son, pode ter os seus matices. Entre eles, calibrar o alcance das restricións e falar de dereitos de autor restrinxidos.

Abre o libro o capítulo de C. Fernández Nóvoa (*Las obras oficiales*) citado como mestre por varios dos coautores. Nóvoa ve con perspicacia que o texto dunha disposición legal ou dunha sentenza por riba de todo é unha «obra», é dicir, unha creación intelectual. Polo mesmo, está en contra da tese de Rodríguez Tapia, que asegura que a protección destes textos oficiais non ten nada que ver coa propiedade intelectual. Nóvoa pensa que a ineludible necesidade de difundir estes textos xustifica, certamente, a exclusión de dereitos patrimoniais de autor, pero non do «dereito moral» do autor.

J.M. Otero Lastres (*Las leyes y sus recopilaciones y anotaciones como objeto de propiedad intelectual*) pregúntase pola razón de que as leis e demais disposicións legais sexan obras consideradas como «non protexibles» polo lexislador e súmase á corrente que fundamenta esta exclusión na presenza dun interese público na máxima difusión destes textos legais. É interesante o capítulo dedicado ás «recompilacións» de disposicións legais, cuxa estrutura particular está protexida pola propiedade intelectual, protección que non pode estenderse en ningún caso ás disposicións seleccionadas. É moi interesante tamén o capítulo dedicado ás «anotacións» e «comentarios» sobre leis e regulamentos. Como no caso das recompilacións, unha das peculiaridades da protección deste tipo de traballos é que a obra sobre a que se realiza, é dicir, a norma legal comentada, non é obxecto de propiedade intelectual.

J.M. de la Cuétara Martínez (*Debates parlamentarios y derechos de autor*) analiza o contexto da obra intelectual dos parlamentarios e, en concreto, a protección dos discursos e alocucións dos parlamentarios como concreción do dereito de autor do parlamentario. Establece un paralelismo entre os discursos dos parlamentarios e as explicacións de cátedra, que entran expresamente no ámbito da protección da propiedade intelectual. O feito de que os discursos estean recollidos no diario de sesións da cámara respectiva, non impide a protección destes como obxecto de propiedade intelectual.

J. Rodríguez-Zapata Pérez (*Actos, acuerdos, deliberaciones y dictámenes de los organismos públicos, asuntos reservados y secretos oficiales*) fala non tanto

da «propiedade» dos textos dos distintos poderes públicos coma da súa publicidade ou segredo, no seu caso. Diferencia o dereito de acceso aos rexistros e documentos do «volcado» da información procedente destes. Interesante cuestión no que se refire aos datos baixo soporte electrónico.

J. de Oliveira Ascensão (*A reutilização de documentos do sector público*) trata sobre o acceso aos documentos producidos polas entidades públicas. Entende por «reutilización» o uso de documentos provenientes do sector público para fins diferentes do inicial de servizo público para o que foron producidos. O autor aquilata os suxeitos e obxectos desta «reutilización».

J. Cadarso Palau (*Escritos e informes forenses, sentencias y propiedad intelectual*) cualifica a propiedade intelectual como dereito de monopolio. Estuda as peculiaridades da protección dos escritos e informes forenses, o alcance desa protección e os seus límites. As sentenzas son inapropiables e quedan excluídas, explicitamente, como obxecto de propiedade intelectual, aínda que ao seu xuízo deberían ter a consideración de bens accesibles ao común dos cidadáns. Observa con perspicacia que unha cousa é que as sentenzas sexan públicas e outra que calquera cidadán poida acceder libremente a elas. O autor conclúe con que o feito de que as sentenzas queden fóra do ámbito da propiedade intelectual, non significa que estean ao alcance de todos os cidadáns, «pese a la Constitución».

A. Jorge Barreiro (*El artículo 13 de la Ley de Propiedad intelectual y los delitos relativos a la propiedad intelectual en el Código penal de 1995*) estuda os delitos sobre a propiedade intelectual no vixente Código penal e fai unha reflexión sobre os límites deste respecto da protección da propiedade intelectual. Estuda o ben xurídico protexido e o obxecto material do delito. Di que tras a entrada en vigor do Código penal de 1995 pódese considerar que este tipo de delitos son delitos patrimoniais, pois na lexislación predomina unha «perspectiva patrimonial» da propiedade intelectual. Fala do plaxio como o atentado máis grave contra a propiedade intelectual. Trata tamén sobre a individualización da responsabilidade penal nos delitos contra a propiedade intelectual. É interesante a reflexión de que nun futuro adquirirán especial protagonismo as persoas xurídicas «respecto de la creación de riesgos jurídicopenalmente relevantes para los bienes jurídicos protegidos», o cal leva á necesidade de desenvolver novas estruturas de imputación no ámbito da propiedade intelectual.

C. Conde-Pumpido Tourón (*Violación de secretos*) analiza a exclusión do ámbito da protección da propiedade intelectual dos textos que emanan dos tres poderes do Estado. Suscita a interesante cuestión da procedencia ou non das citas nas sentenzas. Conclúe con que as citas non son legalmente procedentes nin tampouco necesarias. Ao seu xuízo tampouco son convenientes «porque suplantán la motivación razonada por el argumento de autoridad». Examina o segredo de sumario e a súa protección e os ilícitos resultantes da vulneración do carácter reservado de deliberacións, actos ou informes. Este é un tema de grande actualidade, sobre todo, no referente ao uso indebido do segredo e da

información privilexiada. Pensa o autor que non é fácil precisar o límite entre o dereito dos cidadáns a ser informados e o deber de reserva dos funcionarios. Serán en todo caso os tribunais os que determinen eses límites.

\*\*\*\*\*

E xa é hora de facer un balance global da obra. Estamos ante un traballo pioneiro e relevante, feito por autores que son especialistas na materia e que toca un tema complexo que afecta, ás veces, a dereitos fundamentais. É certo que o libro ten as carencias habituais das obras feitas por varios autores (falta un índice de materias, un apartado bibliográfico global, etc., etc.), pero, en todo caso, son carencias menores que non inflúen no resultado final que é francamente positivo. Tampouco obstaculiza este resultado o feito de que a maioría dos autores cando falan dos antecedentes históricos non pasan da Lei de propiedade intelectual de 1879 e do seu regulamento de 1880, textos ambos os dous do tempo de Cánovas. Pero a venerable Lei de 1879, vixente nin máis nin menos que ata 1987, tivo antecedentes como a Lei de propiedade literaria e artística de 1847, ou a Lei sobre propiedade de obras literarias de 1823, cunha vixencia duns poucos meses, por non citar outros textos menores, como o Decreto do 10 de xuño de 1813 das Cortes de Cádiz. Poderíase eliminar tamén o ton profesoral que ten algún dos traballos, de conferencia máis ca dun artigo, froito da súa orixe como relatorio oral. A oralidade ten unha dinámica distinta da escrita, e mais nun traballo científico. Pero todo isto dicimos que non obstrúe a valoración final desta obra. Estamos ante un traballo importante que será citado polos que tratan o tema da propiedade intelectual. Estamos tamén ante unha obra reveladora, é dicir, que interpreta non só o presente, senón, o que é máis importante, suxire por onde vai ir o futuro.

**Xosé Luís Mínguez Goyanes**

## *Los actos de gobierno. Un estudio sobre su naturaleza y régimen jurídico aplicado al ordenamiento peruano*

**Víctor Sebastián Baca Oneto**

Universidade de Piura, Lima, 2003, 195 páxs.

○ presente libro constitúe o traballo de investigación que, en marzo de 2001, presentou, na Facultade de Dereito da Universidade de Valladolid, para conseguir a suficiencia investigadora, Víctor Sebastián Baca Oneto, profesor de dereito administrativo na Facultade de Dereito da Universidade de Piura (Perú).

Nesta obra V. S. Baca leva a cabo unha detallada análise da evolución lexislativa e doutrinal dos denominados *actos políticos* ou *actos de goberno*. O obxectivo que o autor, dende o punto de vista do dereito peruano, persegue con este estudo é dobre. En primeiro lugar, pretende establecer se os actos políticos poden constituír unha categoría xurídica autónoma, é dicir, trata de dilucidar se son algo diferente dos actos administrativos (radicando, esencialmente, tal diferenza, en que, na medida en que estes actos constitúen a concreción positiva dun ámbito de decisión e actuación de natureza política do Goberno están exentos de control xudicial); e, en segundo lugar, intenta determinar se, no caso de existir, a devandita categoría ten cabida nos ordenamentos xurídico-administrativos modernos.

Co propósito de acadar estes fins, a monografía de V. S. Baca estrúcturase en catro capítulos: no primeiro, o autor aborda a evolución da cuestión dos actos políticos no Ordenamento xurídico español; no segundo, estuda o tratamento que aos actos políticos se lles deu e se lles dá no dereito francés; no terceiro,



realiza, á luz das conclusións extraídas tanto do estudo do dereito español como do dereito francés, unha construción (cun aquel revelador, o autor fala de desconstrución) teórica propia do réxime xurídico aplicable aos actos políticos; e, finalmente, no cuarto, traslada a devandita construción ao vixente Ordenamento peruano.

O primeiro capítulo dedicado, como se acaba de sinalar, ao exame da cuestión dos actos de goberno en España, iníciase cun percorrido pola historia normativa dos actos políticos no noso Ordenamento xurídico. Nel, o autor analiza todos os textos lexislativos españois relacionados co tema dos actos de goberno, dende a Lei santamaría de paredes, orixe desta categoría no dereito administrativo español, pasando pola Lei da xurisdición contencioso-administrativa de 1956, a Constitución de 1978, a Lei de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, ata chegar á Lei da xurisdición contencioso-administrativa de 1998, a cal, expresamente, nega a existencia dunha categoría de actos de goberno excluídos de control xudicial. A continuación, V. S. Baca dá conta das diversas posicións que existiron na doutrina española sobre a necesidade e posibilidade de configurar os actos políticos como unha categoría xurídica independente. Estuda o autor, en primeiro lugar, as teorías que defenderon a existencia da categoría xurídica autónoma dos actos de goberno, e, en segundo lugar, analiza as teses que a negan. Dentro do primeiro grupo, destacan as achegas de autores como Porras Nadales e Garrido Cuenca que propugnan que os actos políticos constitúen unha categoría xurídica autónoma, argumentando: en primeiro lugar, que existe unha clara distinción entre Goberno e Administración, que ten incluso recoñecemento na nosa Constitución de 1978 de onde emana unha diferente lexitimación para ambos os aparatos; e, en segundo lugar, que ao Goberno lle corresponde unha función de dirección política que implica unha capacidade de orientación para acadar obxectivos políticos, suxeita tan só ao disposto na Constitución; función que se contrapón claramente á actividade administrativa, a cal, con sometemento á lei, pretende acadar de maneira obxectiva e imparcial a completa satisfacción do interese xeral. Pola súa parte, dentro do sector que nega a existencia e a oportunidade de crear unha categoría xurídica autónoma para os actos políticos, V. S. Baca destaca as achegas de Eduardo García de Enterría, Tomás Ramón Fernández e José Luis Carro Fernández-Valmayor, entre outros. Para estes autores, o Goberno é Administración pública e, en consecuencia, os actos que leva a cabo, en canto órgano director desta, son actos administrativos. Na súa opinión, o réxime xurídico dos actos a través dos cales o Goberno exercita a función de dirección política é idéntico ao dos actos discrecionais da Administración. Precisa o autor que este sector da doutrina, se ben recoñece a imposibilidade de impugnar certos actos gobernamentais (en concreto, tanto os actos do Goberno de relación con outros poderes do Estado, como determinados actos que o Goberno leva a cabo no marco das relacións internacionais), non xustifica tal imposibilidade baseándose na existencia dunha categoría xurídica especial, senón, por exemplo, en argu-

mentos como que os devanditos actos, que denomina constitucionais, carecen de efectos xurídicos sobre os particulares.

No segundo capítulo da obra, titulado «Una nota (necesariamente incompleta e insuficiente) sobre los actos de gobierno en el Derecho francés», V. S. Baca realiza unha aproximación á situación actual da cuestión na doutrina gala, na que pon de relevo a presenza dunha gran diversidade de puntos de vista sobre a pervivencia desta categoría. Por unha parte, sinala o autor, hai quen defende a súa subsistencia; estes investigadores apoian a súa posición en que é posible individualizar unha función de goberno distinta da función administrativa; para levar a cabo a distinción entre ambas as dúas recorren, ben á especial relevancia dos asuntos vinculados á función de goberno, de modo que esta englobaría todos aqueles actos de impulso e dirección política, ben ao argumento de que o acto de goberno constitúe a execución da Constitución, mentres que os actos administrativos constitúen execución da Lei (Carré de Malberg, Capitant, Burdeau y Benoit). Por outra parte, expón V. S. Baca, existe un amplo sector da doutrina que nega a existencia da categoría dos actos políticos, aínda que moitos dos autores que o integran recoñecen que certos actos do goberno están excluídos de control xurisdiccional, feito que xustifican sobre a base de moí diversos argumentos (Duguit, Berthélemy, Duez). Como conclusión deste estudo da doutrina francesa, V. S. Baca afirma que, incluso no dereito francés, cuxa xurisprudencia foi o berce da dogmática do acto político, existe unha clara situación de declive do recoñecemento da existencia desta categoría xurídica.

No terceiro capítulo, baixo o título «Un intento de (des)construcción personal», V. S. Baca, aliñándose co sector doutrinal encabezado polo profesor García de Enterría, defende a ausencia de xustificación do mantemento dunha categoría xurídica autónoma dos actos políticos. En consecuencia, rebate todos e cada un dos alicerces dogmáticos, que, como expuxo no capítulo I, sosteñen a construción doutrinal desta figura. Neste sentido, V. S. Baca entende que non existe unha actividade de goberno autónoma, expresión da función de dirección política, cun réxime xurídico propio. Non obstante, afirma que é indubidable que existe unha función de goberno, cuxo contido consiste na dirección da política interior e exterior, aínda que esta ou ben se manifesta xuridicamente a través do exercicio das funcións administrativa e lexislativa, ou ben, simplemente, en ocasións, non se manifesta xuridicamente (é o caso, por exemplo, dos actos de mero impulso). En consecuencia, na súa opinión, de acordo co réxime xurídico que lles é aplicable, os actos de dirección política do Goberno pódense agrupar en dous conxuntos: os actos impugnables e os actos inimpugnables. Segundo V. S. Baca, en primeiro lugar, certos actos non son recorribles, en principio, ante ningún tribunal, debido a que carecen de efectos xurídicos *ad extra*, isto é así porque, como non afectan a dereitos subxectivos ou intereses lexítimos, non existen suxeitos lexitimados para impugnalos, e, en consecuencia, non se pode promover un proceso que verse sobre a súa legalidade ou constitucionalidade, como exemplo deste tipo de actos inimpugnables o autor estuda, entre outros,

a presentación de iniciativas lexislativas. En segundo lugar, sinala V. S. Baca que existe un amplo grupo de actos do Goberno que son impugnables sexa ante a xurisdición constitucional (por exemplo, os decretos-leis e os decretos lexislativos), sexa ante a xurisdición contencioso-administrativa (actos que lesionan dereitos subxectivos ou intereses lexítimos), en concreto, nesta última os devanditos actos son axuizados de acordo coas regras de impugnación dos actos administrativos discrecionais. En definitiva, segundo V. S. Baca, a categoría dos actos políticos, en canto categoría xurídica autónoma, «[...] no goza de salud alguna, [está] jurídicamente suprimida, aunque sin embargo, por motivos dogmáticos, se pretende mantener artificialmente con vida».

No cuarto, e derradeiro, capítulo desta obra V. S. Baca analiza o Ordenamento xurídico peruano co obxectivo de determinar se nel os actos políticos constitúen unha categoría xurídica autónoma. Con esta finalidade tras expor a distinción subxectiva entre Goberno e Administración no dereito peruano e no réxime xurídico xeral dos actos do Goberno do devandito Estado, examina a disciplina particular dalgúns tipos de actos que, noutros ordenamentos, se consideraron casos típicos de actos políticos (as iniciativas lexislativas, graza e indulto, etc.). En consonancia coas súas reflexións anteriores, a conclusión de V. S. Baca é categórica, na súa opinión, no vixente ordenamento do Perú non existen os actos políticos como unha categoría xurídica autónoma.

En definitiva, para finalizar esta breve recensión, cómpre sinalar que ao ler a obra de V. S. Baca Oneto o primeiro que se aprecia é o grande esforzo investigador que supuxo a súa elaboración. Ademais, non se pode deixar de destacar que se trata, sen dúbida, dun libro interesante, de recomendable lectura, que leva a cabo unha exposición sistemática da problemática que aborda e unha brillante transposición ao Ordenamento peruano da desconstrución (permítaseme usar o termo proposto polo autor) dogmática da figura dos actos políticos.

**Marcos Almeida Cerredá**

*Área de dereito administrativo  
Universidade de Santiago de Compostela*

## *Eficacia de las prohibiciones de disponer. Causa y derechos de terceros*

**Xavier Cecchini Rosell**

Editorial Thomson Aranzadi, 2003

Seguindo ao autor, a figura das denominadas prohibicións de dispor presentaron sempre certas singularidades. Xa eran tratadas con receo no dereito romano, xa que non admitía a súa validez a non ser que estivesen constituídas para beneficiar a algunha persoa en concreto, isto é, que tiveran un interese tutelable xuridicamente. Como sabemos, foron reguladas substantivamente polas Sete Partidas (5, 5, 44) nas que se especificaba concretamente que non terían validez se non gozaban de «razón guisada», é dicir, dunha causa xustificativa de tan radicais efectos reais.

Chegados ao Código civil, prodúcese un feito inesperado como é a ausencia de regulación da figura, polo menos de forma directa, ao se poder deducir a admisibilidade dalgúns preceptos destinados á regulación das substitucións fideicomisarias. A dita lagoa foi suplida parcialmente polas resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e pola xurisprudencia do Tribunal Supremo ata que se engadiron os artigos 26 e 27 na reforma da Lei hipotecaria de 1944-1946, onde se recollen os efectos reais e a accesibilidade ao Rexistro da propiedade de determinadas prohibicións de dispor.

Con todo, non se pode pretender ver na regulación contida actualmente na lei hipotecaria un réxime completo das prohibicións de dispor, xa que a propia exposición de motivos da LH establecía que «su reglamentación adolecerá de incompleta mientras la legislación civil omita el conveniente desarrollo».

A causa pola que non se regularon especificamente as prohibicións de dispor no Código civil non parece que obedeza a un descoido do codificador<sup>1</sup>. Estas estaban reguladas nas partidas e o propio código recolle, na regulación dun instituto moi próximo, as prohibicións de dispor, como poden ser as substitucións fideicomisarias.

Examinada a falta de trato substantivo no código, débese proceder ao exame da situación actual das prohibicións de dispor e á súa utilidade real. As prohibicións de dispor expóñense, por parte da doutrina, como un corpo estraño que permite diminuír unha das facultades máis prezadas do titular dun dereito subxectivo; no noso caso dun dereito real: a facultade de disposición deste. Por este motivo, no momento de proceder á súa clasificación, dise que forman parte das denominadas limitacións do dominio, sen que constitúan auténticos dereitos reais, xa que as prohibicións denominadas «puras» non lle atribúen ningún dereito a ningún suxeito favorecido<sup>2</sup>, senón que, simplemente e por acto unilateral do titular do dereito, se restrinxen ou se diminúen o poder de disposición<sup>3</sup>.

Non obstante, esa redución admitiuse con base na súa temporalidade. No momento da publicación do Código civil produciuse a pugna entre dous elementos xuridicamente relevantes. Por un lado, a tradición familiar, nalgunhas rexións máis ca noutras, en canto á vontade de fomentar a continuidade da casa familiar, baseada, primordialmente, nos recursos agrarios, primordiais para o sustento das familias; e, por outro lado, os principios liberais nados da Revolución francesa, que, se ben chegaban algo desgastados aos codificadores peninsulares, tiñan a súa forza derivada das leis desamortizadoras e desvinculadoras da propiedade ditadas a mediados do século XIX<sup>4</sup>.

---

<sup>1</sup> García Pastor: «Comentario a la RDGRN de 22 de febrero de 1989», *RDCL* núm. 599, 1990, páx. 276: «Yo más bien me inclino a pensar lo contrario: la intención del codificador fue el no regular la institución. En plena época antifeudalista parece absurdo entender que con la omisión se pretendiera dar mayor juego a una institución que facilita la vinculación y la amortización de la propiedad inmueble, prescindiendo de los requisitos que en la misma época feudal limitaban sus efectos. Más lógico es pensar que el legislador pretendió ignorar la prohibición de disponer y, en todo caso y únicamente, impedir que a través de ella se violara el límite que establece el art. 781 del Código».

<sup>2</sup> As prohibicións de dispor indirectas ou reflectidas son aquelas que se conteñen noutra institución xurídica, como pode suceder co modo, segundo algunha doutrina, ou coas substitucións fideicomisarias.

<sup>3</sup> A resolución da DXRN do 20 de decembro de 1929 sinala que as prohibicións de dispor non son verdadeiros dereitos reais cuxa inscrición prexudique aos terceiros adquirentes, senón que só son restricións impostas que limitan as facultades dispositivas dun dereito por parte do seu titular, sen atribución dun correlativo dereito a outras persoas.

<sup>4</sup> A limitación temporal, dado que no dereito romano se admitían as prohibicións perpetuas, foi introducida polo Decreto do 28 de abril de 1789 e Real Cédula do Consello do 14 de maio de 1789 que establecía que non se podía «prohibir perpetuamente la enajenación de bienes raíces o estables por medios directos o indirectos sin preceder licencia mía». Posteriormente foron desenvolvidas polas leis desamortizadoras e desvinculadoras.

Por isto, a admisión das prohibicións de dispor xustifícase a través da súa limitación temporal, expresada no artigo 781 do Código civil. Esta admisión, con todo, esqueceu un elemento realmente importante para a súa admisión: a xusta causa ou o interese lexítimo. Como xa se apuntou, esixíano as Partidas, tamén no artigo 117 da Compilación de dereito civil de Cataluña, na súa anterior regulación, que desgrazadamente foi esquecida na actual regulación realizada polo artigo 166 do Código de Sucesión por causa de morte no dereito civil de Cataluña (Lei 40/1991, do 30 de decembro).

Apuntado todo isto, debe analizarse o obxectivo que pretende acadar o autor con este traballo. En primeiro lugar, realizar un exame do distinto réxime xurídico existente entre as prohibicións de dispor contidas en actos a título gratuito e as contidas en actos onerosos. E, en segundo lugar, examinar as resolucións da DXRN máis recentes e a problemática e inseguridade xurídica sobre se se deben admitir as anotacións preventivas de embargo sobre fincas suxeitas a unha prohibición de dispor e se as ditas anotacións poden levar ao definitivo embargo da finca e adxudicación desta en pública poxa, coa extinción ou non do gravame constituído pola prohibición de dispor.

A modo de conclusión e seguindo a don Xavier Cecchini Rosell apuntaremos:

1. As prohibicións de dispor constitúen uns gravames que afectan ao dereito subxectivo coa particularidade de que, se ben prívan da facultade de dispor sobre determinado ben ao seu propietario, non lle atribúen esta facultade nin ningún dereito subxectivo a outro suxeito. Polo tanto, a particularidade da súa natureza xurídica radica en que non son dereitos reais limitados, senón gravames que limitan o dereito de propiedade.
2. A admisibilidade das prohibicións de dispor que consten en actos a título gratuito no Rexistro da propiedade non nos pode facer crer que aquelas prohibicións plasmadas en actos a título oneroso se converten en meras obrigas de non dispor. Unha cousa é a eficacia que as partes lle quixeron dar ao acto, eficacia real ou obrigacional, e outra é que a lei admita a inscrición de determinados actos e impida a doutros.
3. Os actos dispositivos realizados polo suxeito gravado cunha prohibición de dispor validamente constituída son ineficaces no momento en que provocan o tránsito do dereito real, pero son plenamente válidos. Non comparte o autor a opinión desa parte da doutrina que sinala que os ditos actos son nulos de pleno dereito, cunha aplicación desviada da doutrina dos artigos 1.160 e 1.259 do Código civil.
4. O núcleo básico respecto da admisibilidade das prohibicións de dispor está en que cumpran cun interese digno de tutela. Estas, como se sabe, diminúenlle a facultade de disposición ao titular dun dereito sen llo atribuír a ningún, sen constituír ningún dereito real limitado. Esta construción é atípica, polo que a súa interpretación deberá ser sempre restritiva. Isto implicará a necesidade de que se examine minuciosamente o cumprimento dos requisitos de temporalidade e do interese lexítimo.

5. Por esta razón de cumprimento do interese lexítimo, deixan de estar xustificadas, hoxe en día, as normas que impidan o acceso ao Rexistro da propiedade das prohibicións contidas nos actos a título oneroso.

6. As causas extintivas das prohibicións de dispor serán as previstas no acto constitutivo, así como outras que podemos denominar atípicas ou non previstas consistentes na sobrevida falta de interese digno de tutela xurídica que as sustentaba. Como pode suceder co estado de necesidade no que se atope o suxeito gravado, porque cabe pensar que a imposición dunha prohibición de dispor non se pode tutelar se a súa única finalidade era a de prexudicar o adquirente.

7. As prohibicións de dispor con eficacia real, isto é, inscritas no Rexistro da propiedade, impedirán as posibilidades da venda forzosa dos bens por débedas do suxeito gravado. Os acredores do suxeito gravado tiveron coñecemento, no momento de contratar co suxeito gravado, da realidade xurídica do patrimonio deste.

8. Para admitir a usucapión dunha finca suxeita a prohibición de dispor, como libre, requírese o cumprimento de todos os requisitos sinalados polo código, e, en especial, a posesión. Sabemos que só son usucapibles os dereitos reais, non as facultades, e dentro destes os que sexan posuíbles. Por isto, existe un importante inconvinte para a admisión da usucapión nas prohibicións de dispor, xa que non son dereitos nin gravames posuíbles.

Estamos diante dun traballo importante e necesario que cobre un baleiro que existía ata o de agora, polo que o labor do autor case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas poucas liñas, pero doume por satisfeito se se contribúe a unha maior difusión desta.

**Xosé Antón Barreiro Pereira**

*Avogado*

## *El blanqueo de dinero en la normativa internacional. Especial referencia a los aspectos penales*

**Miguel Abel Souto**

Universidade de Santiago de Compostela e Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2002. 332 páxs.

A monografía do profesor Abel Souto ten como obxectivo analizar e pór de manifesto que a actual situación do branqueo de diñeiro require unha resposta internacional, precisamente polo carácter eminentemente mundializado que adquiriu a institución obxecto de estudo.

É unha obra que albisca a ampla formación académica do autor, aspectos que aparecen moito máis subliñados se temos en conta que a dita obra non é senón unha reelaboración e reaxuste do que foi, e é, un traballo de formación doutoral que pola propia natureza deste é moito máis extenso no que a referencias bibliográficas e grao de detalle se refire. Esta situación, como dicimos é fundamental á hora de achegármonos a esta monografía polo que de detalles puntuais e precisións presenta, é dicir, que non consegue baixar do todo da excesiva altitude tanto terminolóxica coma detallística, sobre todo no que se refire a notas bibliográficas; situación que, por outro lado, é de agradecer e garante o rigor da monografía.

A obra preséntasenos no formato habitual das publicacións da universidade galega e responde á monografía número 209 do servizo de publicacións mencionado. Este formato habitual presenta pasta semidura en tamaño de 21 centímetros por 15 centímetros. Pode presentar certos problemas a súa localización nas librarías habituais por problemas de distribución, aínda que en ningún caso é unha obra de imposible adquisición.



Iníciase a obra cun prólogo do profesor José Manuel Lorenzo Salgado, cate-drático da Universidade de Santiago de Compostela que se limita a mencionar o seu carácter de director de tese do autor do libro e a ir analizando capítulo a capítulo os contidos máis destacados de cada un deles.

O libro divídese en oito capítulos, dos cales seis non son senón os seis avan-ces xigantescos que os organismos supraestatais realizaron a prol da prevención e evitación do fracaso das iniciativas estatais que intentaban ser unha resposta ao branqueo de diñeiro e á súa internacionalización. En definitiva, o libro estrúturase do seguinte xeito:

1. Cuestión terminolóxica.
2. Dimensión internacional do branqueo.
3. A recomendación do Comité de ministros do Consello de Europa.
4. A Declaración de Principios de Basilea.
5. A Convención das Nacións Unidas de 1998.
6. As recomendacións do Grupo de Acción Financeira.
7. A Convención de Estrasburgo de 1990.
8. A Directiva das comunidades europeas de 1991.

O primeiro bloque referido á cuestión terminolóxica céntrase na idoneidade ou non do termo «branqueo de diñeiro», mencionando ademais infinidade de posibilidades e outras acepcións que recibiu o tipo tanto ao longo da súa historia coma nos diferentes países e desde un punto de vista comparado. É un blo-que onde as referencias e notas bibliográficas son exhaustivas, así como a enumeración de autores e termos posibles. Comeza asegurando a evidencia de que no noso Código penal non se denomina «branqueo de diñeiro» as condutas reguladas nos artigos 301 e ss., con todo, como dicimos, si asegura a necesi-dade de adaptar a dita expresión á nosa linguaxe xurídica; di o profesor Abel Souto «que tropos como *blanqueo* ha abandonado los barrios marginales, los ca-nales parabancarios y la jerga de los sectores financieros (...) y aunque hubiese sido nuestro deseo rendir un humilde tributo a la técnica jurídica y a la preci-sión terminológica, no nos queda más remedio que sucumbir ante la fuerza de los acontecimientos y la falta de un *nomen iuris* mejor (...) acoger el término blanqueo de dinero».

O segundo bloque trata xa esa internacionalización do feito tratado na obra e a súa situación irremediamente transnacional que unicamente poderá ser solucionada con respostas transnacionais. Frente ao dereito penal clásico, que ten como centro neuráxico tipos como o homicidio ou a subtracción de bens; afirma que o dereito penal da globalización ten por paradigma o delito econó-mico organizado, e o seu centro xa non é o infractor único senón as relacións interpersonais, a criminalidade dos poderosos e a macrocriminalidade. Como so-lución establécese unha vía intermedia como é o dereito de intervención que se atopa entre o que sería o dereito penal e o dereito administrativo sancionador. Sen esquecer que co tempo será inevitable aplicar o núcleo duro do sistema pu-

nitivo convencional. En definitiva, que o dereito do branqueo de diñeiro constitúe un fenómeno global que só pode ser eficazmente combatido a través dunha resposta igualmente global.

Os capítulos tres e catro son eminentemente descritivos e afectan ao que sería a resolución adoptada en 1980 polo Consello de Europa e o da Declaración de principios de Basilea de 1988. Son, digamos, capítulos de transición cara ao que xa será unha das claves de arco do traballo e que é a Convención de Nacións Unidas de 1988.

Ocupa a dita convención o capítulo V. É, sen ningunha dúbida, o primeiro instrumento que establece a obriga de introducir nos dereitos internos a tipificación penal de accións relativas ao branqueo. Polo tanto, o maior esforzo do autor céntrase precisamente na análise do que sería o tipo internacional de branqueo. O profesor Abel subliña a tremenda escuridade e indeterminación coa que a maioría das condutas tipificables aparecen aquí relacionadas. Establece, como principal característica a destacar desta norma, que, grazas a esta, as posteriores lexislacións nacionais se viron tremendamente influenciadas e seguiron en numerosas ocasións como faro de guía ao longo do sempre complicado exercicio de legislar en materia penal practicamente *ex novo*. Critica, tamén, as interpretacións que non lle parecen axustadas ao disposto na convención.

O seguinte capítulo do libro céntrase nas recomendacións do Grupo de Acción Financeira. Son sobre corenta recomendacións as do informe de 1990 (das cales evidentemente só nos interesan as relacionadas co ámbito penal). Ten como principal feito sobresaínte a petición reiterada de que os países inclúan como tipo delituoso o branqueo de diñeiro que describe e desenvolve a convención tratada no capítulo anterior. Pero a pesar da incorporación que fan numerosos países non o podemos entender como un éxito total (a pesar de que moitos destes países non pertencen ao grupo) xa que, na inmensa maioría destes casos, atopámonos ante unha incorrecta aplicación que fan certos países da normativa adoptada. Ademais, outro defecto desta suposta transcripción ao dereito interno dos países é as lagoas e baleiros que son máis que evidentes. Como aspecto máis destacable e positivo subliñamos a extensión do tipo xa non só ao que serían delitos de drogas, senón que aplicándollo tamén aos demais delitos graves. Cualifica a este Grupo de Acción Financeira como o órgano internacional máis autorizado para a formación de políticas contra o branqueo; así como o creador dunha política uniforme converténdose nunha ferramenta inxeniosa. Con todo, establécense importantes zonas xeográficas dignas de ulterior esforzo e guía, pois, a protección mundial do branqueo parece máis á pel dun leopardo con manchas de boa normativa e aplicación e espazos de impunidade.

O penúltimo capítulo céntrase no Convenio de Estrasburgo que é consecuencia das necesidades formuladas insistentemente no Consello de Europa e que agora, en 1990, se fan efectivas. Son aspectos indiscutiblemente positivos deste convenio a súa maior precisión fronte á convención de Viena de

1988; a súa máis adecuada especificación do modelo mínimo obrigatorio que fixa para as partes e, tamén, o máis amplo alcance dos seus efectos. Tamén se menciona a tardanza excesiva que supuxo a súa entrada en vigor polos evidentes retrasos que implicaron as ratificacións dos diferentes países. Caso especialmente sangrante é o español que tardou case oito anos e tivo que agardar ao cambio de goberno de 1997 para acelerar realmente a dita ratificación. O convenio conseguira xa as suficientes ratificacións en 1993. O autor céntrase intensivamente nunha análise da estrutura do convenio deténdose especialmente nos trazos chave concernentes aos feitos previos (constituídos por todo delito que xere un proveito económico), ao branqueo de bens substitutivos e aos comportamentos típicos. E, tamén, provoca importantes problemas que o dito convenio lle permita ás partes escoller, a través da correspondente reserva, os delitos base. Deste xeito, véñense permitindo solucións diferentes segundo cada país contradicindo así, evidentemente, o espírito uniformizador do convenio para conseguir unha eficaz cooperación internacional neste terreo, que unicamente se pode conseguir a través desa uniformización entre os ordenamentos internos e locais.

Outros aspectos que recolle son os relativos á admisión da proba indiciaria e a incriminación do branqueo cando o descoñecemento da orixe delituosa do ben sexa debido a negligencia.

O último capítulo da monografía dedícallo o autor ao exame da Directiva das comunidades europeas do 10 de xuño de 1991, onde o carácter administrativo sobresa fronte ao carácter penal. É bastante intensa a crítica e as reflexións que provocan a ausencia no espazo comunitario dun auténtico *ius puniendi* comunitario; con multitude de perspectivas e solucións para o futuro máis inmediato así como o pór de relevo a sentida necesidade dunha directiva tendente a potenciar a loita contra o branqueo baseada na coordinación continua e na harmonización das normas nacionais de desenvolvemento. O artigo 2 da directiva límitase tan só a sinalar que o branqueo está prohibido (a modo de recordatorio do deber de incriminalo). Esta case esixencia tan ambigua serviu, con todo, para que todos os países da hoxe Unión Europea tipificasen o branqueo. Este capítulo non deixa á marxe interesantes aspectos como poden ser o obxecto material do delito, as condutas de branqueo, a proba indiciaria, o branqueo imprudente ou o alcance extraterritorial da definición do branqueo. Esta directiva supuxo a posibilidade de pórle fin ao tremendo problema da lagoa comunitaria neste aspecto. Significou, tamén, un importante impulso no que sería a posterior modificación da lexislación administrativa contra o branqueo en todos os países da Unión.

Para rematar esta recensión sería convinte resaltar novamente aspectos tan subliñables como a profunda análise bibliográfica da obra, ou, o que é o mesmo, a súa exhaustiva documentación que é, sen ningunha dúbida, tributaria dun espeso fondo e preparación do seu autor. Ademais a súa fresca narrativa permite avanzar ao longo da obra sen maiores complicacións, producindo un perfecto

contrapeso entre o que sería esa forte documentación e esa dicción levadeira e agradecida. Quizais o único defecto para un lector non do todo preparado sexa precisamente esa abafadora bibliografía e referencias continuas, que, con todo, son á súa vez as que dotan a monografía do rigor sempre esixible.

**Borja Verea Fraiz**

*Bolseiro da EGAP*





## NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de ser o caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ao pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ao pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ao final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situarase ao final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### **Libros:**

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### **Artigos:**

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para todos os efectos.
15. Os autores comprométese a corrixir as probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

**Revista Galega de Administración Pública**

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4  
15707 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,  
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



XACOBEO 2004  
Galicia

